

Informe de seguimento 2013



XUNTA DE GALICIA

Informe de seguimiento 2013

Plan de acción integral para as
persoas con discapacidade de
Galicia 2010-2013

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar

Secretaría Xeral de Política Social

2014

Edición:

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar. Secretaría Xeral de Política Social

Elabora e coordina:

Rosa B. Torrado Carreño



ÍNDICE

1.	Introdución	6
2.	Descrición do proceso de seguimento do plan en 2013	8
	Reunións das estruturas de seguimento	8
	Proceso de recollida de información para o seguimento 2013	9
3.	Programación de actuacións 2013.....	12
4.	Resultados 2013	14
	Área 1. Protección dos dereitos	16
	Área 2. Igualdade de xénero e transversalidade	22
	Área 3. Accesibilidade	37
	Área 4. Promoción da autonomía persoal	51
	Área 5. Educación	66
	Área 6. Formación e emprego	77
	Área 7. Recursos no ámbito dos servizos sociais	95
	Área 8. Saúde e atención sociosanitaria	103
	Área 9. Atención temperá	109
	Área 10. Cultura, deporte e tempo de lecer.....	118
5.	Resumo estatístico.....	132
	Grao de actividade por área	132
	Persoas beneficiarias. Distribución por sexo.....	136
6.	Anexos	138
	Anexo I. Relación de persoas de contacto por departamento/organismo responsable para o seguimento 2013 do plan.....	138
	Anexo II. Datas de recepción de formularios de seguimento 2013 por departamento/organismo responsable.....	141
	Anexo III. Resumo da execución de actuacións 2013.....	143

1. INTRODUCCIÓN

Este documento recolle os datos relativos ás actuacións executadas durante o exercicio 2013 no marco do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, a partir dos indicadores de seguimento definidos para cada actuación deste plan.

As estratexias de seguimento e de avaliación de plans de acción constitúen unha peza fundamental no deseño e na planificación de políticas sociais, xa que actúan como instrumentos que reforzan o seu desenvolvemento e que facilitan a toma de decisións. A súa previsión e definición convértese nunha tarefa primordial en todo proceso de elaboración de plans de intervención no ámbito social. Neste sentido, o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 prevé un sistema de seguimento e de avaliación que se describe no seu capítulo IV (versión dispoñible na web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade>).

O plan configurouse como un marco de actuación do Goberno galego para conseguir que as galegas e os galegos con discapacidade gocen dunha cidadanía plena e que participen activamente na vida comunitaria. Un dos elementos que o definen é o seu carácter transversal e integral. Participan no seu desenvolvemento todas as consellerías da Xunta de Galicia e as secretarías xerais da Presidencia, xunto co movemento asociativo do sector.

Foi este o primeiro plan de acción integral do Goberno galego en materia de discapacidade e con el preténdese garantir unha intervención eficiente, eficaz e coordinada para conseguir unha mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias que acentúe a súa inclusión e a súa plena participación social. Consegir unha sociedade accesible, na que todo o mundo participe, responde ao interese do conxunto da poboación.

Fundamentado nos dereitos humanos, o plan deseñouse coa colaboración dos principais axentes involucrados, dende os diferentes colectivos profesionais que traballan no ámbito da discapacidade, ata as entidades sociais e representantes das corporacións locais, ademais dos diferentes departamentos da Administración autonómica. Esta peculiaridade do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 fai aínda máis necesaria unha especial dedicación ao labor de seguimento e de avaliación. O elevado número de organismos implicados e as numerosas actuacións do plan (un total de 305) xustifican sobradamente a necesidade dunha metodoloxía que permita unha recollida rigorosa e coordinada da información relativa á execución do plan para realizar un seguimento de xeito continuado e permanente durante todo o seu período de vixencia e unha posterior avaliación final.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Social, asume estas tarefas e responsabilízase das funcións de impulso e seguimento, en colaboración co resto dos departamentos responsables en cada unha das áreas de actuación e co apoio dunha asistencia técnica especializada en consultoría da área social e de planificación e xénero.

Os informes de seguimento con carácter anual forman parte do procedemento de seguimento. A súa elaboración depende da recollida de información facilitada polos organismos implicados nas actuacións programadas para a anualidade de referencia. Por iso, a súa elaboración só pode ter lugar unha vez



finalizada a anualidade e o proceso de recollida da información a través das canles establecidas cos organismos implicados nas actuacións programadas.

Nestas páxinas preséntase o informe de seguimento correspondente ao exercicio 2013 e séguese a mesma estrutura adoptada nos informes precedentes (2010, 2011 e 2012), segundo o acordado tanto polo Grupo coordinador de seguimento e avaliación do plan como pola Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013. Polo tanto, presenta unha estrutura en capítulos segundo se relata a continuación:

- ✿ No primeiro capítulo, descríbense os traballos realizados como parte do proceso de seguimento propiamente dito e que garda relación directa coas funcións asignadas ás estruturas creadas con motivo do seguimento e da avaliación do plan de discapacidade (Grupo coordinador de seguimento e avaliación etc.). Esta parte do proceso implica un intenso traballo que esixe un importante e continuado esforzo por parte do departamento impulsor do plan.
- ✿ Deseguido, preséntase un resumo estatístico das actuacións do plan por áreas e a súa programación para 2013 (capítulo 3), que actúa como epígrafe introdutoria do capítulo par deste informe: “Resultados 2013”, das actuacións programadas.
- ✿ No capítulo 4, dáse conta do alcance da actividade do plan durante o exercicio 2013, así como dos resultados acadados a partir dos indicadores de realización e/ou dos resultados definidos para cada actuación. A información distribúese en varias epígrafes, tantas como áreas de intervención integran o plan de acción, e seguen a mesma estrutura e orde deste para facilitar a súa lectura e comprensión. O contido de cada área adáptase ás actuacións que a integran e que estaban programadas para esta anualidade, ademais doutras posibles de nova incorporación, ben en 2012 (e que permanecen en 2013), ou ben incorporadas en 2013. A información reflectida é a facilitada polos organismos responsables a través dos formularios especificamente elaborados para o proceso de seguimento, remitidos coa antelación suficiente para o rexistro de datos.
- ✿ No seguinte capítulo preséntase, a modo de resumo, o grao de actividade/execución por área de intervención, o que permite realizar unha análise comparativa entre áreas.

Por último, o informe recolle unha epígrafe de anexos que complementan o seu contido e que ofrecen datos de interese, sobre todo en relación coa resposta/actividade de cada departamento administrativo implicado na execución deste plan de acción.

2. DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE SEGUIMENTO DO PLAN EN 2013

REUNIÓN DAS ESTRUTURAS DE SEGUIMENTO

Como xa se comentou en informes anuais anteriores, en resposta ás directrices que marca este plan de acción, no seu capítulo IV, de seguimento e avaliación, ao inicio do período de execución do plan procedeuse á constitución do Grupo coordinador de seguimento e de avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 (creado o 25 de xaneiro de 2011) e da Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, creada polo Decreto 122/2011, do 16 de xuño.

Así, pois, a continuación infórmase das reunións que ambas as dúas estruturas mantiveron durante o exercicio 2013.

O 24 de maio de 2013 tivo lugar a oitava xuntanza do grupo coordinador coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da 7.^a xuntanza do Grupo Coordinador de Seguimento e Avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.
2. Revisión do informe de seguimento 2012.
3. Planificación do proceso que vai seguir a Comisión para o Seguimento e Avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.
4. Rolda de intervencións.

Contou coa asistencia de todas as persoas integrantes e nela comunicouse o cambio dalgúns dos cargos con representación no dito grupo.

O Grupo Coordinador reuniuse novamente, na súa novena convocatoria, o 23 de outubro de 2013. Nesta ocasión, a orde do día foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da 8.^a xuntanza do Grupo Coordinador de Seguimento e Avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.
2. Proceso seguido tras a última xuntanza do Grupo Coordinador e previsión no último trimestre de vixencia do plan.
3. Propostas e suxestións por parte do grupo para ter en conta tanto nos últimos meses de vixencia como no proceso de avaliación final do plan.
4. Rolda de intervencións.

Elaborouse un resumo de contidos de cada xuntanza que se lles remitiu a todas as persoas asistentes e procedeuse segundo os acordos adoptados.

Pola súa parte, a reunión en sesión ordinaria da Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, correspondente a 2013,



celebrouse o día 30 de xullo de 2013, na sala Colmeiro da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) segundo a seguinte orde do día:

1. Aprobación do informe de seguimento do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010- 2013, correspondente á anualidade 2012.
2. Presentación do calendario de seguimento 2013.
3. Rolda de intervencións.

Xunto coa convocatoria, remitiúselles ás persoas integrantes da citada comisión (previstas no artigo 2 do Decreto 122/2011, do 16 de xuño), o borrador do informe de seguimento do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010- 2013, correspondente á anualidade 2012, que se aprobou na dita reunión, como primeiro punto da orde do día.

En relación coa tramitación/validación do informe de seguimento 2012, procedeuse segundo se describe a continuación:

- O 22 de maio de 2013 remitiuse ao Grupo Coordinador de Seguimento e Avaliación do plan o primeiro borrador do informe para someter á súa consideración, segundo a orde do día da súa oitava xuntanza, que tivo lugar, como xa se sinalou, o 24 de maio de 2013.
- A partir deste borrador, aprobado polo Grupo Coordinador e tras completar algúns datos pendentes, elaborouse un segundo borrador que se lles remitiu, o 27 de maio de 2013, a todos os departamentos/organismos implicados no plan, co obxectivo de contar coa conformidade de cada departamento, polo menos na parte (área e actuacións) que lles compete máis directamente. Deste xeito, deberían remitir observacións ou posibles modificacións, e mesmo tamén completar datos no caso daqueles departamentos que non remitiron o formulario de seguimento.
- O prazo para a remisión de posibles observacións/alegacións/correccións fixouse o 29 de maio. Unha vez rematado o dito prazo efectuáronse as modificacións correspondentes, das que resultou unha nova versión do informe que se presentou e aprobou na Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia na súa terceira convocatoria, realizada o 30 de xullo de 2013. Remitiuse con anterioridade á data sinalada xunto coa convocatoria, o día 22 de xullo.
- O documento aprobado someteuse ás revisións lingüísticas e de formato pertinentes segundo as normas de publicación da Xunta de Galicia, e publicouse finalmente na web oficial da Consellería de Traballo e Benestar.

PROCESO DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN PARA O SEGUIMENTO 2013

A continuación descríbense, de forma resumida e cronoloxicamente, os pasos que se deron ata acadar a información necesaria para elaborar este documento de resultados 2013.

- O 13 e o 16 de setembro de 2013 remitíronse os formularios de seguimento 2013 a cada organismo implicado, unha vez revisados e actualizados segundo a programación 2013 e os resultados 2012. O envío de formularios nestas datas realizouse cunha dobre finalidade:

- Por un lado, recordar as actuacións que cada departamento tiña programadas para 2013 co propósito de conseguir o máximo nivel de execución neste exercicio, o último de vixencia do plan, sobre todo no caso das actuacións aínda pendentes de realización.
- Por outro lado, facelo coa antelación suficiente para que cada departamento coñecese, ademais das actuacións que lle correspondían, os indicadores que debería utilizar para facilitar os datos de execución relativos á anualidade 2013. Deste xeito, pretendíase que cada departamento implicado no plan respondese debidamente e de forma completa á petición de datos, xa que podería desenvolver/adaptar con tempo (se fose preciso) os sistemas de rexistro oportunos.

Precisamente en 2012 introduciuse nos formularios un novo campo/epígrafe, co título de “Actuacións non recollidas no plan e/ou que non se adaptan á estrutura de recollida de información”. O seu obxectivo era recoller todas as actuacións realizadas polos distintos departamentos que lles afectasen, directa ou indirectamente, ás persoas con discapacidade e que non estivesen recollidas no plan e/ou cuxa información resultase de difícil inclusión no formato do formulario. En definitiva, ter constancia de toda a actividade realizada na anualidade de referencia en materia de discapacidade, aínda cando non estivese prevista no plan. Por este motivo, nos formularios de seguimento 2013 incluíronse tamén as actuacións de nova incorporación en 2012 co fin de coñecer se estas tiveran ou non continuidade en 2013 e, no primeiro caso, con que resultados.

- O 2 de xaneiro de 2014, con motivo da finalización da anualidade, enviouse unha nova comunicación a todos os departamentos recordando a recollida de información 2013 (en alusión ao envío sinalado no punto anterior), e fixouse o 24 de xaneiro como prazo para a remisión dos formularios 2013.
- Con data 22 de xaneiro enviúselles un recordatorio aos departamentos que non remitiran a información correspondente e ampliouse o prazo ata o 31 de xaneiro.
- De forma progresiva, revisáronse os formularios recibidos e rexistráronse os datos achegados a través destes, como paso previo á análise da información por áreas de intervención e á presentación dos resultados neste informe de seguimento. Nesa fase, salvo algunhas excepcións, non se remitiron requirimentos e/ou consultas para aclarar dúbidas sobre a información facilitada e/ou nos casos en que o formulario de comunicación de datos estaba incompleto ou non informado debidamente, por considerar que, xa no último ano de vixencia do plan, é responsabilidade de cada departamento comunicar debidamente a información.

As comunicacións cos departamentos participantes estableceuse, como en anualidades anteriores, **a través da conta de correo web creada** para o intercambio de información relativa ao seguimento do plan: plangalegodiscapacidade.benestar@xunta.es. A través desta conta, remitíronse un total de 38 formularios para o seguimento 2013 a outros tantos departamentos administrativos, incluído Cermi Galicia (entidade representante do movemento asociativo no ámbito da discapacidade, primeiro na elaboración do plan e agora no seguimento deste). A través deste medio, tamén tivo lugar a comunicación do Grupo Coordinador de Seguimento e Avaliación do plan cos organismos participantes. Os contidos desta comunicación son de moi diversa natureza: petición/achega de datos, consulta/resolución de dúbidas, notas informativas sobre actuacións e indicadores, recordatorios de tarefas etc.

Unha vez estivo dispoñible o primeiro borrador do informe 2013, este foi o proceso seguido:



- O 28 de abril de 2014 remitíuselle ao Grupo Coordinador de Seguimento e Avaliación do plan para sometelo á súa consulta/validación, segundo a orde do día da súa décima xuntanza, que se realizou o 7 de maio de 2013.
- A partir deste borrador, aprobado polo Grupo Coordinador e tras completar algúns datos pendentes, elaborouse un segundo borrador que se remitiu, con data 8 de maio, a todos os departamentos/organismos implicados, co obxectivo de contar coa súa validación e/ou coas achegas correspondentes, de ser o caso. Deste xeito, deberían remitir observacións ou posibles modificacións e completar datos aqueles departamentos que non remitiran o formulario de seguimento con anterioridade.
- O prazo para a remisión de posibles observacións/alegacións/correccións fixouse ata o 14 de maio. Rematado o dito prazo aplicáronse as modificacións pertinentes, así como novos datos facilitados (mesmo dalgún departamento que non remitira o seu formulario previamente), resultando unha nova versión que se presenta neste documento e que se **someteu á aprobación da Comisión para o Seguimento e Avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia na súa cuarta convocatoria, do 16 de xuño de 2014.**

Nos anexos inclúese unha táboa na que se dá conta das datas de petición e de recepción da información 2013 por departamentos. Trátase dun cadro resumo de carácter informativo sobre as datas nas que o grupo coordinador recibiu os formularios de datos. Dun total de 38 departamentos/entidades consultadas, a través dos seus respectivos formularios de seguimento, 36 informaron sobre a súa actividade 2013 en materia de discapacidade, o que supón un nivel de resposta do 94,7%.

3. PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓN S 2013

Coa finalidade de contar cunha visión global en termos estatísticos da programación 2013 do plan móstrase a táboa 1, na que se recolle o número de obxectivos específicos e de actuacións por cada área de intervención do plan de acción, e sinálase na última columna o número de actuacións programadas para 2013, así como o seu peso porcentual sobre o total do período 2010-2013.

Os datos extráense do documento público do Plan acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, dispoñible na web institucional da Consellería de Traballo e Benestar.

Táboa 1. ÁREAS DE INTERVENCIÓN: NÚMERO DE OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, NÚMERO TOTAL DE ACTUACIÓN S, NÚMERO DE ACTUACIÓN S PROGRAMADAS EN 2013 E PESO PORCENTUAL


ÁREA	N.º obxectivos específicos	N.º total de actuacións (versión inicial plan)	N.º total de actuacións (versión 2011)	Actuacións programadas 2013	
				N.º	%*
1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS	3	18	18	7	38,9%
2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE	4	28	28	13	46,4%
3 ACCESIBILIDADE	4	50	51	33	64,7%
4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	4	34	34	29	85,3%
5 EDUCACIÓN	6	28	28	21	75,0%
6 FORMACIÓN E EMPREGO	5	47	47	33	70,2%
7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	3	30	30	15	50,0%
8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	3	19	22	12	54,5%
9 ATENCIÓN TEMPERÁ	3	16	16	7	43,8%
10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	3	31	31	22	71,0%
TOTAL	38	301	305	192	63,0%

*Peso porcentual sobre o número total de actuacións do período de vixencia do plan 2010-2013.

Os gráficos que seguen a continuación representan o peso porcentual das actuacións 2013 sobre o total do período de vixencia do plan, que varía entre áreas, dende un 38,9 % na área 1 –“Protección dos dereitos”–, ata o 85,3% na área 4 –“Promoción da autonomía persoal”–. Se se considera o plan no seu conxunto, en 2013 estaba programada actividade no 63 % das actuacións.




Gráfico 1 A. PORCENTAXE DE ACTUACIÓNS PROGRAMADAS EN CADA ÁREA PARA O EXERCICIO 2013 SOBRE O TOTAL DO PERÍODO 2010-2013



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 1 B. PORCENTAXE DE ACTUACIÓNS PROGRAMADAS EN CADA ÁREA PARA O EXERCICIO 2013 SOBRE O TOTAL DO PERÍODO 2010-2013. DISTRIBUCIÓN POR ORDE DECRECENTE DO SEU VALOR PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia.




4. RESULTADOS 2013

Este capítulo constitúe a parte central do informe porque nel se recollen os resultados das actuacións do plan desenvolvidas durante o exercicio 2013.

Ao igual que nos informes anuais de seguimento precedentes, **a análise de datos realízase por área de intervención e non por departamento administrativo**. É dicir, aínda que o proceso de recollida de información se programou por departamento/entidade, a análise de resultados establécese a partir da área de intervención como elemento estrutural de referencia. Non obstante, para coñecer o nivel de participación/execución por departamento, pódese consultar o anexo 3.

Este capítulo de resultados 2013 divídese en dez apartados ou subcapítulos, tantos como áreas de intervención ten o plan de acción, e mais un último apartado a modo de resumo estatístico dos datos do plan, sobre todo en termos de número de actuacións programadas e executadas e de niveis de execución.

Cada apartado ou **subcapítulo** presenta a seguinte estrutura:

-  Unha **introdución** na que se recorda o obxectivo xeral e os obxectivos específicos de área e na que se sinala o número de actuacións programadas para a anualidade 2013 nesta área, e sinálase o nome dos departamentos responsables da súa execución. Tamén se informa das posibles actuacións non programadas neste exercicio, pero que se incorporaron a esta anualidade, pola non execución na anterior ou pola continuidade da actividade. Entre estas actuacións non programadas pero que se retoman en 2013 tamén pode haber algunhas das que se incluíron no informe de seguimento anterior como de “nova incorporación”: actuacións relacionadas coa discapacidade non previstas no plan, pero que se levaron a cabo por parte dalgún dos departamentos.
-  A seguir, inclúese un **cadro de todas as actuacións programadas** neste exercicio, distribuídas por obxectivo específico, no que se describen os **resultados** acadados para cada unha delas. Para iso tómase **como referencia os indicadores de realización e/ou de resultados que recolle o plan e a información/datos que para cada indicador achegaron os organismos ou entidades responsables**. Nalgúns casos, engádese outra información de interese ou explicacións que axudan a entender a actividade realizada (a partir dos datos facilitados ao Grupo Coordinador de Seguimento e Avaliación por cada organismo/entidade), sobre todo no caso das actuacións competencia da Secretaría Xeral de Política Social, o departamento impulsor e coordinador do plan. Este cadro constitúe a parte fundamental de cada subcapítulo.
-  Despois de cada cadro, **resúmese o nivel de actividade de área**. Para o cálculo deste nivel tómase como criterio de medida a porcentaxe de actuacións con actividade en 2013 (total ou parcialmente) respecto do total de medidas previstas para ese exercicio. Nas áreas nas que se incorporen novas actuacións ou se “arrastren” actuacións de anualidades anteriores por non execución e non previstas en 2013 sinálase un segundo dato de nivel de execución. Os datos no primeiro caso son os que dan lugar ao “balance programado” e os do segundo caso permiten un “balance global”. Para o primeiro, exclúiranse do cómputo total as actuacións que tras a recollida



de información quedasen baleiras por non recibir absolutamente ningunha información ou resposta do/s departamento/s responsable/s.

🌸 Por último, o **punto 4.11 sintetiza os niveis de actividade** acadados a través de datos estatísticos: números absolutos e porcentaxes.

Moi importante:

Nota 1: neste informe 2013, e para o nomeamento dos departamentos da Xunta de Galicia implicados, **respéctase o nome das consellerías e dos departamentos vixente en 2013** tras as reestruturacións da estrutura orgánica da Xunta de Galicia que se realizaron a principios da dita anualidade. Isto implica que o nome do departamento responsable dunha determinada actuación pode diferir do que aparece no documento público do plan (web institucional da Consellería de Traballo e Benestar).

Nota 2: as actuacións programadas para 2013 e **sen resposta do departamento responsable exclúense do cómputo de actuacións de área e dos niveis do execución, tanto nos cadros de texto resumo como nos gráficos de final de área.**

Código de cores utilizados nas táboas de resultados

Actuación programada para 2011 e/ou 2012 e incorporada ao seguimento 2013 por non execución (agás algún caso que é por continuidade noutra anualidade máis).

Actuación non executada/sen actividade en 2013.

Actuación sen datos por non obter resposta do departamento responsable (ben por non remitir o formulario ou ben por non cubrir datos nesa actuación concreta).

ÁREA 1. PROTECCIÓN DOS DEREITOS

A área 1 de intervención do plan, “Protección dos dereitos”, ten como obxectivo garantir e promover os dereitos das persoas con discapacidade.



Está conformada por un total de **18 medidas** para lles dar consecución aos tres obxectivos específicos definidos para acadar ese obxectivo xeral de área:



1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e a protección xurídica.

2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada

protección xurídica.

3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

Do total das medidas de área, **sete** tiñan prevista actividade para o **exercicio 2013**.

Os **departamentos responsables** das accións programadas son os seguintes: 1) Secretaría Xeral de Política Social; 2) Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, FUNGA; 3) Dirección Xeral de Familia e Inclusión; 4) Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar; 5) Secretaría Xeral de Medios; 6) Dirección Xeral de Xustiza; 7) Universidades; 8) Compañía de Radiotelevisión de Galicia - CRTVG; 9) Cermi Galicia.

Na seguinte táboa, recóllense os resultados destas actuacións a partir dos indicadores de realización e/ou de resultados que o plan recolle para as medidas programadas, distribuídas nos tres obxectivos específicos de área.





ÁREA 1. PROTECCIÓN DOS DEREITOS

Obxectivo específico 1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e a protección xurídica.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>1.1.4. Promover a realización de accións informativas (mediante charlas ou semellantes) sobre os dereitos e os deberes das persoas incapacitadas xudicialmente, das súas persoas titoras e do resto de familiares, así como dos e das profesionais para evitar conflitos derivados do descoñecemento nesta materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas- FUNGA 	<p>N.º de accións informativas previstas: 6</p> <p>N.º de accións informativas realizadas: 10</p> <p>Nome e descrición das accións informativas realizadas e lugar/entidade de realización:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. <u>Charla técnica sobre o procedemento de modificación da capacidade de obrar, o exercicio dos cargos protectores e a FUNGA:</u> Lugar e data: centro residencial Geriatros de Cangas, o día 28 de maio, a solicitude do citado centro. Dirixida a: profesionais do eido social e de centros residenciais. Contidos: abordaxe, dende o punto de vista técnico e práctico, o proceso de modificación da capacidade de obrar, o exercicio das funcións tutelares e a explicación do funcionamento da FUNGA e das súas particularidades na intervención no proceso de modificación da capacidade e exercicio das funcións tutelares. 2. <u>Participación no curso "O Procedemento Xudicial de Modificación da Capacidade da Persoa e as Entidades Tutelares de Persoas Adultas en Galicia":</u> organizado polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. Lugar e data: impartíuse en 6 das principais cidades galegas (Santiago o 25 de abril, Vigo o 9 de maio, Ourense o 23 de maio, Lugo o 30 de maio, Ferrol o 5 de xuño e A Coruña o 19 de xuño) cunha duración de cinco días en cada cidade. Dirixida a: profesionais do eido do traballo social. Contidos: a participación da FUNGA ocupou dous dos cinco días e os temas tratados foron: "A FUNGA-Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas" e "Competencias dos xulgados e competencias das entidades tutelares". Abordouse de forma pormenorizada todo o relacionado co procedemento de modificación da capacidade, o exercicio dos cargos e a FUNGA. O número total de intervencións executadas pola FUNGA e vinculadas a este curso foi de 12. 3. <u>Charla sobre o procedemento de modificación da capacidade de obrar, o exercicio dos cargos protectores e a FUNGA:</u> Lugar e data: centro de día de Begonte, o día 14 de novembro, a solicitude do citado centro. Dirixida a: profesionais do eido social e de centros residenciais, así como a familiares das persoas usuarias e

<p>Continuación...</p> <p>1.1.4. Promover a realización de accións informativas (mediante charlas ou semellantes) sobre os dereitos e os deberes das persoas incapacitadas xudicialmente, das súas persoas titoras e do resto de familiares, así como dos e das profesionais para evitar conflitos derivados do descoñecemento nesta materia.</p> <ul style="list-style-type: none">✿ Secretaría Xeral de Política Social✿ Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas- FUNGA	<p>público en xeral.</p> <p>Contidos: proceso de modificación da capacidade de obrar, o exercicio das funcións tutelares e a explicación do funcionamento da FUNGA e das súas particularidades na intervención no proceso de modificación da capacidade e exercicio das funcións tutelares.</p> <p>4. <u>Participación nas "XI Xornadas Profesionais: o Alzheimer un problema de todos/as"</u> organizada por AFAGA ("Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer y otras Demencias de Galicia").</p> <p>Lugar e data: Vigo, os días 22 e 23 de novembro.</p> <p>Dirixida a: a intervención da FUNGA, o día 23, co título "Protección do enfermo de alzheimer dende o ámbito legal" ía dirixida a profesionais do eido social e sanitario, así como a familiares das persoas usuarias e público en xeral.</p> <p>Contidos: abordar as formas legais de protección das persoas afectadas pola enfermidade de alzheimer, o proceso de modificación da capacidade de obrar, o exercicio das funcións tutelares e a explicación das funcións da FUNGA, do seu funcionamento e das súas particularidades.</p> <p>5. Participación no curso "Enfermidade de Alzheimer: abordaxe multidisciplinar para cuidadores/as", organizado por AGADEA ("Asociación Galega para Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer").</p> <p>Lugar e data: Noia, os días 09 a 13 de decembro. A intervención da FUNGA, o día 12, co título "Cuestións legais para ter en conta diante da demencia",</p> <p>Dirixida a: profesionais do eido social e sanitario, así como a persoas cuidadoras e familiares das persoas usuarias e público en xeral.</p> <p>Contidos: abordar as formas legais de protección das persoas afectadas pola enfermidade do alzheimer, o proceso de modificación da capacidade de obrar, o exercicio das funcións tutelares e a explicación das funcións da FUNGA, do seu funcionamento e das súas particularidades.</p> <p>N.º total de persoas participantes: 313</p> <p>Mulleres: 289</p> <p>Homes: 24</p> <p>Porcentaxe de persoas titoras sobre o total de asistentes: 8</p> <p>Orzamento destinado: sen custos directos</p>
<p>1.1.5. Darlle continuidade ao programa de adopcións especiais, dirixido especificamente a asesorar, formar e acompañar as familias adoptantes de nenos ou nenas con especiais dificultades, entre elas as derivadas dunha discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none">✿ Dirección Xeral de Familia e Inclusión	<p>N.º de adopcións especiais realizadas: 5</p> <p>Orzamento destinado: 52.194,00 €</p>



<p>1.1.7. Promover accións formativas en materia de discapacidade en distintas disciplinas universitarias vinculadas ao ámbito xurídico, así como proxectos de fin de grao para poder dispor nun futuro de profesionais con formación e sensibilización neste ámbito.</p> <p>✿ Universidades</p>	<p>UDC: 2 proxectos de fin de grao.</p> <p>USC: non existe un procedemento que permita coñecer de maneira sistemática estes indicadores.</p> <p>UVIGO: a normativa de plans de estudo é pechada e non permite inxerencia dende o exterior.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>Obxectivo específico 2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>1.2.2. Prestarles o apoio necesario para garantir unha información accesible (braille, intérprete de linguaxe de signos e outros sistemas alternativos da comunicación) ás persoas con discapacidade nos procedementos xudiciais nos que sexan parte procesual.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Xustiza</p>	<p>N.º total de intervencións de apoio realizadas: 60 Corresponden na súa totalidade coa interpretación de lingua de signos en procedementos xudiciais.</p> <p>N.º de persoas ás que se lles prestou apoio mediante procedementos accesibles específicos: 75 Mulleres: 26 Homes: 49</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 13.635,00 €</p>
<p>Obxectivo específico 3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>1.3.1. Promover a inspección das fundacións tutelares privadas e os centros de atención dependentes destas.</p> <p>✿ SXT, da Consellería de Traballo e Benestar</p>	<p>N.º de inspeccións efectuadas: 5</p> <p>Porcentaxe de fundacións tutelares privadas inspeccionadas sobre o total de fundacións tutelares privadas: 0.24%</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>1.3.6. Deseñar e executar accións de sensibilización social sobre as persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero e reforzando a súa imaxe positiva, libre de estereotipos, e a súa contribución á sociedade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Medios (coa colaboración, se procede, da Secretaría Xeral de Política Social e da Secretaría Xeral da Igualdade)</p>	<p>S. X. de MEDIOS:</p> <p>N.º total de accións de sensibilización executadas: - N.º de campañas/anuncio: 1</p> <p>Nome e descrición das accións de sensibilización executadas:</p> <p>Nome da campaña: "GALICIA está capacitada":</p> <p>O día 3 de decembro, con motivo do Día internacional das persoas con discapacidade, levouse a cabo unha campaña institucional sobre a discapacidade que se desenvolveu a través dos medios de comunicación de prensa escrita, radio e internet. Os distintos soportes da campaña foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Prensa escrita: <i>La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Progreso, Diario de Pontevedra, La Región + Atlántico, El Correo Gallego, Marca, El País, De Luns a Venres, La Opinión A Coruña, El Ideal Gallego, Diario de Ferrol, Diario de Arousa, ABC.</i> - Emisoras de radio nos distintos ámbitos de Galicia:

<p>Continuación...</p> <p>1.3.6. Deseñar e executar accións de sensibilización social sobre as persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero e reforzando a súa imaxe positiva, libre de estereotipos, e a súa contribución á sociedade.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Medios (coa colaboración, se procede, da Secretaría Xeral de Política Social e da Secretaría Xeral da Igualdade)</p>	<p>Cadena SER, Cadena 40, Cadena Dial, M80, Radio Galega, Onda Cero, Cope, Cadena 100, Europa FM, Kiss FM e Radio Voz.</p> <p>- Internet: Lavozdeg Galicia.es, Farodevigo.es, Galiciaé (<i>El Progreso, Diario Pontevedra e LV</i>), Laregion.net, elcorreogallego.es, Red Prisa (<i>El País, Cinco Días e As</i>), Laopinioncoruna.es.</p> <p>Esta campaña estivo activa do 1 ao 3 de decembro, na portada, na web, e no portal dixital en distintos medios de comunicación.</p> <p>A S. X. de Medios carece de datos estatísticos en canto á repercusión desta campaña en homes, mulleres e persoas con discapacidade.</p> <p><u>Incorporación de cláusulas¹, nos convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e distintos medios de comunicación galegos</u> (Voz de Galicia S.A, El Correo Gallego, Canal Voz S.L., Grupo La Voz de Galicia, El progreso, La Región...), en relación coa protección da infancia e das mulleres, igualdade de xénero e a plena integración das persoas con discapacidade.</p> <p>S. X. de Política Social:</p> <p>N.º total de accións de sensibilización executadas:</p> <ul style="list-style-type: none">- N.º de campañas/anuncio: con motivo do Día Internacional da Discapacidade publicáronse anuncios en prensa. Media páxina a cor en: <i>La Voz de Galicia, Faro, Opinión, Progreso, Diario Pontevedra, Ed. La Capital, La Región, El Correo Gallego.</i>- N.º de programas en radio: con motivo do Día da Discapacidade emitíronse cuñas nas principais radios de Galicia: Ser, Onda Cero, Radio Galega e Cope Galicia.- N.º de xornadas e congresos: 10 <p>N.º de persoas con discapacidade participantes: Mulleres: sen dato Homes: sen dato</p> <p>Orzamento destinado: S. X. de Medios: 60.000,00 € (campaña 3 de decembro)</p>
<p>1.3.8. Incluír programas nos diferentes medios audiovisuais que promovan actitudes e condutas positivas cara ás persoas con discapacidade, de maneira especial no caso das mulleres, para conseguir unha visibilización axeitada deste colectivo.</p> <p>✱ Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar</p>	<p>S. X. T. da Consellería de Traballo e Benestar</p> <p>Programas previstos: <i>Convivir en igualdade.</i></p> <p>Programas efectivamente desenvolvidos: 48 edicións do programa <i>Convivir en igualdade</i> (no marco dun convenio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar coa Radio Galega).</p> <p>A isto hai que engadir a divulgación nos principais medios de</p>

¹¹A entidade colaboradora, de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e a Lei 7/2004, do 16 de xuño, galega para a igualdade de mulleres e homes, para unha mellor protección dos rapaces e cara á non discriminación das mulleres, buscará a progresiva redución e limitación de anuncios dos chamados "contactos" cara á súa progresiva eliminación, e incorporará progresivamente a perspectiva de xénero no ámbito de difusión da información.

"A entidade colaboradora prestaralle especial atención á promoción de actitudes e condutas positivas para conseguir unha visualización axeitada das persoas con discapacidade, e reforzará a súa imaxe e contribución á sociedade".



- Secretaría Xeral de Medios
- Compañía de Radiotelevisión de Galicia - CRTVG

comunicación do balance do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.

CRTVG:

TVG:

- En diversos espazos informativos recolléronse máis de 300 noticias emitidas, reelaboradas e redifundidas, con temas de sensibilización cara ás persoas con discapacidade, aos que se suman un número indeterminado de novas radiofónicas.

N.º de persoas receptoras: audiencia da CRTVG, estimada en 1 millón de persoas por día.

Radio Galega

N.º de programas estimados: 1

N.º de programas efectivamente desenvolvidos: 1

Nome do programa e breve descrición: *Convivir en Igualdade*. Radio Galega. Emisión: de luns a xoves pola noite e domingos pola mañá. Programa con contidos específicos sobre discapacidade, centrados en Galicia.

Foi recoñecido en 2013 co I Premio FEGADACE ao labor de difusión da problemática das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias e con un dos premios "La Mirada", que concede a Fundación Tierra de Hombres

N.º de emisións en 2013: 265

N.º de persoas receptoras: audiencia media diaria de 245.000 persoas.

Orzamento destinado: S. X. T. da Consellería de Traballo e Benestar: 43.000 €
CRTVG: 20.000,00 €

RESUMO:

- Segundo a información dispoñible, pode dicirse que se rexistrou actividade na totalidade das actuacións, ao executarse sete das sete medidas programadas. Polo tanto, conséntase actividade no **100%** das actuacións consideradas na dita área.

Gráfico 1. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 1



Fonte: Elaboración propia.

ÁREA 2. IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE

A área 2 do plan conta desde o inicio deste con **28 actuacións** coas que se busca garantir a igualdade de oportunidades para as mulleres con discapacidade para a súa plena participación na vida social, cultural, económica e política. As actuacións definidas están distribuídas para lles dar consecución a catro obxectivos específicos:

1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.
2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos para o que se vai incidir na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade.
3. Previr e actuar ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.
4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade, ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.



Para a **anualidade 2013** estaban programadas **13 actuacións**. Os organismos que se debían responsabilizar da súa execución son os seguintes: 1) Secretaría Xeral da Igualdade; 2) Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar; 3) Secretaría Xeral de Política Social; 4) Cermi Galicia.

Ademais, polo carácter transversal dalgunha das actuacións, concretamente da actuación 2.1.1 (*Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo*) e 2.1.2 (*Darlle prioridade ás mulleres con discapacidade nos programas/actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade que se desenvolvan no marco deste plan*), participan en maior ou menor medida outros departamentos.

A táboa que segue resume os datos relativos aos indicadores de realización e/ou de resultados das medidas programadas na área 2, "Igualdade de xénero e transversalidade", para o exercicio 2013.



ÁREA 2. IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE

Obxectivo específico 1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>2.1.1. Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.</p> <p>✿ Todos os organismos implicados na execución do plan.</p>	<p>N.º de actividades formativas, en materia de discapacidade, nas que se incorporou a perspectiva de xénero: dado que esta actuación ten carácter transversal, a continuación sinálase o número de actividades formativas con perspectiva de xénero segundo o departamento responsable e en función da información facilitada por estes:</p> <p>Secretaría Xeral de Política Social: 5 Fundación Cidade da Cultura de Galicia (Área de Cultura, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): a fundación non realiza actividades formativas neste eido, non sendo a súa finalidade. UDC: A perspectiva de xénero sempre se ten en conta, pero non se avalía de forma específica, xa que nos cursos de formación é un aspecto máis da forma de impartilos e non un contido concreto. USC: 3</p> <ul style="list-style-type: none"> • Curso de formación básica en voluntariado (presencial, Santiago e Lugo) • Curso en liña de formación básica en voluntariado. <p>Dirección Xeral de Función Pública: este órgano directivo non ten atribuídas competencias en materia de formación. As actuacións nesta materia estanelle encomendadas á Escola Galega de Administración Pública, organismo autónomo adscrito á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.</p> <p>EGAP: 44</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xénero e discapacidade (1). • Discapacidade e violencia de xénero (1). • Aplicación de soporte ao procedemento BS611A Recoñecemento do grao de discapacidade (1). • Coidado do alumnado con necesidades derivadas dunha discapacidade motora (1). • Curso sobre accesibilidade universal aplicada I: vías, espazos públicos e mobilidade accesible (1). • Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais (1). • Sensibilización fronte ao sistema de xestión e control de suxeicións restritivas en centros de atención sociosanitaria (1). • Curso de especialización en mediación civil e mercantil para procuradores (1). • Sistema integrado galego de atención á dependencia (SIGAD) e expediente dixital de dependencia (2). • Análise dos procesos de dependencia. O modelo de toma de decisións. Orde do 2 de xaneiro de 2012 (3). • Sistema de dependencia: determinación da capacidade económica da persoa beneficiaria. Cuantificación e xestión das libranzas (1).

Continuación...

2.1.1. Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.

- Todos os organismos implicados na execución do plan.

- Coidado do alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento no contorno educativo (2).
- Coidado do alumnado con inadaptación escolar por trastornos de conduta (1).
- IV Curso superior de formación do técnico na Administración local (1).
- Prevención de riscos laborais: primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (residencias de maiores) (refresco) (14).
- Prevención de riscos laborais: primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (residencias de maiores) (3).
- Formación inicial en prevención de riscos laborais para - Persoal Laboral Grupo II- Cat. 006- educador/a, profesor/a especial (2).
- Formación inicial en prevención de riscos laborais para Persoal Laboral Grupo IV- cat. 004- auxiliar de fogar, coidador/a auxiliar (2).
- Formación Inicial en prevención de riscos laborais para - Persoal Laboral Grupo II- Cat. 017- asistente social (1).
- Formación Inicial en prevención de riscos laborais para - Persoal Laboral Grupo I- Cat. 006- titulado/a superior psicólogo/a (2).
- Formación Inicial en prevención de riscos laborais para - Persoal Laboral Grupo II- Cat. 002- ATS, enfermeiro/a, practicante, DUE (2).

AXEGA: 4

- Divulgación do funcionamento do novo sistema tecnolóxico implantado no CAE 112 para o acceso as persoas xordas (4).

Dirección Xeral de Administración Local: non se realizaron actividades formativas en colaboración coa EGAP, por falla de orzamento neste último organismo que posibilitara a sinatura do convenio.

Secretaría Xeral da Igualdade: 2

- Curso de xénero e discapacidade.
- Curso violencia de xénero e discapacidade.

Consellería de Sanidade: inclúense actividades de abordaxe sociosanitario da discapacidade pero sen enfoque específico de perspectiva de xénero, senón que polas características do curso faise unha visión xenérica.

FUNGA: 10

En todas as actividades relacionadas na actuación 1.1.4. se tivo en conta a perspectiva de xénero.

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: 59

- Educación e terapia asistida con animais de granxa*.
- Ocio centrado na persoa. Atención a persoas con TEA e discapacidade intelectual*.
- Monitor/a especialista en atención a persoas con discapacidade*.
- Recursos lúdicos e didácticos para nenos e nenas con necesidades especiais*.
- PDF (Plan de formación de formadores).
- Programa de intervención específico para persoas con



Continuación...

2.1.1. Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.

- Todos os organismos implicados na execución do plan.

diversidade funcional.

- Programa de intervención específico para persoas con diversidade funcional (familias).
- Programa de intervención específico para profesionais no ámbito da diversidade funcional.

Dirección Xeral de Emprego e Formación: 5

- Programa en alta formación en animación 3D.
- Auxiliar de centros de alimentación.
- Xardinería e viveirismo.
- Auxiliar de servizos xerais.
- Operacións básicas para a instalación de xardíns, parques e zonas verdes.

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social: este órgano directivo non xestiona accións de formación.

Dirección Xeral de Mobilidade: este órgano directivo promoveu actividades formativas mediante subvencións dirixidas ás federacións e asociacións de empresas de transporte; as actividades formativas promovidas están directamente vinculadas coa actividade profesional destes sectores, fundamentalmente a formación continua obrigatoria de condutores profesionais (CAP), cuxos programas oficiais determinados polo Ministerio de Fomento, non prevén actividades formativas específicas en materia de discapacidade.

AMTEGA: 13

- COGAMI - Técnicas de busca de emprego a través das novas tecnoloxías.
- Concello da Estrada - Reunión COGAMI.
- Concello da Estrada - Reunión COGAMI.
- Concello de Valga - Iniciación á informática (Asociación Asdivalu).
- Concello de Vigo - Xuntanza de persoas voluntarias en acompañamento.
- Concello de Vigo - Acompañamento a persoas maiores, infancia e discapacidade.
- Concello de Vigo - Curso de lingua de signos española.
- Concello de Vigo - Xuntanza de persoas voluntarias en acompañamento.
- Concello de Vigo - Curso de inserción laboral para usuarios con enfermidade mental.
- Concello de Santiago - Atención a persoas dependentes en institucións e no domicilio.
- Concello de Santiago - Especialista en coidado a persoas maiores e dependentes.
- Deputación de Ourense - Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións.
- Programa VOLDIX. Realizáronse tres apoios dixitais, consistentes en alfabetización dixital para colectivos de COGAMI.

Secretaría Xeral de Medios: dentro das actividades deste departamento non se contemplaron actuacións formativas en materia de discapacidade por carecer de orzamento para tal

Continuación...

2.1.1. Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.

- ✱ Todos os organismos implicados na execución do plan.

finalidade.

CRTVG: aínda que estaba previsto desenvolver un curso a este respecto en 2013, finalmente non se puido incluír no Plan de Formación por razóns orzamentarias e organizativas, quedando a empresa comprometida a celebralo en 2014.

CERMI Galicia:

AUTISMO Galicia: 2:

- Curso Preparador Laboral Especialista nos TEA.
- Curso Apoios Visuais para Persoas Con TEA.

COGAMI: 5.

- Cursos de formación especializada en discapacidade, xénero e violencia contra as mulleres con discapacidade.

DOWN Galicia: 35 (20 con perspectiva de xénero e 15 sen perspectiva de xénero):

- Accións formativas para persoas desempregadas (cursos AFD), programas integrados para o emprego (PIE), cursos de formación, talleres formativos...

Nota: as accións formativas dirixidas a persoas usuarias que se imparten dende as entidades de Down Galicia nas que se incorpora a perspectiva de xénero, faise fundamentalmente a través dun módulo ou bloque de contidos específico de igualdade.

FADEMGA: 2:

- Formación teórica previa á incorporación laboral en Porriño.
- Formación teórica previa á incorporación laboral en Burela.

FEAFES Galicia: 14 (4 con perspectiva de xénero e 10 sen perspectiva de xénero):

- Formación específica para mulleres en prevención no maltrato, educación sexual...

FEGADACE:

Leváronse a cabo varios cursos enfocados á poboación en xeral como parte dunha estratexia de difusión do DCA. Non son cursos dirixidos a persoas con discapacidade. Non se prioriza a asistencia de homes ou mulleres nin se deseñan metodoloxicamente con esa perspectiva. Priorízase a asistencia de mulleres, pero non se entende isto como perspectiva de xénero.

Orzamento destinado:

S. X. de Política Social: 25.594 €

USC: 4.500,00 €

EGAP: 53.554,00 €

Secretaría Xeral da Igualdade: 7.500,00 €

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: 7.129,00 €.

O orzamento cubre as actividades 1, 2, 3 e 4 (sinaladas cun asterisco). As restantes 55 non é posible cuantificalas.

Dirección Xeral de Emprego e Formación: 262.637,00 €



2.1.2. Darlles prioridade ás mulleres con discapacidade nos programas/actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade que se desenvolvan no marco deste plan.

- Todos os organismos implicados na execución do plan.

N.º de programas nos que se incorporou a dita priorización:

UDC: non houbo mulleres con discapacidade que quedaran fóra das actividades formativas, aínda que non se seleccionaron pola súa discapacidade como prioridade.

USC: nos programas destinados aos apoios a persoas con discapacidade priorízanse as necesidades das persoas independentemente do seu sexo.

EGAP: 1

- Segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2008) (Criterio Segundo 5.º), a escola dálles prioridade ás persoas con discapacidade nas súas actividades aínda que non o fai especificamente para mulleres con discapacidade.

AXEGA: 4

- Formación no uso do novo sistema de acceso das persoas xordas ao CAE 112.

Dirección Xeral de Administración Local: non se convocaron procedementos selectivos debido ás previsións de modificación normativa que lles afectaban ás correspondentes convocatorias.

Secretaría Xeral da Igualdade: 4

- Orde do 2 de abril de 2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocaban as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.
- Orde do 8 de maio de 2013, da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocaban as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra violencia de xénero e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Orde do 29 de abril de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.
- Programa "Descubre a nosa realidade. Violencia de xénero e discapacidade".

Consellería de Sanidade: na orde de incorporación social en vivendas para trastornos aditivos valórase positivamente que sexan exclusivamente para mulleres. Tamén se favorece ás entidades que dispoñen de maior porcentaxe de persoal con discapacidade en caso de empate entre dúas ou máis entidades.

FUNGA: 10

En todas as actividades relacionadas na actuación 1.1.4. tratouse de xeito individualizado a situación das mulleres con discapacidade.

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 3

Continuación...

2.1.2. Darlles prioridade ás mulleres con discapacidade nos programas/actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade que se desenvolvan no marco deste plan.

- ✱ Todos os organismos implicados na execución do plan.

- Escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
- Cheque infantil.
- Familias numerosas.

Dirección Xeral de Emprego e Formación: 5

Programas específicos para a formación de persoas con necesidades formativas especiais ou que teñan dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional e se consideren de interese social.

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social: nos programas da Subdirección Xeral de Fomento da Contratación e do Traballo Autónomo non está contemplada a prioridade para as mulleres con discapacidade, senón que existe unha discriminación positiva, de maneira que se conceden maiores incentivos económicos para as mulleres con discapacidade.

CERMI Galicia:

COGAMI: 2

- Descubre a nosa realidade.
- Inclusión: itinerarios de inserción prelaborais.

DOWN Galicia: 7

- Información, asesoramento e orientación laboral para mulleres con discapacidade intelectual ocupadas, desempregadas, e/ou en mellora de emprego.
- Programa de identidade, imaxe e desenvolvemento persoal: programa de atención integral a mozas e mulleres coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias.
- Servizo de atención integral para mulleres coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual de todas as idades e as súas familias.
- Programa de atención integral de mulleres coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual para fomentar a súa inclusión.
- Recursos integrais de apoio e mellora de oportunidades na formación e inserción laboral de mulleres con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Proxecto de atención integral a mulleres e familias de persoas coa síndrome de Down e/ou outra discapacidade.
- “En Igualdade”.

FADEMGA: 2

- Proceso selectivo para formación práctica previa ao emprego con apoio, nunha empresa do mercado laboral ordinario.
- Formación práctica previa ao emprego con apoio, nunha empresa do mercado laboral ordinario.

En todas as actuacións formativas que se leven a cabo dende a federación, inténtase unha participación dun 50% de mulleres.

FAXPG: 1

- Recursos especializados de atención a mulleres xordas: 88 usuarias.

FEAFES Galicia: 5

- Emprego, información e atención sociofamiliar, ocio e



<p>Continuación...</p> <p>2.1.2. Darlles prioridade ás mulleres con discapacidade nos programas/actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade que se desenvolvan no marco deste plan.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ Todos os organismos implicados na execución do plan. 	<p>tempo libre e asesoría xurídica, formación...</p> <p>FEGADACE: 1</p> <ul style="list-style-type: none"> • Programa de rehabilitación funcional e inserción social. A dita priorización lévase a cabo de forma individualizada e segundo cada caso. <p>Dirección Xeral de Mobilidade: nas actuacións executadas no exercicio 2013 dirixidas a persoas con discapacidade que se desenvolveron no marco deste plan, afectan a actividades nas que non é factible a priorización das mulleres con discapacidade.</p> <p>Secretaría Xeral de Medios: nas actuacións desde departamento non se levou a cabo esta medida debido a que as materias que xestiona teñen un carácter singular e específico relacionado cos medios e infraestruturas de comunicación de radio e televisión.</p> <p>CRTVG: non se aplicou ningunha prioridade na cobertura de informacións, senón que se priorizou a/o protagonista da noticia indistintamente do sexo.</p> <p>% que supoñen o total de priorizacións respecto do total de programas/actuacións:</p> <p>AXEGA: 30%</p> <p>FUNGA: 100%</p> <p>Orzamento destinado:</p> <p>Secretaría Xeral da Igualdade: 1.509.009,00 €</p> <p>Dirección Xeral de Emprego e Formación: 262.637,00 €</p> <p>CERMI Galicia:</p> <p>COGAMI: orzamento destinado total: 31.437,00 €</p> <p>Orzamento da Administración autonómica (Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Traballo e Benestar): 29.750,00 €</p> <p>DOWN Galicia: orzamento destinado total: 232.570,00 €</p> <p>Orzamento da Administración autonómica (Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Traballo e Benestar): 232.570,00 €</p> <p>FAXPG: orzamento destinado total: 49.176,00 €</p> <p>Orzamento da Administración autonómica (Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Traballo e Benestar): 43.059,00 €</p> <p>FEGADACE: orzamento destinado total: 132.803,00 €</p> <p>Orzamento da Administración autonómica (Consellería de Traballo e Benestar. Secretaría Xeral de Política Social): 115.051,00 €</p>
<p>2.1.5. Facer mención e atención explícita ás mulleres con discapacidade nas políticas de acción positiva dirixidas ás mulleres galegas da Secretaría Xeral da Igualdade (ou departamento equivalente).</p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ Secretaría Xeral da Igualdade 	<p>N.º de convocatorias nas que se inclúen medidas de acción positiva con mención explícita a mulleres con discapacidade: 5</p> <p>Convocatorias:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Resolución do 21 de xuño de 2013. Axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres. Artigo 12.1.1 letra e). Na valoración das solicitudes presentadas, primase con 5 puntos á entidade que incorporase a algunha muller con discapacidade nos últimos dous anos. 2. Resolución do 14 de xuño de 2013. Axudas destinadas á

Continuación...

2.1.5. Facerlles mención e atención explícita ás mulleres con discapacidade nas políticas de acción positiva dirixidas ás mulleres galegas da Secretaría Xeral da Igualdade (ou departamento equivalente).

✿ Secretaría Xeral da Igualdade

realización polas Asociacións de Nais e Pais (ANPAS), de programas e actividades complementarias e extraescolares co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 4.2. Nos programas para os que se pide a axuda, esíxese como requisito que teñen que prever expresamente de que xeito se van atender as necesidades das nenas e nenos con discapacidade.

Artigo 11 letra a) Na valoración das solicitudes presentadas, primase ata con 15 puntos ás ANPAS en función do interese e da calidade do programa e valórase, entre outros criterios, o da atención das necesidades de nenas e nenos con discapacidade.

3. Orde do 2 de abril de 2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocaban as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. Artigo 4.1.

4. Orde do 8 de maio de 2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocan as axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Artigo 4.1 e 4.2.

5. Orde do 29 de abril de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. Artigo 3 do anexo.

Orzamento destinado: 1.959.009,00 €

Desagregación do orzamento:

1. Resolución do 21 de xuño de 2013. Axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres: 200.000 €.

2. Resolución do 14 de xuño de 2013. Axudas destinadas á realización de programas e actividades complementarias e extraescolares co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, por parte das Asociacións de Nais e Pais (ANPAS): 250.000 €.

3. Resto das ordes: 1.509.009 €:

Nota: o orzamento das convocatorias non está exclusivamente destinado as actuacións do plan, pero non é posible desagregar os datos.

2.1.6. Incluír nas convocatorias de axudas para persoas con discapacidade da Secretaría Xeral de Política Social (ou departamento equivalente) medidas de acción positivas para as mulleres.

✿ Secretaría Xeral de Política Social

Actuación non executada, por non existir convocatoria de axudas para persoas con discapacidade en 2013.

Orzamento destinado:



<p>2.1.8. Ter en conta o binomio “discapacidade e xénero” nas accións de control de convenios colectivos dende unha perspectiva de xénero.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar 	<p>N.º de accións de control efectuadas considerando este binomio: 146</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: executada con recursos propios</p>
<p>2.1.11. Facerlles recomendacións sobre “xénero e discapacidade” ás empresas que vaian implantar un plan de igualdade.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar 	<p>N.º estimado de empresas que recibirán recomendacións: 21</p> <p>N.º de empresas que recibiron recomendacións: 21</p> <p>Porcentaxe de empresas que recibiron recomendacións sobre o total das que implantaron un plan de igualdade: 100 %</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: executada con recursos propios</p>
<p>Obxectivo específico 2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos, incidir na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>2.2.1. Facilitar a participación das mulleres con discapacidade en foros e/ou eventos que traten sobre a súa situación, así como no deseño/avaliación de programas dirixidos a elas, e contribuír ao seu empoderamento.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral de Política Social Cermi Galicia Secretaría Xeral da Igualdade 	<p>S. X. da Igualdade:</p> <p>N.º de foros, eventos e programas nos que participan mulleres con discapacidade: 1 curso: Descubre a nosa realidade. Violencia de xénero e discapacidade. O curso realizouse na modalidade en liña. Tivo unha duración de 60 horas e estivo dirixido ao persoal da Administración local.</p> <p>Porcentaxe de mulleres con discapacidade que participan con respecto ao total de mulleres que participan: 100 % (son programas específicos para mulleres con discapacidade).</p> <p>CERMI Galicia:</p> <p>Número e nome de foros, eventos e programas nos que participan mulleres con discapacidade:</p> <p>COGAMI (7)</p> <ol style="list-style-type: none"> Programa de saúde. Programa Descubre a nosa realidade! Encontro provincial. Espazos para a reflexión. Xornada muller, discapacidade e emprego. Encontro Nacional de Mulleres (Panxón). IV Encontro de Participación para a Cidadanía de EAPN-Galicia en Santiago de Compostela. Programa de lecer náutico. <p>DOWN GALICIA (32)</p> <p>Nas accións formativas (cursos, talleres... dirixidos a persoas usuarias) que se imparten dende as entidades de Down Galicia nas que se incorpora a perspectiva de xénero, faise fundamentalmente a través dun módulo ou bloque de contidos específico de igualdade:</p> <ol style="list-style-type: none"> I Desfile Solidario Down Compostela: cinco mulleres e



Continuación...

2.2.1. Facilitar a participación das mulleres con discapacidade en foros e/ou eventos que traten sobre a súa situación, así como no deseño/avaliación de programas dirixidos a elas, e contribuír ao seu empoderamento.

- ✱ Secretaría Xeral de Política Social
- ✱ Cermi Galicia
- ✱ Secretaría Xeral da Igualdade

- dúas nenas
2. Día Internacional da Muller (organizado polo CERMI): unha muller.
3. II Premios Down Compostela (Día Mundial da Síndrome de Down): cinco mulleres.
4. Día Mundial da Síndrome de Down (Manifesto de Lectura organizado por Down Galicia): unha muller.
5. Campaña "H@z Tic" (Down España): unha muller.
6. Exposición de cadros de pintura dun usuario e dunha usuaria da Fundación Down Compostela: unha muller.
7. Acto "O meu mundo en fotos" (Down Galicia).
8. Acto "Juntos somos capaces" (Fundación Mapfre): unha muller.
9. Actividade "Limpeza do Río Sarela", con motivo da conmemoración do Día da Biodiversidade (organizada pola Fundación Down Compostela e coa colaboración do persoal da Fundación Solidaridad Carrefour): dúas mulleres.
10. Día Internacional da Muller en A Coruña): unha muller.
11. Charla no CIFP Portobello sobre emprego con apoio (unha muller coa SD e un home con discapacidade).
12. Día Mundial do Síndrome de Down. *La Voz de Galicia* faise eco, a través dunha reportaxe do día a día de tres mulleres adultas na comunidade na que residen, claro reflexo do cambio social e novos roles que desempeñan na actualidade as mulleres con SD.
13. Stand de Venta do calendario de Down Ourense. (unha muller).
14. Visita ás instalacións de Down Ourense, do delegado territorial da Xunta e do xefe territorial, que foron acollidos por dous adultos con SD (unha muller e un home) e que lles contaron o apoio que lles presta a entidade na súa inclusión social e inserción laboral.
15. Gala da entidade Down Pontevedra-Xuntos.
16. Rastro da entidade Down Pontevedra-Xuntos.
17. Telediarío Precario (EAPN): dúas mulleres.
18. Voluntariado SD Teucro.
19. Talleres formativos impartidos polos concello de Pontevedra.
20. Foro de motivación de BAE do proxecto ILES do Concello de Pontevedra.
21. Voluntariado en eventos deportivos da cidade de Pontevedra.
22. Voluntariado na entidade.
23. Feira Emprego Pontevedra.
24. Presentación BBVA-Voluntariado.
25. Charlas Sensibilización en colexios da zona de Vigo: dúas mulleres.
26. Presentación da colaboración con deseñadores La Boîte: catro mulleres.
27. Participación Concurso Barista-Cafento.
28. Feira do libro "gústame o galego": tres mulleres.
29. Formación en Néboa: unha muller con discapacidade.



Continuación...

2.2.1. Facilitar a participación das mulleres con discapacidade en foros e/ou eventos que traten sobre a súa situación, así como no deseño/avaliación de programas dirixidos a elas, e contribuír ao seu empoderamento.

- ✿ **Secretaría Xeral de Política Social**
- ✿ **Cermi Galicia**
- ✿ **Secretaría Xeral da Igualdade**

30. Presentación e inauguración de espazo compartido: unha muller con discapacidade.
31. Intercambio co conservatorio de Ferrol: unha muller con discapacidade.
32. Día dos dereitos Humanos: seis mulleres con discapacidade.

FADEMG (14)

A) Accións dirixidas a tratar a situación das mulleres con discapacidade intelectual:

1. Participación dunha muller con discapacidade intelectual na Mesa de experiencias sobre a incapacitación xudicial. Encontro Autonómico de Autoxestores.
2. Taller de Igualdade e Dereitos da Muller: sete mulleres. Centro Quérote da Xunta de Galicia.
3. Mesa Redonda sobre Muller e Discapacidade. Participación de dúas mulleres con discapacidade intelectual. Observatorio da Muller da Agrupación Socialista da Coruña.
4. Relatorio "Experiencias laborais: nós podemos" Xornada Día Internacional da Muller. Participación dunha muller con discapacidade intelectual.
5. Charla Divulgativa no Colexio Lasalle, "Experiencia no Programa de Promoción de Vida Independente". Presentación dunha muller con discapacidade intelectual.

B) Accións nas que se fomenta a participación das mulleres con discapacidade intelectual.

1. Seis cursos sobre dereitos sobre as persoas con discapacidade intelectual, en Vigo, Monforte, Santiago, A Coruña e Ourense.
2. Creación dun Grupo de Autoxestores de Fademga Feaps Galicia.
3. Programa de promoción de vida independente.
4. Programa de atención a persoas con discapacidade intelectual con necesidades complexas: Trastorno dual e Envellecemento.
5. Formación en competencias clave, Ourense e Santiago.
6. Emprego con apoio.
7. Orientación e Asesoramento laboral a mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento desempregadas.
8. 2 Cursos de operacións auxiliares de servizos comúns e xerais, en Santiago e Vigo.
9. Curso de prevención de riscos laborais en xardinería, Santiago.

FAXPG (6)

1. VII Encontro da muller xorda de Galicia: participan 100 % mulleres xordas.
2. Día de la Mujer Sorda, Ferrol, 09 de marzo.
3. A loita pola igualdade de xénero.
4. Audismo na muller xorda.
5. Taller de defensa persoal para mulleres.



<p>Continuación...</p> <p>2.2.1. Facilitar a participación das mulleres con discapacidade en foros e/ou eventos que traten sobre a súa situación, así como no deseño/avaliación de programas dirixidos a elas, e contribuír ao seu empoderamento.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ Secretaría Xeral de Política Social ✱ Cermi Galicia ✱ Secretaría Xeral da Igualdade 	<p>6. Colaboración no Día Internacional da Muller, organizado por CERMI Galicia.</p> <p>FEAFES GALICIA (6) Foros, xornadas, eventos e campañas, comité de persoas con enfermidade mental, Xunta Directiva de FEAFES GALICIA.</p> <p>FEGADACE (1) Foro de familias con persoas con Dano Cerebral Adquirido.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Participación de dúas mulleres con discapacidade en mesas de traballo expoñendo as súas experiencias. • Edición e gravación dun vídeo sobre DCA: participación dunha muller con DCA como representante do colectivo. • Actividades varias de comunicación/sensibilización (puntuais): día do DCA, día da discapacidade. <p>Porcentaxe de mulleres con discapacidade que participan con respecto ao total de mulleres que participan: DOWN GALICIA: non dispoñibilidade da información. FADEMGA: 100 % FAXPG: 100 % FEAFES GALICIA: 57 % FEGADACE: non se calcula a dita ratio porque non resulta significativo para a entidade no marco das súas actuacións.</p> <p>Orzamento destinado: S. X. da Igualdade: 11.000,00 €</p>
<p>2.2.2. Promover a creación de redes de mulleres con discapacidade que faciliten a súa participación nos diversos ámbitos da sociedade e aumentar así a súa visibilización (na convocatoria de axudas para asociacións de mulleres que realiza anualmente a Secretaría Xeral da Igualdade incluírse como criterio de valoración o fomento da asociación das mulleres con discapacidade).</p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ Secretaría Xeral da Igualdade 	<p>Execución incompleta. A actuación 2.2.2. estaría recollida dentro da actuación 2.1.5. referido soamente á convocatoria de asociacións de mulleres (non a ANPAS).</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>2.2.5. Deseñar programas especificamente dirixidos ao grupo de mulleres maiores que poden comezar a presentar algunha discapacidade. (Na oferta de actividades informativas e formativas da Secretaría Xeral da Igualdade, recollerase a situación das mulleres maiores que poden comezar a presentar algún tipo de discapacidade, sobre todo con carácter preventivo).</p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ Secretaría Xeral da Igualdade 	<p>Actuación non executada. Non foi posible a súa programación por non dispoñibilidade orzamentaria.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>2.2.6. Promover a incorporación das mulleres nas xuntas directivas das organizacións de apoio ás persoas con discapacidade, de xeito progresivo, e chegar ao obxectivo da paridade 60/40 no prazo de aplicación deste plan.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ Cermi Galicia 	<p>Estado de situación de cada federación: DOWN GALICIA: avance logrado en 2013: Sumáronse tres novas entidades ás dúas xa existentes que superaban o nivel 60/40. Dato acumulado período plan: das oito entidades do Movemento Down Galicia acadan un 40% de mulleres na Xunta Directiva cinco delas. FADEMGA: dato acumulativo período plan:</p>



	<p>Xunta Directiva 62,5% homes e 37,5% mulleres.</p> <p>FAXPG: avance logrado en 2013: En cinco das sete asociacións de persoas xordas adheridas á FAXPG, é unha muller a que preside a entidade. No mes de outubro de 2013 unha muller asumiu o cargo na asociación de persoas xordas de Pontevedra.</p> <p>Xunta Directiva da FAXPG: cumprimento da paridade 60/40. Xunta Directiva de oito membros nas que tres son mulleres e cinco homes.</p> <p>Dato acumulativo período plan: aumenta o número de mulleres presidentas (empoderamento) das asociacións adheridas á FAXPG.</p> <p>FEAFES GALICIA: avance logrado en 2013: 57% Dato acumulativo período plan: 50%</p> <p>FEGADACE: avance logrado en 2013: A presidencia de mulleres nas xuntas directivas das cinco entidades é significativa e relevante. Nas tres das cinco entidades federadas, a presidencia recae nunha muller e noutras tres son vicepresidentas.</p> <p>Dato acumulativo período plan: sen variación</p> <p>Orzamento destinado:</p>
--	---

Obxectivo específico 3. Previr e intervir ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>2.3.1 Consolidar o apoio a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou procedentes de casas de acollida na formación profesional, na contratación e no emprendemento, e considerárase de maneira especial a quen ten algunha discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral da Igualdade</p>	<p>N.º de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero que realizan formación profesional: sen datos específicos no departamento competente.</p> <p>N.º de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero contratadas: sen datos específicos no departamento competente.</p> <p>N.º de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero emprendedoras: sen datos específicos no departamento competente.</p> <p>Orzamento destinado:</p>

Obxectivo específico 4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade, ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.


Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>2.4.1. Poñer en marcha unha convocatoria de axudas para promover o desenvolvemento de programas de apoio ás mulleres xestantes e lactantes, con especial mención ás mulleres con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral da Igualdade</p>	<p>Publicación da convocatoria: si Resolución do 10 de xuño de 2013, pola que se convocan as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes. (DOG núm. 117, do 20 de xuño do 2013)</p> <p>N.º total de mulleres beneficiarias: 3039</p> <p>N.º de mulleres beneficiarias con discapacidade: 620</p> <p>Orzamento destinado: 889.777,00 €</p> <p>Nota: o orzamento NON está destinado de xeito exclusivo á medida, pero non é posible a súa desagregación</p>

<p>2.4.3. Diseñar e desenvolver accións de sensibilización do persoal sanitario.</p> <p>✱ Secretaría Xeral da Igualdade</p>	<p>Non executada, por non dispoñibilidade orzamentaria.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
---	---

RESUMO:

- ✱ Para o cálculo dos niveis de execución exclúese a actuación 2.3.1, sen datos por parte do departamento responsable; deste xeito e á vista da información dispoñible, pódese falar da execución de 9 das 12 medidas programadas para 2013 (e non de 13) na área de actuación 2, “Igualdade de xénero e transversalidade”, o que implica un nivel de actividade do **75 %**.
- ✱ As actuacións non executadas son a 2.1.6, a 2.2.5 e a 2.4.3 (a primeira da S. X. de Política Social e as dúas últimas, da Secretaría Xeral da Igualdade).

Gráfico 2. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 2



Fonte: Elaboración propia.



ÁREA 3. ACCESIBILIDADE

A área de intervención en materia de accesibilidade é, no conxunto das áreas do plan, a que conta cun maior número de actuacións: un total de 51, que supón o 16,7 % do conxunto de medidas, un peso porcentual importante se se ten en conta que son dez as áreas de intervención.

As medidas que se programaron neste espazo diríxense a:

1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade.
2. Sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.
3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á información e á comunicación, aos bens, aos produtos..., en igualdade de condicións ca o resto da poboación.
4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, ao medio urbano e ao transporte das persoas con discapacidade.



Os catro obxectivos sinalados perseguen un fin común: garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos en igualdade de condicións có resto da poboación.



Para **2013**, preveuse a realización de **33 actuacións**. Ademais destas, incluíuse unha actuación, a 3.3.19, que foi de nova incorporación en 2012 e que forma parte tamén do seguimento de 2013.

Polo tanto, realizouse o seguimento dun total de **34 actuacións** que estiveron a cargo dos seguintes **departamentos**: 1) Secretaría Xeral de Medios; 2) Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -

Amtega; 3) Universidades; 4) Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo; 5) Dirección Xeral de Mobilidade; 6) Secretaría Xeral de Política Social; 7) Dirección Xeral de Administración Local; 8) Compañía de Radio Televisión de Galicia; 9) Fegas; 10) EGAP; 11) Secretaría Xeral da Igualdade; 12) Axega; 13) Secretaría Xeral para o Turismo; 14) Xerencia do Servizo Galego de Saúde e Fegas; 15) Dirección Xeral de Comercio.

No cadro seguinte, infórmase dos resultados acadados para cada unha das actuacións previstas con actividade no exercicio 2013.

**ÁREA 3. ACCESIBILIDADE****Obxectivo específico 1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade e proceder ao seu desenvolvemento e control de aplicación.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>3.1.4. Estudar a posibilidade de aprobar a norma correspondente para regular o acceso ao voto das persoas con discapacidade</p> <p>✿ Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</p>	<p>Actuación non executada.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado</p>
<p>3.1.5. Remitir circulares informativas e recomendacións aos concellos recordando a normativa de accesibilidade e a idoneidade de optar por locais adaptados para as mesas electorais.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Administración Local</p>	<p>Actuación non executada. Durante o exercicio 2013 non se remitiron circulares informativas aos concellos, xa que non se convocou ningún proceso electoral.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>Actuación de nova incorporación en 2013</p> <p>3.1.6. Estudo sobre a accesibilidade dos colexios electorais</p> <p>✿ Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza</p>	<p>Realizouse o estudo sobre a accesibilidade dos colexios electorais nos concellos da provincia da Coruña.</p> <p>Sinatura dun convenio con COGAMI, no que tamén participa a Deputación da Coruña e o Instituto Galego de Vivenda e Solo.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 6000 €</p>

Obxectivo específico 2. Sensibilizar, dar a coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>3.2.1. Reforzar a actividade da Comisión técnica de accesibilidade (emisión de ditames e tramitación de denuncias) e facer públicos os ditames de maior interese xeral.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de denuncias tramitadas: 8</p> <p>N.º de ditames emitidos: 53</p> <p>N.º de ditames difundidos: 0</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: Sen custo engadido.</p>
<p>3.2.2. Continuar co labor de información e asesoramento en materia de accesibilidade a través do Servizo de Promoción da Accesibilidade (consultas telefónicas, a través de correo electrónico e de forma presencial nas dependencias administrativas).</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de consultas atendidas: telefónicas, presenciais, correo electrónico: 680</p> <p>- Teléfono: 580</p> <p>- Presenciais: 30</p> <p>- Correo electrónico: 70</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.2.5. Procurar a participación en igualdade das persoas con discapacidade nos programas da Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG, en calquera das modalidades posibles: concursantes, compañeiros/as de faladoiro, colaboradores/as...</p> <p>✿ Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG</p> <p>Actuación programada para 2010, 2011 e 2012 (de aí que non figurase no formulario 2013); non obstante ten continuidade en 2013, segundo os datos facilitados</p>	<p>N.º total de persoas con discapacidade participantes nos distintos programas da CRTVG: 450</p> <p>Mulleres: sen dato</p> <p>Homes: sen dato</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade participantes como público nos distintos programas da CRTVG: sen dato</p> <p>Mulleres:</p> <p>Homes:</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade participantes de</p>



<p>polo ente público responsable e por iso se retoma e se inclúe no informe 2013</p>	<p>forma activa (compañeiros/as de faladoiro, colaboradores/as...) nos distintos programas da CRTVG: sen dato</p> <p>Mulleres:</p> <p>Homes: Entre as 450 persoas con discapacidade, un grupo de 20 persoas con discapacidade visual gozaron dunha visita adaptada.</p> <p>1. Gravación da canción de "A tropa de trapo". Dirixida ao público infantil.</p> <p>Consistiu na gravación dunha canción para a banda sonora, a cargo de Abano Producións, na que participaron un neno tetrapléxico e unha nena con discapacidade intelectual.</p> <p>Orzamento destinado: 1300 €+1500 € (da gravación da canción)</p>
<p>3.2.8. Establecer instrumentos de colaboración entre a Xunta de Galicia, as entidades representativas de persoas con discapacidade, as entidades locais e os colexios profesionais (de arquitectos/as...) para colaborar na formación e na sensibilización de profesionais sobre a accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Instrumentos de colaboración establecidos (grupos de traballo, convenios etc. e entidades implicadas en cada un): Grupo con representación da Administración e Cermi para alcanzar acordos sobre o proxecto da Lei de accesibilidade.</p> <p>Orzamento destinado: sen custo engadido.</p>
<p>3.2.9. Implantar accións formativas en materia de accesibilidade/discapacidade na Administración, sen esquecer a consideración das barreiras da comunicación en toda a súa amplitude e diversidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ EGAP ✿ Fegas ✿ Xerencia do Servizo Galego de Saúde</p>	<p>S. X. de Política Social e EGAP:</p> <p>N.º de accións formativas previstas en materia de accesibilidade/discapacidade: 24</p> <p>N.º de accións formativas realizadas en materia de accesibilidade/discapacidade: 44</p> <p>Nome completo do curso e as horas lectivas de cada un:</p> <ol style="list-style-type: none"> Xénero e discapacidade (1): 60 horas lectivas. Discapacidade e violencia de xénero (1): 60 horas lectivas. Aplicación de soporte ao procedemento BS611A Recoñecemento do grao de discapacidade (1): 20 horas lectivas. O coidado do alumnado con necesidades derivadas dunha discapacidade motora (1): 20 horas lectivas. Curso sobre accesibilidade universal aplicada I: vías, espazos públicos e mobilidade accesible (1): 60 horas lectivas. Sensibilización fronte ao sistema de xestión e control de suxeicións restritivas en centros de atención sociosanitaria (1): 10 horas lectivas. Sistema integrado galego de atención á dependencia (SIGAD) e expediente dixital de dependencia (2): 40 horas lectivas. Análise dos procesos de dependencia. O modelo de toma de decisións. Orde do 2 de xaneiro de 2012 (3): 75 horas lectivas. Sistema de dependencia: determinación da capacidade económica da persoa beneficiaria. Cuantificación e xestión



Continuación...

3.2.9. Implantar accións formativas en materia de accesibilidade/discapacidade na Administración, sen esquecer a consideración das barreiras da comunicación en toda a súa amplitude e diversidade.

- ✿ Secretaría Xeral de Política Social
- ✿ EGAP
- ✿ Fegas
- ✿ Xerencia do Servizo Galego de Saúde

das libranzas (1): 36 horas lectivas.

10. Coidado do alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento no contorno educativo (2): 40 horas lectivas.
11. Coidado do alumnado con inadaptación escolar por trastornos de conduta (1): 20 horas lectivas.
12. Prevención de riscos laborais: primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (residencias de maiores) (refresco) (14): 84 horas lectivas.
13. Prevención de riscos laborais: primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (residencias de maiores) (3): 36 horas lectivas.
14. Formación inicial en prevención de riscos laborais para Persoal Laboral Grupo II- Cat. 006- educador/a, profesor/a especial- (2): 6 horas lectivas.
15. Formación inicial en prevención de riscos laborais para persoal laboral grupo IV- cat. 004- auxiliar de fogar, coidador/a auxiliar- (2): 6 horas lectivas.
16. Formación Inicial en prevención de riscos laborais para Persoal Laboral Grupo II- Cat. 017- asistente social- (1): 3 horas lectivas.
17. Formación Inicial en prevención de riscos laborais para Persoal Laboral Grupo I- Cat. 006- titulado/a superior psicólogo/a- (2): 6 horas lectivas.
18. Formación Inicial en prevención de riscos laborais para Persoal Laboral Grupo II- Cat. 002- ATS, enfermeiro/a, practicante, DUE- (2): 6 horas lectivas.

N.º total de horas lectivas en cursos non específicos, que inclúen contidos de accesibilidade/discapacidade:

1. Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais (1): 4 horas lectivas.
2. Curso de especialización en mediación civil e mercantil para procuradores/as (1): 3 horas lectivas.
3. IV Curso superior de formación do persoal técnico na Administración local (1): 4 horas lectivas.

N.º total de persoas formadas: 1178

Mulleres: 1002

Homes: 176

FEGAS e XERENCIA DO SERGAS:

N.º de accións formativas previstas en materia de accesibilidade/discapacidade: 55

N.º de accións formativas realizadas en materia de accesibilidade/discapacidade: 53

Nome completo do curso e as horas lectivas de cada un:

1. Obradoiro de coidados a pacientes dependentes: t3 horas lectivas.
2. Obradoiro para coidadores/as de persoas con dano cerebral adquirido: 4 horas lectivas.
3. Obradoiro do domicilio ao ámbito social no dano cerebral adquirido: 4 horas lectivas.
4. Abordaxe sociosanitaria en dano cerebral



<p>Continuación...</p> <p>3.2.9. Implantar accións formativas en materia de accesibilidade/discapacidade na administración, sen esquecer a consideración das barreiras da comunicación en toda a súa amplitude e diversidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ Secretaría Xeral de Política Social ✱ EGAP ✱ Fegas ✱ Xerencia do Servizo Galego de Saúde 	<p>neurorrehabilitación e dependencia: 8 horas lectivas.</p> <ol style="list-style-type: none"> 5. Abordaxe sociosanitaria do dano cerebral adquirido: 8 horas lectivas. 6. Obradoiro de Síndrome X-fráxil: 3 horas lectivas. 7. Obradoiro sobre a esclerose múltiple: 4 horas lectivas. 8. Obradoiro de estimulación cognitiva: 3 horas lectivas. 9. Obradoiro de axilidade mental e memoria: 4 horas lectivas. 10. Aspectos éticos e legais específicos nos doentes de perfil sociosanitario: doce horas lectivas. 11. Obradoiro de técnicas de apoio para persoas con discapacidade: 4 horas lectivas. 12. Obradoiro de terapia asistida con animais para persoas con discapacidade: 4 horas lectivas. 13. Abordaxe sociosanitaria da discapacidade: 8 horas lectivas. 14. Abordaxe sociosanitaria das enfermidades raras e metabólicas: 8 horas. 15. Abordaxe sociosanitaria das grandes síndromes xerátricas dende atención primaria: 12 horas lectivas. 16. Atención sociosanitaria: innovación e novas tecnoloxías: 4 horas lectivas. 17. Procesos asistencial integrado de fibromialxia: 12 horas lectivas. 18. Obradoiro sobre enfermidades raras: 3 horas lectivas. 19. Obradoiro de fisioterapia respiratoria en parálise cerebral: 3 horas lectivas. 20. Obradoiro de coidades e rehabilitación en nenos con problemas neurolóxicos: 3 horas lectivas. 21. Coñecendo as enfermidades raras: catro horas lectivas. 22. Formación de coidadores de persoas dependentes: 4 horas lectivas. <p>N.º total de persoas formadas: 1025 Mulleres: 882 Homes: 143</p> <p>Orzamento destinado: S. X. de Política Social e EGAP: 53.554,00 € FEGAS e Xerencia do SERGAS: 27.280,00 €</p>
<p>3.2.10. Formar o persoal da administración que desempeña o seu labor en oficinas de atención ao público sobre estratexias de comunicación con persoas xordas ou con dificultade de comprensión e o uso de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación – SAAC.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ Secretaría Xeral de Política Social ✱ EGAP ✱ Fegas ✱ Xerencia do Servizo Galego de Saúde 	<p>S. X. de POLÍTICA SOCIAL e EGAP:</p> <p>N.º de accións formativas realizadas: 6</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Información e atención ao cidadán (2 edicións). 2. Orientación e atención ás persoas usuarias do Servizo Público de Emprego de Galicia (4 edicións). <p>N.º total de persoas formadas: 407 Mulleres: 106 Homes: 301</p> <p>FEGAS e XERENCIA DO SERGAS:</p> <p>N.º de accións formativas realizadas: 1</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Linguaxe de signos e outras ferramentas para a comunicación (dirixido ao persoal de enfermería). <p>N.º total de persoas formadas: 22</p>



	<p>Mulleres: 17 Homes: 5</p> <p>Orzamento destinado: S. X. de Política Social e EGAP: 9600,00 € FEGAS e Xerencia do SERGAS: 300,00 €</p>
<p>3.2.11. Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao en materias específicas sobre accesibilidade nas áreas de coñecemento que teñan relación co deseño e coa execución de obras, así como co deseño de material gráfico ou audiovisual.</p> <p>✿ Universidades</p>	<p>UDC: ausencia datos. Non transmiten datos dende as escolas.</p> <p>USC: ausencia datos. Non existe un procedemento que permita coñecer de maneira sistemática a información.</p> <p>UVIGO: non execución. A normativa de plans de estudo é pechada e non permite inxerencia dende o exterior.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.2.12. Incluír a aprendizaxe do sistema de linguaxe de signos española na formación do voluntariado universitario.</p> <p>✿ Universidades</p>	<p>UDC: non execución.</p> <p>USC: N.º de cursos/módulos sobre linguaxe de signos española en 2013: 8 N.º previsto de persoas formadas: sen dato. N.º de persoas realmente formadas en 2013: 76 Mulleres: 60 Homes: 16</p> <p>UVIGO: ausencia datos. Existen cursos de lingua de signos no Centro de Linguas da Universidade de Vigo, pero non se dispón dos datos concretos.</p> <p>Orzamento destinado: sen dato.</p>
<p>Obxectivo específico 3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á información e á comunicación, aos bens, aos produtos... en igualdade de condicións có resto da poboación.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>3.3.2. Deseñar e executar programas formativos multimedia nos centros da Rede CeMIT e mellorar progresivamente a súa accesibilidade.</p> <p>3.3.3. Deseñar e executar programas formativos e de difusión, coa finalidade de lograr tanto a alfabetización dixital da sociedade galega coma o desenvolvemento da sociedade da información.</p> <p>✿ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – Amtega</p> <p>Nota: mediante o acordo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, o 25 de febreiro de 2010, integráronse nunha rede única a Rede de Dinamización e a Rede de Telecentros da S. X. de Medios: a Rede CeMIT, agora competencia da AMTEGA. Por iso, os datos de ambas as dúas actuacións agora inclúense nunha soa. Ata 2012 seguiu a cubrir a actuación 3.3.2 a S. X. de Medios á espera de facer operativa a transferencia de recursos xestores da devandita rede.</p>	<p>N.º de programas formativos de alfabetización previstos: 3000</p> <p>N.º de programas formativos de alfabetización realizados: 3320</p> <p>N.º de persoas beneficiarias con discapacidade: 1393 Mulleres: 687 Homes: 706</p> <p>Orzamento destinado: 768.272,00 €</p>



	<p>N.º de espazos web adaptados en 2013: 27</p> <p>Segundo os criterios de accesibilidade vixentes e que foron publicados durante as revisións do 2013, a porcentaxe de portais que cumprían o nivel AA no momento da súa publicación era do 49%, e un 89% presentaban un grado A de accesibilidade.</p> <p>Estas revisións de accesibilidade realízanse sobre conxuntos aleatorios de páxinas, e parte da análise execútase con ferramentas automáticas, polo que é imposible garantir un cumprimento íntegro dos criterios. Ademais, unha vez publicados os portais, o contido engadido no día a día tamén está suxeito aos criterios de accesibilidade o que pode provocar variacións na clasificación.</p> <p>Os portais que estarían dentro deste grao de cumprimento AA no momento da súa publicación son:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Portal corporativo da Xunta de Galicia. 2. Porta da Sede electrónica. 3. Abert@s – Portal Open Data. 4. Portal da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI). 5. Portal do Cambio Climático de Galicia (CMATI). 6. Portal do Transporte Público de Galicia (CMATI). 7. Portal da Calidade do Aire de Galicia (CMATI). 8. Portal do Sistema de Información Ambiental de Galicia (CMATI). 9. Portal do Sistema de Información de Residuos de Galicia (CMATI). 10. Portal da Axencia de Innovación. 11. Portal de Turgalicia. 12. Portal do Catálogo de Paisaxe do Deza. 13. Portal da eleccións ao Parlamento de Galicia do ano 2012. 14. OETIC – Obxectivo Emprendemento do Sector TIC. 15. Portal do Canon da Auga. 16. Portal da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. 17. Portal da Administración da Xustiza de Galicia. 18. Portal da Cidade da Cultura. 19. Portal da Secretaría Xeral da Emigración. 20. Portal da Secretaría Xeral da Igualdade. 21. Portal da Asistencia Recíproca Interrexional en Emerxencias 112. 22. Portal dos Datos sobre Actividade Física Saudable. 23. Portal da Plataforma de blogs da Xunta de Galicia. 24. Portal da Rede Transrexional de Impulso da RSE. 25. Portal do Sistema Integrado de Residuos de Galicia. 26. Portal de Xuventude Galicia Net. 27. Portal da Axenda Dixital Local. <p>Orzamento destinado: 386.516,00 €</p>
<p>3.3.10. Desenvolver espazos de lectura fácil nos espazos de comunicación da Xunta de Galicia.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Medios</p>	<p>Actuación non executada por falta de orzamento para esta finalidade.</p> <p>Orzamento destinado:</p>

<p>3.3.11. Fomentar iniciativas que introduzan espazos de lectura fácil nos xornais e nos demais medios de comunicación escrita.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Medios</p>	<p>Actuación non executada por falta de orzamento para esta finalidade.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.3.12. Introducir criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade e/ou formación/experiencia do persoal técnico en materia de discapacidade e accesibilidade, nos concursos de licitación en materia multimedia.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Medios</p> <p>✿ Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG</p>	<p>N.º de concursos nos que se introducen estes criterios e criterios introducidos por concurso:</p> <p>S. X. de MEDIOS: 0</p> <p>Non se realizou ningunha contratación en materia multimedia.</p> <p>Polo que respecta ao resto dos contratos licitados no exercicio, non se incluíron criterios de valoración con requisitos de accesibilidade debido ás características singulares dos contratos. Os contrato licitados foron:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Contratos para a realización de campañas de publicidade. 2. Contrato de servizo técnico para o desenvolvemento da TDT en Galicia. 3. Axudas TDT (televisión dixital terrestre). <p>CRTVG: 18</p> <p>A CRTVG inclúe en todos os servizos que se licitan a obriga do contratista de cumprir as disposicións vixentes en materia de integración social de persoas con discapacidade.</p> <p>Aplicación dos criterios de recoñecemento do tratamento da discapacidade establecidos na Resolución da Dirección Xeral do 28.06.2011, na Comisión Técnica de Programación de TVG.</p> <p>Nos criterios de selección de proxectos audiovisuais de interese inclúese o apartado "Proposta de accesibilidade das persoas discapacitadas á obra audiovisual presentada".</p> <p>Os contratos de produción externa esixen, desde 2010, producións subtituladas.</p> <p>Orzamento destinado:</p> <p>CRTVG: 500 €</p>
<p>3.3.13. Promover a introdución de criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade nas convocatorias públicas en relación co desenvolvemento da sociedade da información.</p> <p>✿ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Amtega</p>	<p>Ausencia datos.</p> <p>O criterio de valoración aplícase nas convocatorias de axudas. En 2013 non existiu liña de axudas.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.3.14. Realizar as adaptacións necesarias no teléfono da muller para facelo accesible ás persoas con discapacidade auditiva.</p> <p>✿ Secretaría Xeral da Igualdade</p>	<p>N.º de atencións efectuadas nesta modalidade: 0</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.3.15. Mellorar a accesibilidade do centro de xestión de emerxencias 112 para persoas con discapacidade auditiva.</p> <p>✿ Axencia Galega de Emerxencias – Axega</p> <p><i>Nota: no documento público do plan esta actuación ten programación 2010, 2011 e 2012. Pero incluíuse no seguimento 2013 por ter continuidade nesta anualidade.</i></p>	<p>N.º total de persoas con discapacidade auditiva atendidas: 24</p> <p>Mulleres: 8</p> <p>Homes: 16</p> <p>Xestións realizadas en 2013 respecto da posta en marcha do CAE 112 Galicia.</p> <p>- Labores de deseño, formación, implantación e probas do sistema.</p>



	<p>- Integración no CAE 112 Galicia da comunicación de emerxencias co Colectivo Xordo de Galiza.</p> <p>Tarefas desenvolvidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formación a unha representación do CAE 112 Galicia por parte da Federación de Persoas Xordas de Galicia. (xefe de servizo, formadores/as do CAE, Explotación Operativa) - Unha vez formada a representación do CAE 112 Galicia, procédese a formar a todo o servizo de operación no sistema de comunicación. Con anterioridade, o persoal de operación recibiu formación no manexo da aplicación informática deseñada para tal fin. <p>Realízanse prácticas co colectivo rexistrado. En total 10 probas, con envío previo por parte do CAE 112 Galicia dun SMS ás persoas rexistradas para indicarlles que poden comezar as prácticas.</p> <p>Previsión de funcionamento do sistema en xaneiro de 2014.</p> <p>N.º de persoas adheridas ao sistema en 2013: 16</p> <p>Mulleres: 6</p> <p>Homes: 10</p> <p>Nota: os datos referidos ao 2013 corresponden aos meses de novembro e decembro</p>
<p>3.3.16. Divulgar o sistema pictográfico de signos – SPC e estender a súa utilización para e entre as persoas con discapacidade intelectual e/ou con problemas de comunicación.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Actuación non executada</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.3.17. Fomentar a implantación de internet de banda larga no medio rural de Galicia, de maneira que as persoas con discapacidade terán máis facilidade de acceso á información, a través de axudas para a extensión de redes de acceso de banda larga sen fíos na contorna rural e para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboacións con maior demanda desatendidas.</p> <p>✿ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – Amtega</p> <p>Novo enunciado da actuación segundo a proposta de Amtega con motivo do seguimento de 2012. O enunciado inicial era: <i>Fomentar a implantación de internet de banda larga no medio rural de Galicia, de maneira que as persoas con discapacidade terán máis facilidade de acceso á información, a través de axudas para a extensión de redes de acceso de nova xeración e para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboación con maior demanda desatendida.</i></p>	<p>N.º de núcleos de poboación adheridos a banda larga durante a anualidade de referencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Coruña: 476 - Lugo: 1285 - Ourense: 239 - Pontevedra: 97 <hr/> <p>Orzamento destinado: 18.000.000,00 €</p>
<p>3.3.18. Implantar un sistema de videointerpretación para persoas xordas na Administración autonómica.</p> <p>✿ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Amtega</p>	<p>N.º de puntos de acceso presenciais: 9</p> <p>N.º de chamadas realizadas: 67</p> <p>Nota: no informe de seguimento de 2012 consta que se rexistraron 717 chamadas realizadas. O descenso explícase</p>



	<p>porque en 2012 se computaron chamadas de proba ou de “curiosos” que facían uso do sistema sen ser persoas con discapacidade auditiva. En 2013 realizouse unha mellora no filtro dos datos para proporcionar información real.</p> <p>Orzamento destinado: 36.361,00 €</p>
<p>Actuación (de nova incorporación en 2012) 3.3.19. Darlle continuidade á emisión diaria dun informativo en lingua de signos.</p> <p>✱ Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG Actuación inicialmente non programada para 2013; garda relación coa actuación 3.3.7 do plan programada para 2011 e xa executada.</p>	<p>N.º de programas emitidos: 248 Persoas destinatarias: persoas con discapacidade auditiva de Galicia Estímase unha audiencia media diaria de 1000 persoas con discapacidade auditiva.</p> <p>Orzamento destinado: 108.000 €</p>
<p>Actuación (de nova incorporación en 2013) 3.3.20. Proxecto de ofrecer subtítulos en varios espazos informativos da TVG.</p> <p>✱ Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG En realidade esta actuación ven a complementar outras dúas actuacións programadas e executadas en anualidades anteriores: a 3.3.8 e a 3.3.9.</p>	<p>Persoas destinatarias: a audiencia da TVG.▯ Resultados: aínda non hai resultados porque se trata dun proxecto en estudo. Está previsto ofrecer, a través da opción correspondente no menú da TDT, a posibilidade de ver con subtítulos os informativos <i>Galicia Noticias</i>, <i>Telexornal Mediodía</i> e <i>Telexornal Serán</i>.</p> <p>Orzamento destinado: 30.000 €</p>

Obxectivo específico 4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, ao medio urbano e ao transporte das persoas con discapacidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>3.4.1. Cofinanciar obras de accesibilidade que leven a cabo os concellos nos edificios públicos municipais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Administración Local</p>	<p>Actuación non executada. Durante o exercicio 2013 non se financiaron obras de accesibilidade nos edificios públicos municipais debido a que non puido aprobarse a orde por inexistencia de orzamento.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.4.2. Manter a convocatoria anual de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais que inclúe investimentos de capital para accesibilidade e eliminación de barreiras por parte das corporacións locais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Familia e Inclusión</p>	<p>O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e o seu financiamento, substitúe a orde anual de subvencións de servizos sociais comunitarios, e recolle no artigo 41.6 transferencias de capital para o financiamento de proxectos de investimento destinados a garantir a eliminación de barreiras e a accesibilidade aos programas e servizos públicos e instalacións de titularidade municipal.</p> <p>Non obstante, a disposición transitoria segunda indica que non será de aplicación este punto en tanto non se aprobe o Mapa galego de servizos sociais e o Plan estratéxico de servizos sociais, pero tamén indica que ata esta aprobación estes investimentos poderán seguir financiándose mediante a concesión de subvencións e/ou a formalización de convenios de colaboración. Pero, a pesar do establecido nesta disposición, en 2013 non se levou a cabo ningún investimento para accesibilidade e eliminación de barreiras no marco sinalado.</p> <p>Pero si houbo financiamento por parte da Secretaría Xeral de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para desenvolver accións relativas a obras incluídas nos plans de zona das zonas rurais correspondentes ao Eixo 3 (servizos e benestar social, medida 32 (Protección social) CA.1 (Mellora das estruturas para a</p>



	<p>protección social no medio rural), en execución dos compromisos subscritos no convenio de colaboración asinado o 7 de maio de 2012 entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais (no marco do Plan de Desenvolvemento Rural Sostible, do goberno de España).</p> <p>Os resultados do dito convenio para 2013 (e que ten continuidade en 2014) son os seguintes:</p> <p>N.º de obras de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas: 3</p> <p>1.- Execución de obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no Centro de día/Vivenda comunitaria do Concello de Vilar de Santos.</p> <p>2.- Execución de obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no Centro de día do Concello de Dodro.</p> <p>3.- Execución de obras de eliminación de barreiras arquitectónicas na Vivenda comunitaria do Concello de Riotorto.</p> <p>Obras nas que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille... 0</p> <p>Orzamento destinado: 62.000 € (previsión en 2014: 47.000 €).</p>
<p>3.4.3. Darlles prioridade, no programa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dirixido á mellora de contornas urbanas, aos proxectos que impliquen unha mellora cualificada das condicións de accesibilidade (é dicir, priorizar aqueles proxectos nos que se detecta un maior índice de barreiras arquitectónicas cara á súa eliminación).</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo</p>	<p>N.º de proxectos executados con eliminación de barreiras existentes: 3</p> <p>1. Ensanche e mellora do acceso ao cemiterio de Pazos de Arenteiro (Boborás).</p> <p>2. Acondicionamento da praza pública de Perrelos (Sarreaus).</p> <p>3. Acondicionamento do contorno do templo de Veracruz - Modificado 1 (Carballiño).</p> <p>N.º de proxectos nos que, ademais, se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille... 0</p> <p>Orzamento destinado: 1.339.902,00 €</p>
<p>3.4.4. Establecer subvencións para a adaptación de restaurantes en edificios singulares, núcleos históricos, paraxes e paisaxes naturais aos que non lles sexa de aplicación a normativa actual por contar con licenza de actividade previa.</p> <p>✿ Secretaría Xeral para o Turismo</p>	<p>Actuación non executada.</p> <p>Non existe unha orde de axudas específica para restaurantes.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.4.5. Establecer subvencións para a adaptación de equipamentos comerciais cara a eliminar as barreiras que limitan o acceso para as persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Comercio</p>	<p>En 2013 non se publicou a orde, pero publicouse outra orde relacionada coa temática desta actuación, polo que en substitución da anterior orde, considérase con actividade en 2013 a actuación 3.4.5:</p> <p>"ORDE do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar</p>


	<p><i>unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo Feder, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (código de procedemento IN223A)"</i></p> <p>Inclúe como criterio de valoración a eliminación de barreiras arquitectónicas.</p> <p>N.º de expedientes nos que se valoraron acción de eliminación de barreiras: 20 (dato estimativo).</p> <p>N.º total de expedientes valorados: 133</p> <p>Con base no punto d) do artigo 9 da dita orde, que di textualmente: "<i>Proxectos que procuren un hábitat máis racional nos puntos de venda e doutros elementos comúns da unidade comercial, segundo criterios de accesibilidade, comodidade e información dos consumidores e usuarios, concretamente aqueles que contribúan á eliminación de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e de comunicación</i>", valoráronse un total de 133 expedientes, distribuídos do xeito seguinte:</p> <p>A Coruña: 42 Lugo: 26 Ourense: 32 Pontevedra: 33</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: Sen dato</p>
<p>3.4.6. Diseñar un sistema tecnolóxico de información do sistema de transportes de Galicia que ofrezca información en tempo real da oferta de transporte, co requirimento de adaptabilidade no desenvolvemento deste sistema (información sobre as condicións de accesibilidade das infraestruturas e medios de transporte público regular de uso xeral).</p> <p>✿ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p>Por parte da Dirección Xeral de Mobilidade e da AMTEGA ultimouse un novo procedemento para o lanzamento deste proxecto, tanto coa finalidade de acadar o mellor resultado tecnolóxico como de optimizar os importantes recursos para investir por parte da Xunta de Galicia como das empresas contratistas dos servizos de transporte público.</p> <p>Atendendo a esta nova programación, prevese que o SAE estará operativo no mes de xullo de 2015.</p> <p>Non obstante, considérase executada a actuación, tendo en conta que fala de "diseñar" un sistema.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.4.8. Poñer en marcha actuacións de revisión das infraestruturas "maiores" auxiliares do transporte (estacións de autobuses) para garantir as condicións básicas de accesibilidade.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p>N.º de estacións de autobuses revisadas e adaptadas:</p> <p>A Dirección Xeral de Mobilidade deseñou durante o exercicio 2013 un plan de actuación (denominado Plan RENOVE) de estacións de autobuses.</p> <p>Prevese a súa execución material ao longo dos exercicios 2014-2015, cun investimento estimado de 1,8 millóns de euros.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.4.9. Poñer en marcha un plan de revisión de infraestruturas auxiliares de transportes (marquesiñas, zonas de acceso...) que incorpore como actuación preferente a consecución de infraestruturas accesibles para as persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p>Actuación non executada</p> <p>Con motivo do seguimento 2012 informouse de que esta actuación quedou posposta ao momento ulterior á conclusión do plan RENOVE de estacións de autobuses, ao ser estas os principais centros de acceso dos usuarios ao sistema de transporte público.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>



<p>3.4.10. Esixir a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida de calquera vehículo que se adscriba por primeira vez a concesións de transporte público de persoas por estrada de uso xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p>N.º de vehículos adscritos en 2013: 26</p> <p>Orzamento destinado: Esta actuación non prevé un orzamento destinado directamente pola Administración, senón que constitúe unha obriga dos contratistas dos servizos de acordo co Plan de modernización das concesións de transporte.</p>
<p>3.4.11. Adaptar a sinalización dos vehículos (<i>carteis</i> frontais, laterais...) á normativa vixente en materia de accesibilidade.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p>N.º de vehículos adaptados: Esta actuación enmárcase no plan de modernización das concesións de transporte público. A necesidade de optimizar os medios humanos e técnicos de seguimento e inspección dos que dispón a Administración pública determina que o seguimento desta actuación se leve a cabo no marco das funcións de control e inspección xerais atribuídas á Administración, sen que conste na Dirección Xeral de Mobilidade que se detectasen supostos de incumprimento; en todo caso, non é factible establecer indicadores de seguimento.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>3.4.12. Obrigar a que as empresas lles presten asistencia ás persoas con discapacidade para o acceso e o abandono dos vehículos, conforme ao que establece a lexislación aplicable vixente en cada momento.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p>N.º de queixas de persoas usuarias admitidas: 0</p> <p>Ao longo do ano 2013 non se tivo coñecemento de queixas formuladas por persoas usuarias demandantes deste tipo de servizos.</p> <p>Orzamento destinado: Esta actuación é obrigada para as empresas polo Plan de modernización das concesións, de acordo coas esixencias previstas na lexislación vixente en cada momento, polo que non existe un orzamento público dirixido especificamente a tal finalidade.</p>
<p>3.4.13. Establecer medidas específicas para persoas con discapacidade como parte do plan de calidade do sistema de transporte público.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p>Actuación non executada.</p> <p>Nos últimos anos produciuse unha evolución nas pautas de mobilidade da poboación, por mor de cambios sociais e da situación económica, polo que resulta preciso efectuar unha maior adaptación deste programa e dos requirimentos do mesmo a esta cambiante demanda de mobilidade.</p> <p>Orzamento destinado:</p>

RESUMO²:

- Non se conta con datos nunha das actuacións, a 3.2.11, polo que non se terá en conta para os efectos de contabilización. Así, en vez de partir dun total de 33 medidas programadas para 2013, pártese de 32. Isto implica que se registrou actividade no **68,75 %** das actuacións; é dicir, en 22 de 32 actuacións.
- As **actuacións sen actividade** son a 3.1.4, 3.1.5, 3.3.10, 3.3.11, 3.3.13, 3.3.16, 3.4.1, 3.4.4, 3.4.9 e 3.4.13
- Non obstante, cómpre contar en positivo a agregación da actuación 3.3.19 de nova incorporación en 2012 e que continuou en 2013, así como a 3.2.5. programada ata 2012 e que seguiu con actividade en 2013, e a 3.3.15 con programación 2010-2012 que tivo continuidade en 2013; máis dúas de nova incorporación en 2013: a 3.1.6 e 3.3.20. Neste caso, a porcentaxe de actividade sobe ata un **72,97 % (é dicir, 27 actuacións con actividade dun total de 37)**.

Gráfico 3. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 3

Fonte: Elaboración propia.

² Non se ten en conta neste resumo a actuación 3.3.15, xa que non estaba programada para 2013; non obstante, estase á espera de resposta do departamento competente (AXEGA), xa que houbo actividade en relación coa posta en marcha do CAE112-Galicia (probable modificación do enunciado da actuación, en función da información que se reciba).



ÁREA 4. PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

A área 4 ten como obxectivo básico promover a autonomía das persoas con discapacidade e asegurar a súa plena inclusión na vida comunitaria.

Segundo o número de actuacións, ocupa o terceiro posto das áreas de intervención con maior peso, despois da área 3 “Accesibilidade” e da área 6 “Formación e emprego”. Conta no período de vixencia do plan cun total de 34 medidas, que constitúen o 11,1 % do conxunto de medidas do plan.



As actuacións definidas nesta área diríxense á consecución dos seguintes obxectivos específicos:

1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.
2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.
3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a importancia da autonomía persoal das persoas con discapacidade.
4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.

Para o exercicio 2013, programáronse 29 actuacións do total establecido no período 2010-2013 nesta área, que debían ser executadas polos seguintes organismos: 1) Secretaría Xeral de Política Social; 2) Universidades; 3) Instituto Galego de Vivenda e Solo; 4) Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; 5) Secretaría Xeral de Medios; 6) Compañía de Radio Televisión de Galicia; 7) Dirección Xeral de Emprego e Formación; 8) Axencia Galega de Innovación; 9) Cermi Galicia.

No cadro que segue, infórmase dos resultados acadados para cada unha das actuacións previstas con actividade en 2013.

ÁREA 4. PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivo específico 1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>4.1.1. Responder ás necesidades de eliminar as barreiras arquitectónicas na obra existente no Sistema universitario de Galicia (SUG), segundo a dispoñibilidade orzamentaria.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p>UDC:</p> <p>N.º de adaptacións realizadas: 4</p> <p>Descrición das adaptacións arquitectónicas realizadas e do edificio no que se levou a cabo:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Adaptación de edificio normal, instalación de rampla e plataforma metálica de acceso. 2. Adaptación do acceso á cafetería universitaria de Oza. 3. Instalación de rampla na Casa do Francés, onde se atopa o SAPE. 4. Seguinte fase da mellora de accesibilidade da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. <p>USC: non execución. Non se realizaron novas obras por non existir demanda.</p> <p>UVIGO: ausencia datos.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: UDC: 377.762,00 €</p>
<p>4.1.2. Adecuar o número de cuartos accesibles no Sistema universitario de residencias (SUR) á demanda existente.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p>USC:</p> <p>N.º de novos cuartos adaptados: 0</p> <p>N.º total de cuartos adaptados dispoñibles: 9</p> <p>N.º de estudantes con discapacidade que ocupan cuarto o 31 de decembro 2013: 27</p> <p>Mulleres: 19 Homes: 8</p> <p>Para as universidades <u>sen</u> sistema residencial propio:</p> <p>UDC:</p> <p>N.º de cuartos adaptados dispoñibles: 5</p> <p>N.º de estudantes con discapacidade solicitantes de cuarto adaptado durante 2013: 1 home</p> <p>N.º de estudantes con discapacidade solicitantes aos que se lles concedeu: 1 home</p> <p>UVIGO:</p> <p>N.º de cuartos adaptados dispoñibles: 12</p> <p>N.º de estudantes con discapacidade que ocupan un cuarto no SUR o 31 de decembro de 2013: 1 home</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>4.1.3. Aprobar, poñer en marcha e manter un novo programa de alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma, no que as persoas con discapacidade se consideren entre os colectivos prioritarios e os colectivos cualificados.</p> <p>✱ Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)</p>	<p>N.º de persoas con discapacidade solicitantes: 227</p> <p>N.º de persoas con discapacidade aos que se lle adxudica: 5</p> <p>Non se dispón de datos desagregados por sexo.</p> <p>O número de adxudicacións de vivendas respecto ao de demandantes con discapacidade é do 2,20%, e o de adxudicacións totais respecto do total de demandantes é do</p>



	<p>3,11%.</p> <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
<p>4.1.7. Establecer mecanismos que posibiliten a cesión de vivendas (do IGVS) a entidades ou asociacións de colectivos con necesidades especiais ou con finalidades de interese público ou social.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) 	<p>N.º total de vivendas e locais cedidos a entidades: 4 vivendas e 21 locais.</p> <p>Entidades beneficiarias:</p> <p><u>Asociación Down Galicia:</u> 4 vivendas cedidas a través da Consellería de Traballo e Benestar que se destinan ao proxecto Vida Independente.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. C88030E cta 232, rúa Estocolmo 10, 3.º L, P. de Fontiñas, Santiago de Compostela. 2. C136CD63 cta 693, rúa Camelia, n.º 13, 5.º esquerda, A Coruña. 3. PO94503 cta 39, rúa Aragón, n.º 209, portal 1, 7.º L, Vigo. <p>Revogouse, con data 23/01/2 013, a cesión dunha cuarta vivenda por parte da Consellería de Traballo e Benestar a solicitude de Down Galicia.</p> <p>Ademais destas vivendas, produciuse a cesión de 21 locais. Esta cesión, ao igual que a das vivendas, é sempre a través dun organismo administrativo (consellería, concello...).</p> <p>Distribuíronse entre as seguintes entidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asociación Síndrome de Down da Coruña (A Coruña): 1 local • Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade (Santiago): 1 local • Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Alzheimer (Santiago): 1 local • Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, FUNGA (Santiago): 3 locais • Asociación Síndrome de Down TEIMA (Ferrol): 7 locais • Asociación Raiolas-Autismo-Lugo (Lugo): 1 local • Asociación de Pais de Menores Paralíticos Cerebrais da Provincia de Lugo (Lugo): 1 local • Asociación Lucense de Esclerose Múltiple, ALUCEM (Lugo): 1 local • Fundación de Dano Cerebral (Lugo): 1 local • Asociación Lucense de Axuda a Enfermos Mentais, ALUME (Güitiriz): 1 local • Asociación de Pais de Nenos Minusválidos de Vigo (Vigo): 1 local • Fundación Integra (Vigo): 1 local • Down Vigo (Vigo): 1 local <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
<p>Obxectivo específico 2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.</p>	
<p>Actuación</p> <p>4.2.1. Recoñecer academicamente (coa concesión de créditos) a colaboración nas aulas dos/as estudantes compañeiros/as de alumnos e alumnas con</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p> <p>UDC: en 2013 non estivo activo este programa, xa que o recoñecemento de créditos antigo (libre elección) non lles serve a estudantes de grao.</p>



<p>necesidades educativas especiais, seguindo un protocolo único para o Sistema Universitario de Galicia.</p> <p>✿ Universidades</p>	<p>USC: N.º total de alumnas e alumnos que solicitan ese apoio: 1 Mulleres: 1 Homes: N.º de casos resoltos: 1 N.º total de alumnas e alumnos que colaboran: 8 Mulleres: 6 Homes: 2 N.º de créditos concedidos: 1 (número de créditos concedidos a cada persoa participante).</p> <p>UVIGO: N.º total de alumnas e alumnos que solicitan ese apoio: 4 Mulleres: 1 Homes: 3 N.º de casos resoltos: 4 N.º total de alumnas e alumnos que colaboran: 6 Mulleres: 3 Homes: 3</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: UVigo: 8.000,00 €</p>
<p>4.2.2. Poñer en marcha un servizo de préstamo de axudas técnicas no ámbito social, baseado na coordinación e na complementariedade co servizo de préstamos existente no sistema sanitario público.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Servizo de préstamos implantado: contrato adxudicado en 2013 e pendente da súa posta en marcha en 2014.</p> <p>Nome completo do servizo e descrición breve do seu funcionamento. o portal de Produtos de Apoio será un sitio web enfocado a favorecer e facilitar a adquisición e intercambio de produtos de apoio entre as persoas con discapacidade. O servizo inclúe unha ferramenta de busca e o asesoramento para consultas en materia de accesibilidade.</p> <p>N.º de préstamos realizados: 0.</p> <p>A súa posta en marcha estaba prevista para 2014 como se sinala máis arriba.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 32.750 euros</p>
<p>4.2.3. Ampliar o servizo de teleasistencia para chegar a un maior número de persoas usuarias e facelo extensible ás residencias universitarias e aos centros residenciais docentes.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º previsto de novos dispositivos: 960 N.º de novos dispositivos creados: 960 N.º total de dispositivos dispoñibles: 5760 N.º total de dispositivos en activo: 4670 N.º de novos servizos de teleasistencia demandados: 140 N.º de novos servizos de teleasistencia atendidos: 140</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 867.539 €</p>
<p>4.2.4. Manter e, se é o caso, aumentar o número de unidades do servizo galego de transporte adaptado 065 como servizo programado non urxente.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º previsto de novas unidades: 0 N.º de unidades creadas: 0 N.º de servizos demandados do 065 en 2013: 1.021.176 N.º de servizos prestados durante esa anualidade: 593.000 N.º total de persoas que teñen recoñecida a súa condición de usuarias: 8000 Mulleres: 4800 Homes: 3200</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 12.594.653 €</p>



<p>4.2.5. Darlle continuidade ao programa Xantar na casa.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral de Política Social (a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar). 	<p>N.º de servizos demandados: 358 N.º de servizos prestados: 1200 N.º de persoas con discapacidade demandantes en 2013: 101 N.º de persoas con discapacidade ás que se lles prestou o servizo: 101 N.º medio mensual de persoas usuarias con discapacidade: 8</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 258.055,00 €</p>
<p>4.2.6. Darlle continuidade ao programa de pisos tutelados (vivendas con apoio).</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral de Política Social 	<p>N.º de novas persoas con discapacidade solicitantes: 0 N.º de novas persoas con discapacidade admitidas: 0 N.º total de persoas usuarias con discapacidade en 2013: 55 de 60 concertadas Mulleres: 35 Homes: 20</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 429.130,00 €</p>
<p>4.2.7. Incluír os programas de adaptación á vida diaria (vivendas con apoio) como unha actuación subvencionable con carácter prioritario na liña de axudas dirixida ás entidades de iniciativa social.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral de Política Social 	<p>Actuación non executada, por non existir convocatoria de axudas a entidades de iniciativa social en 2013.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>4.2.8. Manter o programa de acollemento familiar para facilitar a integración de persoas con discapacidade no seo dunha familia.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral de Política Social 	<p>N.º de solicitudes realizadas en 2013: non houbo novas solicitudes de acollemento para persoas con discapacidade. Todas son prórrogas da xa existentes. N.º total de acollementos xestionados en 2013: 201 (inclúe persoas con discapacidade e persoas maiores). N.º total de persoas con discapacidade acollidas: 17 Mulleres: 4 Homes: 13</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 66.871,00 €</p>
<p>4.2.9. Aumentar o número de prazas en centros de atención diúrna (centros ocupacionais e centros de día) nos que se imparte formación e habilitación para acadar unha inclusión social e potenciar a autonomía das persoas usuarias.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral de Política Social 	<p>N.º total de prazas en centros de día 2013: 957 N.º total de prazas en centros de día 2012: 974 Incremento anual en prazas de centros de día: -1,7% N.º total de persoas con discapacidade usuarias de centros de día: 808 Mulleres: 352 Homes: 456 N.º total de prazas en centros ocupacionais 2013: 1825 N.º total de prazas en centros ocupacionais 2012: 1800 Incremento anual de prazas nestes centros: 1 % N.º total de persoas con discapacidade usuarias de centros ocupacionais: 1620 Mulleres: 674 Homes: 946</p>

	<p>N.º total de accións formativas para o emprego impartidos nos centros ocupacionais: 177</p> <p>N.º de horas lectivas das accións formativas: 51.317</p> <p>Porcentaxe de horas prácticas en centros de traballo: sen dato porcentual facilitado polo departamento responsable. O número total de horas prácticas foi de 1406. Cálculo do dato porcentual polo Grupo Coordinador de Seguimento a partir dos datos facilitados: 2,74%.</p> <p>Porcentaxe de persoas con discapacidade cun plan individualizado de inclusión sociolaboral: sen dato porcentual facilitado polo departamento responsable. O número de persoas cun plan individualizado foi de 1266. Cálculo do dato porcentual polo Grupo Coordinador de Seguimento a partir dos datos facilitados: 78,15%</p> <p>Porcentaxe anual de incorporacións ao mercado de traballo (específico para os centros ocupacionais): sen dato porcentual facilitado polo departamento responsable. O número de persoas incorporadas ao mercado laboral foi de 23: 15 homes e 8 mulleres. Cálculo do dato porcentual polo Grupo Coordinador de seguimento a partir dos datos facilitados: 1,42</p> <p>Orzamento destinado: 17.208.003,00 € (corresponde a centros de día+centros ocupacionais)</p>																									
<p>4.2.10. Proporcionar recursos económicos suficientes para contribuír á cobertura dos gastos relacionados coa permanencia no domicilio habitual.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de persoas beneficiarias da libranza por grao e nivel de dependencia: 16.733</p> <table border="1" data-bbox="791 1120 1394 1332"> <thead> <tr> <th></th> <th>Mulleres</th> <th>Homes</th> <th>Sen identificar</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Grao III</td> <td>7900</td> <td>3781</td> <td>64</td> <td>11.745</td> </tr> <tr> <td>Grao II</td> <td>3041</td> <td>1814</td> <td>34</td> <td>4889</td> </tr> <tr> <td>Grao I</td> <td>55</td> <td>41</td> <td>3</td> <td>99</td> </tr> <tr> <td>TOTAL</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>16.733</td> </tr> </tbody> </table> <p>Orzamento destinado: 72.601.334,25€.</p>		Mulleres	Homes	Sen identificar	Total	Grao III	7900	3781	64	11.745	Grao II	3041	1814	34	4889	Grao I	55	41	3	99	TOTAL				16.733
	Mulleres	Homes	Sen identificar	Total																						
Grao III	7900	3781	64	11.745																						
Grao II	3041	1814	34	4889																						
Grao I	55	41	3	99																						
TOTAL				16.733																						
<p>4.2.11. Poñer en marcha de maneira progresiva os servizos do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi).</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Leváronse a cabo as seguintes tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Publicación da relación de postos de traballo adscritos ao centro (dirección e mantemento). - Tramitacións administrativas internas para a adscrición ao Patrimonio da Xunta de Galicia, como paso previo ao inicio de actividade. <p>Orzamento destinado:</p>																									
<p>4.2.13. Reforzar a formación continuada do persoal dos equipos de valoración.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de accións formativas previstas: 8</p> <p>N.º de accións formativas realizadas: 8</p> <p>Nome das accións formativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Curso sobre aplicación de soporte ao procedemento BS61. - Curso sobre o Sistema integrado galego de atención á dependencia (SIGAD) e expediente dixital de dependencia. - Curso sobre análise dos procesos de dependencia, o 																									



	<p>modelo de toma de decisións (Orde do 2 de xaneiro de 2012).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Curso sobre a determinación da capacidade económica da persoa beneficiaria e cuantificación e xestión das libranzas. - Curso sobre a valoración das persoas con enfermidade mental. <p>N.º total de horas lectivas: 180</p> <p>N.º total de persoas formadas: 133</p> <p>Mulleres: 112</p> <p>Homes: 21</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 13.345 euros</p>																																				
<p>4.2.14. Incorporar un servizo de promoción da autonomía persoal como servizo ao que optar dentro da carteira de servizos de atención ás persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Incorporación dun servizo de promoción da autonomía persoal na carteira de servizos:</p> <p>Incorporado este servizo ao DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, publicado no DOG de 24/09/2013 (anexo I, pp. 37.522 a 37.524).</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: sen custo engadido.</p>																																				
<p>4.2.15. Promover que a valoración do contorno nos procesos de valoración da dependencia inclúa tamén a valoración do grao de autonomía, de xeito que poidan establecerse nos programas individuais de atención (PIA) os servizos específicos de promoción da autonomía que favorezan a permanencia da persoa no seu contorno, tal e como se prevé na normativa.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p> <p>Continuación...</p> <p>4.2.15. Promover que a valoración do contorno nos procesos de valoración da dependencia inclúa tamén a valoración do grao de autonomía, de xeito que poidan establecerse nos programas individuais de atención (PIA) os servizos específicos de promoción da autonomía que favorezan a permanencia da persoa no seu contorno, tal e como se prevé na normativa.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de servizos de promoción de autonomía incluídos en PIA: 42</p> <p>Descrición dos servizos incluídos:</p> <p>Atención Temperá Estimulación cognitiva Habilitación e terapia ocupacional Habilitación psicosocial para persoas con enfermidade mental e discapacidade intelectual Apoios persoais e coidados en aloxamentos especiais.</p> <table border="1" data-bbox="791 1413 1394 1854"> <thead> <tr> <th colspan="4">Libranza Vinculada á Promoción da Autonomía Persoal</th> </tr> <tr> <th>Servizo</th> <th>Mulleres</th> <th>Homes</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Atención temperá</td> <td>1</td> <td>5</td> <td>6</td> </tr> <tr> <td>Estimulación cognitiva</td> <td>2</td> <td>1</td> <td>3</td> </tr> <tr> <td>Habilitación e terapia ocupacional</td> <td>1</td> <td>3</td> <td>4</td> </tr> <tr> <td>Habilitación psicosocial para persoas con enfermidade mental ou discapacidade intelectual</td> <td>7</td> <td>3</td> <td>10</td> </tr> <tr> <th colspan="4">Servizo de Promoción da Autonomía Persoal</th> </tr> <tr> <th>Servizo</th> <th>Mulleres</th> <th>Homes</th> <th>Total</th> </tr> <tr> <td>Apoios persoais e coidados en aloxamentos especiais</td> <td>8</td> <td>11</td> <td>19</td> </tr> </tbody> </table> <hr/> <p>Orzamento destinado: 132.388,00 €</p>	Libranza Vinculada á Promoción da Autonomía Persoal				Servizo	Mulleres	Homes	Total	Atención temperá	1	5	6	Estimulación cognitiva	2	1	3	Habilitación e terapia ocupacional	1	3	4	Habilitación psicosocial para persoas con enfermidade mental ou discapacidade intelectual	7	3	10	Servizo de Promoción da Autonomía Persoal				Servizo	Mulleres	Homes	Total	Apoios persoais e coidados en aloxamentos especiais	8	11	19
Libranza Vinculada á Promoción da Autonomía Persoal																																					
Servizo	Mulleres	Homes	Total																																		
Atención temperá	1	5	6																																		
Estimulación cognitiva	2	1	3																																		
Habilitación e terapia ocupacional	1	3	4																																		
Habilitación psicosocial para persoas con enfermidade mental ou discapacidade intelectual	7	3	10																																		
Servizo de Promoción da Autonomía Persoal																																					
Servizo	Mulleres	Homes	Total																																		
Apoios persoais e coidados en aloxamentos especiais	8	11	19																																		

4.2.16. Considerar nas axudas á investigación convocadas no marco do Plan de I+D+i unha liña específica de actuación relativa á innovación en materias relacionadas coa promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade, para o que se terá en conta a perspectiva de xénero.

- **Axencia Galega de Innovación**

Liñas de investigación relacionadas coa promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade para o que se terá en conta a perspectiva de xénero:

1. **Liña de actuación 8.1:** saúde, servizos sociais e dependencia do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (I2C). Co obxecto de desenvolver un sistema galego de servizos sociais capaz de darlles resposta ás demandas da sociedade e de mellorar a calidade de vida das persoas dependentes, é preciso favorecer e motivar os distintos axentes deste sector para que fagan unha aposta decidida pola intensificación da innovación na súa actividade, tanto no que se refire á prestación dos servizos asistenciais principais como, e de xeito moi especial, nos sectores de apoio (como poden ser produtos nutricionais, mobiliario, equipamento técnico, aplicacións telemáticas, sistemas de transporte adaptado, ortopedia etc.).
2. **Liña de actuación 8.3:** tecnoloxías da información e as comunicacións (tic) do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (I2C). Investigación sobre aplicacións en: sanidade, inclusión e e-inclusión, lecer, transporte, emerxencias, administración pública, apoio á creatividade e o desenvolvemento persoal, creación e xestión de contidos, mellora de procesos e colaboración empresarial, seguridade e confianza, turismo, medio natural, xestión enerxética e desenvolvemento sustentable.
3. **Liña de actuación 8.7:** transporte do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (I2C) O principal obxectivo desta prioridade temática é o desenvolvemento de sistemas integrados de transporte máis seguros, ecolóxicos e intelixentes en beneficio da sociedade e a política climática, e que respecten o medio e os recursos naturais. Aspectos fundamentais son a descarbonización dos sistemas de transporte, o aumento da eficiencia e a seguridade desde unha perspectiva integral (vehículos, infraestruturas, sistemas e usuarios) e a competitividade da industria. Mobilidade urbana sustentable, incluíndo a organización do transporte, os vehículos, as infraestruturas de comunicacións e a relación co desenvolvemento urbanístico. Indicar a liña de investigación.

Proxectos de investigación financiados en 2013 en relación con esta temática:

FUTURE-HDA: Internet del futuro en el hogar digital asistencial. Convocatoria 2012: INTERCONECTA 2012.

Entidades: Aldaba Servicios Profesionales, SL; Bahía Software. SL; Egatel, SL; Level Telecom, SL; R Cable Y Telecomunicaciones Galicia, SA; Sanatorio Quirúrgico Modelo SL; 2 Mares Demil, SL.

Orzamento destinado:

495.853,00 € (axuda concedida en 2012, que na anualidade 2013 tivo unha axuda de 495.853,00€).

4.2.17. Promover o voluntariado entre as persoas con

N.º de acordos de colaboración con entidades do ámbito



<p>discapacidade para que, ademais de receptoras, sexan tamén prestadoras da acción voluntaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ✿ Cermi 	<p>da discapacidade: D. X. DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO: 2 CERMI GALICIA: 4 (Down Galicia)</p> <p>N.º total de persoas voluntarias participantes con discapacidade: 67</p> <p>- D. X. de Xuventude e Voluntariado: 32 Mulleres: 3 Homes: 29.</p> <p>- Cermi Galicia: 35</p> <table border="1" data-bbox="788 539 1422 580"> <tr> <td>Mulleres:</td> <td>16</td> <td>Homes:</td> <td>19</td> </tr> </table> <p>Down Galicia: 12*</p> <table border="1" data-bbox="788 618 1422 658"> <tr> <td>Mulleres:</td> <td>6</td> <td>Homes:</td> <td>6</td> </tr> </table> <p>FAXPG: 10</p> <table border="1" data-bbox="788 689 1422 730"> <tr> <td>Mulleres:</td> <td>5</td> <td>Homes:</td> <td>5</td> </tr> </table> <p>Fegadace: 13**</p> <table border="1" data-bbox="788 761 1422 801"> <tr> <td>Mulleres:</td> <td>5</td> <td>Homes:</td> <td>8</td> </tr> </table> <p>* Só nunha entidade (Down Pontevedra-Xuntos) hai 3 convenios de colaboración con entidades nas que son voluntarias varias das súas persoas usuarias. Noutras entidades as persoas usuarias son voluntarias dalgunha entidade, pero non hai convenios de colaboración entre a dita entidade e a entidade membro de Down Galicia. Pola súa banda, Down Compostela realizou unha actividade (Limpeza do Río Sarela) con motivo da celebración do Día da Biodiversidade, na que participaron de forma voluntaria dúas mulleres usuarias da Fundación Down Compostela, ademais doutras persoas usuarias, en colaboración co voluntariado da Fundación Solidaridad Carrefour.</p> <p>** O voluntariado entre as persoas con discapacidade nas entidades segue a ser incipiente, pero algo avanza (actividades puntuais). Hai persoas con discapacidade afectadas con dano cerebral na xunta directiva dalgunha entidade..</p> <p>Orzamento destinado: 3.000,00 € (D. X. de Xuventude e Voluntariado).</p>	Mulleres:	16	Homes:	19	Mulleres:	6	Homes:	6	Mulleres:	5	Homes:	5	Mulleres:	5	Homes:	8
Mulleres:	16	Homes:	19														
Mulleres:	6	Homes:	6														
Mulleres:	5	Homes:	5														
Mulleres:	5	Homes:	8														
<p>4.2.18. Darlle continuidade á convocatoria anual de axudas individuais destinadas á mellora da accesibilidade das vivendas e á adquisición de produtos de apoio e axudas técnicas e estender o prazo de solicitudes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social 	<p>Actuación non executada. Non se publicou convocatoria de axudas individuais en 2013.</p> <p>Orzamento destinado:</p>																
<p>Obxectivo específico 3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a autonomía persoal das persoas con discapacidade.</p>																	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>																
<p>4.3.1. Fomentar, a través das actuacións propias do departamento administrativo competente en materia de voluntariado (feira de voluntariado, congreso estatal, xornadas, encontros...), as redes sociais entre o propio</p>	<p>N.º de entidades que forman parte da rede social en 2013: N.º total de entidades que forman parte da rede social: CERMI GALICIA: 13 Fegadace: 5 Down Galicia: 8. As oito entidades do movemento Down</p>																

<p>movemento asociativo cara a reforzar o apoio ás familias das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none">• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado• Cermi	<p>Galicia están dadas de alta no rexistro de acción voluntaria. En 2013 catro entidades participaron nalgún acto de Voluntariado, concretamente Down Coruña, Down Ferrol, Down Lugo, Down Vigo e Down Galicia en representación de todas as entidades membro.</p> <p><u>D. X. de Xuventude e Voluntariado</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Colaboración no programa de autonomía persoal e social a través do voluntariado con DOWN Lugo <p>N.º persoas beneficiarias: 45</p> <ul style="list-style-type: none">- Colaboración na formación de voluntariado con COGAMI nos programas: Medrando na rede, Acompañote, Voluntariado, Voluntariado sénior, e Visibles. <p>N.º persoas beneficiarias: 4000</p> <ul style="list-style-type: none">- Deseño e implantación de programas de intervención específicos na diversidade funcional: imaxe corporal, educación afectivo sexual, convivencia, uso das novas tecnoloxías, PDF. Dirixidos a persoas con discapacidade, ás súas familias, profesionais, persoal da rede de información xuvenil e poboación interesada. <p>N.º persoas beneficiarias: 623 (grazas ao traballo con entidades do sector: DownGalicia, Feafes Galicia, Fademga, Aspronaga, Apen, COGAMI).</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p> <p><u>D. X. de Xuventude e Voluntariado:</u></p> <p>28.500 euros (estimativo, xa que non se facilitan os datos económicos de todas as actuacións).</p>
<p>4.3.2. Publicar os datos estatísticos relativos ás persoas usuarias do sistema xerado pola Lei de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none">• Secretaría Xeral de Política Social	<p>N.º de estatísticas publicadas na web institucional: 12 publicacións (de carácter mensual).</p> <p>Na liña de estatísticas da sección de discapacidade da web da Consellería de Traballo e Benestar, inclúese unha ligazón ao SAAD no que se atopan rexistrados os datos estatísticos sobre as persoas usuarias do sistema xerado pola Lei de dependencia en Galicia.</p> <p>En todo caso, cómpre sinalar que, no momento en que se facilitan os datos de execución 2013, está en fase de elaboración o proxecto técnico estatístico.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>4.3.3. Incluír contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none">• Secretaría Xeral de Política Social• Secretaría Xeral de Medios• Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG	<p>Contidos/espazos incluídos:</p> <p><u>S. X. de Política Social:</u></p> <ol style="list-style-type: none">1. No ámbito da comunicación externa: xestión da páxina web, redacción/emisión de contidos para medios de comunicación, intervencións en congresos, relatorios, charlas etc. (Down Galicia).2. Respecto da xestión e mantemento de redes sociais: xestión de contidos en Facebook e Twitter e difusión de proxectos en convocatorias con voto dixital (Down Galicia).3. En canto ás accións de sensibilización social: deseño e execución dos actos do Día Mundial da Síndrome de



Continuación...

4.3.3. Incluir contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade.

- ✿ Secretaría Xeral de Política Social
- ✿ Secretaría Xeral de Medios
- ✿ Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG

Down (planificación de reportaxes e informacións, redacción e adaptación a lectura fácil do manifesto, creación de anuncios publicitarios, elaboración de dípticos e materiais divulgativos, xestións de visitas institucionais... (Down Galicia).

4. Outras actuacións de comunicación: xestión e elaboración de informes, redacción de proxectos específicos da área de comunicación... (Down Galicia).
5. Actividades de sensibilización no marco do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades (Cogami).
6. Accións encamiñadas á prevención da dependencia e á promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade intelectual, de forma máis directa e específica a UDS de Autonomía Persoal e Dependencia (que se centra no estudo concreto desta temática); área de dereitos, envellecemento, área de emprego (Fademga).
7. Formación en autodeterminación dirixida a familias, como unha liña de traballo no marco de Apoio Familiar que axuda a promover a autonomía persoal (Fademga).
8. Actos de sensibilización no Día Mundial do Autismo: Accesibilidade no contorno sanitario e formación para o emprego (Federación Autismo Galicia).

Nota: a entidade Raiolas Lugo comunica que o seu labor está sempre orientado a lograr unha maior autonomía persoal nas persoas con Trastornos do Espectro Autista pero non contan con orzamento específico nin programa (é un obxectivo de cada programa da asociación).

S. X. de MEDIOS:

Tal e como se indicou na medida 1.3.6, este departamento realizou unha campaña institucional o 3 de decembro que se publicou na prensa escrita, radio, e internet, co obxectivo de destacar a importancia dunha sociedade integradora e accesible a todos de igual a igual.

CRTVG:

1. O programa *A Revista* ofreceu máis dunha ducia de reportaxes e conexións en directo, entre outros temas, sobre a Gala Benéfica ASMIS, a exposición itinerante "Con outra mirada", o Día Internacional do Síndrome de Asperguer, a Fundación Lar de Vilagarcía, de integración psico-socio-laboral de persoas con trastornos mentais; K o programa de termalismo, en colaboración con COGAMI, no balneario de Lobios; o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, un novo andador para un neno con parálise cerebral e o Premio Integra BBVA.
2. A edición vespertina deste programa, *A Revista da Tarde*, achegouse a un programa de integración xestáltico sobre autismo e asperger, entrevistou a un radioaficionado en cadeira de rodas, coñeceu o labor de voluntariado de

<p>Continuación...</p> <p>4.3.3. Incluír contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none">• Secretaría Xeral de Política Social• Secretaría Xeral de Medios• Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG	<p>ASPAS e ACOPROS e visitou o Centro Nacional de Vela Adaptada de Sanxenxo.</p> <ol style="list-style-type: none">3. En canto a <i>A Revista Fin de Semana</i>, entre outros temas, coñeceu a historia de superación dun rapaz que pasou de estar nunha cama con tetraplexia a intentar realizar en bici a Titan Desert, falou co actual campión de España de tenis paralímpico e seguiu unha rapaza cunha enfermidade neurodexenerativa na súa realización do Camiño de Santiago.4. O espazo cultural <i>ZigZag Diario</i> interesouse polo documental <i>Con etiqueta</i>, que trata sobre as doenzas mentais.5. O programa <i>Casamos!</i> amosou a historia de amor dunha parella xordomuda.6. O espazo dos servizos informativos <i>Reporteiros</i> achegouse aos soños, habilidades e inxedanzas das persoas con Síndrome de Down.7. <i>Vivir Aquí</i> falou de segundas oportunidades e da recollida de tapóns de plástico para axudar a nenos e nenas cuxas familias teñen dificultades para custearlles o tratamento.8. Unha persoa con discapacidade física participou, xunto a outras persoas, nunha actividade proposta polo programa <i>Luar</i> o "Lanzamento de garabullos".9. Nas historias de emoción, sentimentos e sorpresas que cada semana ofrece o programa <i>Desexos Cumpridos</i> foron protagonistas unha persoa con parálise cerebral, un piloto de rallys sen brazos, un músico invidente e un tenista paralímpico.10. O espazo <i>Deporte Extra</i>, cunha media de sete pases por reportaxe na tvG2, achegou os seguintes temas: o III Open Internacional Cidade da Coruña de Tenis en Cadeira de Rodas, o Campionato de España de Tenis en Cadeira de Rodas, as futuras promesas do triatlón galego e baloncesto en cadeira de rodas. <p>Orzamento destinado: S. X. de Política Social: 39.962,44 € S. X. de Medios: 60.000,00 € CRTVG: 120.000,00 €</p>
<p>4.3.4. Destinar recursos a financiar programas orientados a traballar coas familias das persoas con discapacidade, de xeito que estas apoiem e impulsen a promoción da autonomía persoal dos seus fillos e das súas fillas, e darlles continuidade ás intervencións iniciadas polos programas de atención temperá.</p> <ul style="list-style-type: none">• Secretaría Xeral de Política Social	<p>N.º de programas de traballo coas familias financiados: 21</p> <p>Descrición de todos os programas financiados e entidades beneficiarias:</p> <ul style="list-style-type: none">• <u>Aspace, 6 programas:</u> orientación e apoio a familias (1), respiro familiar (2), escola de pais (3).• <u>Autismo Galicia, 3 programas:</u> talleres para familias (1), escolas de familias (1), respiros para familias (1).• <u>Cogami 1 programa:</u> programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades.• <u>Down Galicia, 1 programa:</u> programa de apoio familiar.• <u>Fademga, 2 programas:</u> programa de apoio familiar



	<p>(dentro deste programa teñen o servizo de respiro familiar).</p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>FAXPG, 1 programa</u>: atención ás familias . • <u>FEAFES, 5 programas</u>: asesoramento e apoio xurídico especializado para persoas con enfermidade mental e os seus familiares. • <u>Fegadace, 2 programas</u>: información e orientación a familiares de persoas con discapacidade, traballo con familias (sesións grupais e individuais). • <u>FEGEREC, 2 programas</u>: promover e potenciar as axudas e apoios para a promoción da autonomía persoal de persoas con enfermidade crónica (1); informar, asesorar e/ou tramitar documentación a persoas afectadas e ás súas familias sobre recursos, de cara a conseguir a plena integración social destas persoas (1). • <u>Fundación Sálvora, 1 programa</u>: información e asesoramento ás familias das persoas con discapacidade intelectual, titoras, curadoras e outras persoas relacionadas coa súa garda e custodia. • <u>Fundación Raiolas, 1 programa</u>: Escola familias. <p>N.º de persoas beneficiarias total desagregado por sexo: 35.932*</p> <p>Mulleres: 17.956 Homes: 17.976</p> <p>*Por non dispoñibilidade do dato desagregado por sexo, neste número non se contemplan 54 persoas usuarias do programa da Fundación Sálvora, que foron atendidas sen cita (atención telefónica, por correo electrónico ou presencialmente na oficina). Polo tanto o número total sería de 35.986 persoas.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 636.400 €</p>
<p>4.3.5. Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao relacionados co trato ás persoas con discapacidade, dende a perspectiva da importancia da súa propia autonomía persoal.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p>N.º de accións formativas (relacionadas coa autonomía persoal e o trato): sen dato.</p> <p>N.º de persoas formadas, por sexo: sen dato.</p> <p>N.º de xornadas ou semellantes: sen dato.</p> <p>UDC: N.º de proxectos de fin de grao: 1 muller (específico da materia obxecto desta actuación). A este engádenselles outros 23 traballos de fin de grao de estudantes de Terapia Ocupacional que gardan relación coa mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade en temas moi variados.</p> <p>Mulleres: 20 Homes: 3</p> <p>USC: non existe un procedemento que permita coñecer de maneira sistemática estes indicadores.</p> <p>Uvigo: a normativa de plans de estudo é pechada e non permite inxerencia desde o exterior neles.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>



Obxectivo específico 4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>4.4.1. Darlle continuidade á prestación para contribuir á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/dunha asistente persoal que facilite o acceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria ás persoas en situación de gran dependencia (prestación do sistema para a autonomía e atención á dependencia).</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de persoas solicitantes da libranza en 2013: 71</p> <p>N.º de libranzas concedidas: 31</p> <p>N.º total de persoas beneficiarias da libranza de asistente persoal: 89</p> <p>Mulleres: 42</p> <p>Homes: 47</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 1.294.073,64 euros</p>
<p>4.4.2. Estender a figura do/a asistente persoal ao grao II.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de solicitudes realizadas en 2013: 53.</p> <p>N.º de solicitudes concedidas en 2013 (de persoas en situación de dependencia grao II e que accederon ao servizo): 10</p> <p>Mulleres: 4</p> <p>Homes: 6</p> <p>N.º total acumulado de persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia no grao II e que accederon ao servizo de asistencia persoal: 20</p> <p>Mulleres: 9</p> <p>Homes: 11</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 295.620 euros</p>
<p>4.4.4. Potenciar as convocatorias para o recoñecemento, avaliación, acreditación e certificación da competencia profesional nas cualificacións da familia profesional vinculada coa atención sociosanitaria a persoas no domicilio (asist. 4.3.3 ente persoal, cuidador/a, xerocultor/a ou semellante, auxiliar de axuda domicilio).</p> <p>✿ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>N.º de prazas convocadas: 989</p> <p>N.º total de persoas acreditadas: 775</p> <p>Mulleres: 768</p> <p>Homes: 7</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 240.234,00 €</p>

RESUMO:

- ✿ Segundo a información recollida e exposta no cadro anterior, rexistrouse actividade en 27 das 29 medidas programadas para 2013 na área 4 –Promoción da autonomía persoal–, o que supón actividade no **93,10 %** das actuacións.
- ✿ As **actuacións sen actividade** foron as seguintes: a 4.2.7 e 4.2.18.



Gráfico 4. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 4



Fonte: Elaboración propia.

ÁREA 5. EDUCACIÓN

A área 5 –“Educación”– deseñouse coa finalidade de garantir unha educación infantil, primaria, secundaria e posobrigatoria de calidade nun marco integrador e normalizador e de favorecer a súa calidade e o seu carácter público. Este obxectivo levou a que se deseñasen diversas medidas para conseguir os seguintes obxectivos de carácter máis específico:

1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade.
2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
3. Formar e capacitar os/as profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora e inclusiva-integradora do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. Garantirle un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade có resto do alumnado.
5. Procurar unha educación posobrigatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral.
6. Facilitarles ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e que facilite a súa vida autónoma.



Esta área recolle un total de 28 medidas para o período 2010-2013, das que **21 tiñan actividade programada para 2013**. A estas súmase para o seguimento 2013 a actuación **5.3.4, e 5.3.5**, programadas para 2011 pero con continuidade en 2012 e tamén en 2013 por non ter finalizado en anualidades anteriores; e as actuacións de nova incorporación en 2012, a **5.5.5 e 5.5.6**, das que se realizou o seguimento tamén en 2013.

Os departamentos responsables das actuacións son os seguintes: 1) Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; 2) Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos; 3) Universidades.

Sobre os resultados infórmase na seguinte táboa resumo, elaborada a partir da información facilitada polos departamentos antes mencionados, respecto da súa actividade durante 2013 e con base nos indicadores de realización e de resultados recollidos no Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.

ÁREA 5. EDUCACIÓN


Obxectivo específico 1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>5.1.1. Elaborar e publicar unha nova regulamentación sobre a atención á diversidade no sistema educativo, adaptada aos principios da Lei orgánica de educación (LOE) e á realidade actual.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>Esta actuación aínda que no plan estaba contemplada para 2013 xa se realizou en 2011: Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro).</p> <p>Así se fixo constar no informe de seguimento 2011 do plan. No momento en que se recolle a información de 2013, estase traballando na orde que desenvolve este decreto, adaptada á nova lei de educación.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>5.1.3. Elaborar e publicar o currículo das ensinanzas de formación profesional de forma que se considere a accesibilidade universal nestas ensinanzas.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º de currículos publicados: 13</p> <p>Orzamento destinado: 39.000,00 €</p>

Obxectivo específico 2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>5.2.3. Establecer convenios con entidades que participan na atención ao alumnado con determinadas discapacidades ou trastornos.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º de convenios inicialmente previstos: 2 N.º de convenios establecidos: 2</p> <p>1. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Organización de Cegos Españóis para a atención de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade audiovisual.</p> <p>2. Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) para atender ao alumnado con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.</p> <p>Orzamento destinado: 182.923,00 €</p>
<p>5.2.4. Crear un grupo de traballo interuniversitario que se ocupe do deseño, da posta en marcha e do seguimento de accións en materia de discapacidade /diversidade/ accesibilidade tanto daquelas especificamente dirixidas ao alumnado con discapacidade e ao propio persoal docente, como as relacionadas coa investigación e co coñecemento neste ámbito.</p> <p>✿ Universidades</p>	<p>UDC: non existen canles para pode levar a cabo este grupo, sobre todo por falta de persoal (no caso da UDC o servizo consta só dunha persoa).</p> <p>USC: non houbo novas reunións.</p> <p>UVigo: ausencia de datos.</p> <p>Orzamento destinado:</p>

Obxectivo específico 3. Formar e capacitar os/as profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora, inclusiva-integradora, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>5.3.1. Incluir contidos relativos á educación para a diversidade e á educación inclusiva do alumnado, baseados nos principios da Lei orgánica de educación (LOE) e da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, así como a elaboración de materiais accesibles, nos plans de formación dirixidos a toda a comunidade educativa profesional.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º de cursos/módulos incluídos: 59</p> <p>N.º total de horas lectivas: 1352 *</p> <p>N.º total de persoas participantes: 2796</p> <p>Mulleres: 2168</p> <p>Homes: 628</p> <p>*As ferramentas de xestión do profesorado non contemplan a desagregación por módulos, polo que se consideraron o n.º total de horas de cada actividade.</p> <p>Relación de cursos/módulos con contidos sobre a diversidade e educación inclusiva (ver ao final desta área).</p> <p>Perfil do profesorado que impartiu estes cursos/módulos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Profesionais de educación en activo formados en xestión eficaz da aula para a inclusión educativa. - Especialistas en inclusión e atención á diversidade. - Experto/a no uso das TIC para a atención á diversidade. - Especialistas con dominio da normativa e dos plans e programas relativos á atención á diversidade. - Coñecementos das respostas de atención na diversidade relacionadas coas diferentes NEE. - Experiencia e dominio de ferramentas metodolóxicas de índole práctica. - Experto/a en terapia ocupacional e lingua de signos. <p>(**) A formación en centros considerouse a correspondente aos cursos académicos 2012/2013 e 2013/2014.</p> <p>(***) Están contabilizadas as previsións para o curso 2013/2014 e os datos finais do curso 2012/2013.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 176.543,00 €</p>
<p>5.3.2. Potenciar actividades formativas (grupos de traballo, seminarios permanentes e proxectos de formación e asesoramento en centros) que aborden temáticas relacionadas coa escola inclusiva na formación en centros, o que inclúe a elaboración de materiais accesibles.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º total de actividades formativas: 112</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grupos de traballo: 53 - Seminarios permanentes: 46 - Proxectos de formación e asesoramento en centros: 13 <p>N.º total de horas lectivas: 4195*</p> <p>N.º total de persoas participantes: 1207</p> <p>Mulleres: 955</p> <p>Homes: 252</p> <p>*As ferramentas de xestión do profesorado non contemplan a desagregación por módulos, polo que se consideraron o n.º total de horas de cada actividade.</p> <p>(**) A formación en centros considerouse a correspondente aos cursos académicos 2012/2013 e 2013/2014.</p> <p>(***) Están contabilizadas as previsións para o curso 2013/2014 e os datos finais do curso 2012/2013.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 90.674,00 €</p>



<p>5.3.3. Considerar como un criterio máis de valoración nos concursos de méritos de persoal docente a formación e a capacitación do profesorado sobre inclusión educativa.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</p>	<p>N.º total de concursos na anualidade de referencia: 1</p> <p>N.º de concursos que inclúe este criterio: 1</p> <p>Orde do 16 de outubro de 2013 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (DOG n.º 210, do 4 de novembro).</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>5.3.4. Crear un manual de boas prácticas docentes para o profesorado universitario de cara a optimizar a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</p> <p>✿ Universidades</p> <p><i>Actuación programada para 2011, contabilizada como executada, pero recóllese novamente neste informe, tendo en conta a información facilitada pola UDC e USC con motivo do seguimento 2012 (manual elaborado e pendente de publicación).</i></p>	<p>Manual editado:</p> <p>UDC: seguen pendente a edición do manual, xa que se están introducindo cambios.</p> <p>USC: protocolos para a integración na comunidade Universitaria http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sepiu/descargas/DISCAPACIDADE/PROTOCOLO.pdf</p> <p>N.º de exemplares editados: 63</p> <p>Outra información/actividade de interese: cando se editaron os protocolos enviáuselles por correo interno unha copia a cada membro do PDI.</p> <p>Uvigo: pautas xerais de atención a persoas con discapacidade. http://extension.uvigo.es/extension_gl/discapacidade/propios</p> <p>Orzamento destinado: sen dato.</p>
<p>5.3.5. Deseñar un manual para a elaboración de materiais formativos accesibles para contornos inclusivos e difundilo entre o profesorado universitario.</p> <p>✿ Universidades</p> <p><i>Actuación programada para 2011, contabilizada como executada. Recóllese novamente neste informe, dado que o manual da UDC e de Uvigo estaban en proceso de elaboración no momento en que se pechou o seguimento 2011.</i></p>	<p>UDC: segue pendente a edición do manual, xa que se están introducindo cambios.</p> <p>USC: o documento está elaborado, pero sen editar en papel por falta de recursos.</p> <p>Uvigo:</p> <p>Manual editado: si</p> <p>Orzamento destinado: sen dato.</p>
<p>Obxectivo específico 4. Garantirle un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade có resto do alumnado.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>5.4.1. Realizar as adaptacións pertinentes para que o alumnado con discapacidade poida realizar as probas da avaliación de diagnóstico.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>Adaptacións realizadas: si</p> <p>N.º total de alumnos/as con discapacidade que realizan as probas, por sexo: sen dato.</p> <p>Porcentaxe de alumnado con discapacidade sobre o total do alumnado rexistrado: sen dato.</p> <p>N.º de alumnos/as con discapacidade que realizan as probas e que precisaron adaptacións: 15. 14 adaptacións consistentes en aumento de tamaño de letra e 1 de braille.</p>



	<p>Mulleres: sen dato. Homes: sen dato. Nota: a unidade responsable non pide datos do alumnado, tan só de número de alumnos/as que precisan a adaptación das probas e en que centros para a súa remisión. Orzamento destinado: sen custo engadido (a ONCE asume as adaptacións a braille).</p>
<p>5.4.2. Darlles continuidade aos premios extraordinarios da educación secundaria obrigatoria, especialmente na modalidade de premio extraordinario ao esforzo e superación persoal de alumnado.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º total de premios concedidos: 18</p> <p>N.º de alumnos e de alumnas premiados, por sexo: Mulleres: 9 (sen dato de cantas destas alumnas presentan discapacidade). Homes: 9 (sen dato de cantas destas alumnas presentan discapacidade). Os datos son confidenciais. Ver normativa da convocatoria na Orde do 22 de xullo de 2013 (DOG do 8 de agosto) e resolución, Orde do 20 de decembro de 2013 (DOG do 30 de decembro). Orzamento destinado: 20.000,00 €</p>
<p>5.4.3. Manter a convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</p>	<p>N.º de axudas concedidas para esta finalidade a alumnado matriculado en educación especial na anualidade de referencia: 1221</p> <p>Orzamento destinado: 305.250,00 €</p>
<p>5.4.4. Manter a convocatoria de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades educativas especiais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</p>	<p>N.º total de axudas concedidas para esta finalidade, na anualidade de referencia: 86</p> <p>Orzamento destinado: 300.000 €</p>
<p>5.4.5. Darlle continuidade ao concerto educativo cos centros concertados específicos de atención específica de alumnado con necesidades educativas especiais e cos centros ordinarios con unidades escolares específicas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Centros e RRHH</p>	<p>N.º de concertos con centros específicos de educación especial: 21</p> <p>N.º de concertos con centros que contan con aulas concertadas de educación especial: 38</p> <p>Orzamento destinado: 10.570.598,04 €</p>
<p>5.4.6. Promover que o profesorado sexa o máis permanente posible nos centros nos que se escolarice alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</p>	<p>Non se realizaron novas convocatorias</p> <p>N.º de docentes que levan un mínimo de dous anos en centros nos que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo: 52</p> <p>N.º de docentes que levan tres anos ou máis anos en centros nos que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo: 52</p> <p>N.º total de docentes en centros nos que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo: 52</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>Obxectivo específico 5. Procurar unha educación posobrigatoria que prepare para a vida e para a</p>	



incorporación ao mundo laboral.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>5.5.1. Diseñar ofertas específicas de programas de cualificación profesional inicial (PCPI) para facilitar a integración social e laboral do alumnado con necesidades educativas especiais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º de demandas de ofertas específicas de PCPI: 175 Mulleres: 62 Homes: 113</p> <p>N.º de ofertas específicas de PCPI deseñadas para alumnado con necesidades educativas especiais: 285 Mulleres: sen dato Homes: sen dato</p> <p>Centros/áreas de influencia nos que se deseñaron as ofertas PCPI para alumnado con NEE:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. CEE Terra de Ferrol 2. CEE Manuel López Navalón 3. CEE Santa María 4. CEE Infanta Elena 5. CEE Miño 6. CEE Saladino Cortizo <hr/> <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
<p>5.5.2. Continuar e reforzar os traballos para garantir a accesibilidade dos contidos e servizos ofrecidos pola universidade.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p>USC: N.º total de consultas atendidas de maneira presencial: 16 N.º total de consultas atendidas por teléfono: non recollen as consultas atendidas por teléfono. N.º total de consultas Web: 64</p> <p>UDC: informa que non toman nota do número de consultas que se realizan. Uvigo: informa que non se levaron a cabo controis ao respecto.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>5.5.3. Darlles continuidade e reforzar os programas de apoio personalizado dentro da universidade, vinculados a un programa de obxectivos tamén personalizado.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p>UDC: N.º de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado: 16 Mulleres: 7 Homes: 9</p> <p>N.º total de estudantes con discapacidade que demandan servizos de apoio específico: 16 Mulleres: 7 Homes: 9</p> <p>N.º total de estudantes con discapacidade na UDC: 112* Mulleres: 63 Homes: 49</p> <p>* Número de estudantes con discapacidade na universidade en 2013. Nesta cifra inclúense os/as 16 estudante que demandaron servizos de apoio específico (transporte adaptado, asistencia, persoal etc.).</p> <p>Novidade importante da UDC: creación dunha rede de titores/as que serven de enlace entre a Unidade de Atención á Diversidade e a facultade e realizan as tarefas de tutorización do alumnado con discapacidade matriculado no seu centro</p>



<p>Continuación...</p> <p>5.5.3. Darlles continuidade e reforzar os programas de apoio personalizado dentro da universidade, vinculados a un programa de obxectivos tamén personalizado.</p> <ul style="list-style-type: none">Universidades	<p>(Rede UDC-U).</p> <p>N.º de persoas titoras: 23 (unha en cada centro da UDC). Mulleres: 17 Homes: 6</p> <p>USC:</p> <p>N.º de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado: 16 Mulleres: 9 Homes: 7</p> <p>N.º total de estudantes con discapacidade que demandan servizos de apoio específico: 16 Mulleres: 9 Homes: 7</p> <p>Uvigo</p> <p>N.º de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado: 4 Mulleres: 1 Homes: 3</p> <p>N.º total de estudantes con discapacidade que demandan servizos de apoio específico: 6 Mulleres: 3 Homes: 3</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: UDC: 57.491,02 € USC: 26.269,00 € Uvigo: 8.000 €</p>
<p>5.5.4. Continuar e estender ás tres universidades o programa de prácticas laborais para persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none">Universidades	<p>UDC:</p> <p>N.º total de persoas que realizan prácticas laborais: 1 Mulleres: 1 (prácticas de máster de dereito para unha estudante con discapacidade). Homes: 0</p> <p>N.º de persoas formadas que responden ao perfil de postos ofrecidos polas universidades: sen dato Mulleres: sen dato Homes: sen dato</p> <p>USC:</p> <p>N.º total de persoas que realizan prácticas laborais: non houbo solicitudes para este curso académico.</p> <p>Uvigo</p> <p>N.º total de persoas que realizan prácticas laborais: 3 Mulleres: 0 Homes: 3</p> <p>N.º de persoas formadas que responden ao perfil de postos ofrecidos polas universidades: sen dato Mulleres: sen dato Homes: sen dato</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: Sen dato</p>



<p>Actuación (de nova incorporación en 2012)</p> <p>5.5.5. Formación do profesorado universitario para a atención de persoas con discapacidade.</p> <p>✱ Universidades (UDC)</p>	<p>UDC:</p> <p>N.º de cursos realizados: 2</p> <ol style="list-style-type: none"> Diversidade e ensino superior. Atención á diversidade e inclusión educativa nas aulas universitarias. <p>N.º de docentes participantes: 41 docentes</p> <p>Mulleres: 26</p> <p>Homes: 15</p> <p>USC: non execución.</p> <p>UVigo: non se achegan datos ao respecto.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p> <p>UDC: 5.600,00 €</p>
<p>Actuación (de nova incorporación en 2012)</p> <p>5.5.6. Renovación do software para estudantes con dislexia no medio universitario</p> <p>✱ Universidades (UDC)</p>	<p>UDC:</p> <p>N.º de estudantes beneficiarios: 112</p> <p>Mulleres: 63</p> <p>Homes: 49</p> <p>N.º de docentes beneficiarios: sen dato</p> <p>Mulleres: sen dato</p> <p>Homes: sen dato</p> <p>USC: non execución.</p> <p>UVigo: non se achegaron datos ao respecto.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p> <p>UDC: 3.630,00 €</p>
<p>Obxectivo específico 6. Facilitarlles ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e que facilite a súa vida autónoma.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>5.6.1. Adaptar os materiais didácticos e recursos para o logro dos obxectivos educativos.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º total de persoas usuarias dos centros de educación de persoas adultas que requiren adaptación: 82</p> <p>Mulleres: 45</p> <p>Homes: 37</p> <p>Descrición das adaptacións requiridas:</p> <ol style="list-style-type: none"> Desenvolvemento das clases en aulas con maior accesibilidade. Realización de exames orais. Realización dos exames nun espazo distinto, con atención individualizada. Ampliación do tempo destinado aos exames. Simplificación das probas escritas. Adaptación do tamaño de letra dos materiais e das probas nos casos de discapacidade visual. Actuación de intérprete de signos. Realización de exames a través do ordenador. Selección dos contidos fundamentais en cada ámbito de coñecemento escribir tipo de adaptación requirida Atención personalizada e apoio emocional. <hr/> <p>Orzamento destinado:</p> <p>Sen dato.</p>



<p>5.6.2. Darlle continuidade, e reforzar se procede, ao cumprimento de adaptación das probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas que presenten necesidades educativas especiais e que o soliciten.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º de persoas con discapacidade que acceden ás probas: 17 Mulleres: 6 Homes: 11</p> <p>N.º de persoas que solicitaron a adaptación das probas: 17 Mulleres: 6 Homes: 11</p> <p>N.º de persoas que solicitaron a adaptación das probas e ás que se lles aplicou a adaptación: 17 Mulleres: 6 Homes: 11</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: Sen dato</p>
<p>5.6.3. Darlle continuidade á autorización para cursar ensinanzas de persoas adultas ao alumnado menor de 18 anos por necesidades educativas especiais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º de persoas solicitantes: 0 Mulleres: Homes:</p> <p>N.º de persoas autorizadas: 0 Mulleres: Homes:</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
<p>5.6.4. Apoiar a realización de actividades de alfabetización das persoas con necesidades educativas especiais, a través da convocatoria de axudas.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>Actuación non executada. No ano 2013 non houbo convocatoria.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>

****Continuación da actuación 5.3.1. Relación de cursos módulos con contidos sobre diversidade e educación inclusiva.**

1. Métodos innovadores na xestión da aula de primaria.
2. Filosofía para nenos e nenas.
3. A posta en práctica da acción tutorial.
4. Integración das TIC nos departamentos de orientación.
5. Estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo I.
6. Orientación, tutoría e construción da identidade libre de estereotipos de xénero.
7. III Xornadas de formación dos xefes e xefas dos departamentos de orientación.
8. I Encontros de educación infantil e educación primaria.
9. A posta en práctica da acción tutorial.
10. Formación inicial para orientadoras e orientadores de educación infantil, primaria e/ou secundaria 2013.
11. II Xornadas de atención á diversidade.
12. ARBAX. Prevención do acoso escolar nas aulas.
13. A aprendizaxe cooperativa na aula para a atención á diversidade.
14. Aprendemos das diferenzas.
15. Aprendemos coas diferenzas.
16. II Xornada de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade.
17. I Encontro de centros para unha convivencia positiva.
18. A integración das tecnoloxías no ensino primario. Aspectos metodolóxicos e didácticos.
19. Atención á diversidade nunha escola inclusiva.
20. Formación inicial para o acceso á función directiva.
21. Formación inicial para xefes/as de estudo de centros educativos.




22. III Xornadas de desenvolvemento dos contratos-programa.
23. Atención na aula a alumnado con NEE. A diversidade na aula.
24. Sensibilización, fundamentos e principios da aprendizaxe cooperativa. (Atención á diversidade, escola inclusiva).
25. Sensibilización, fundamentos e principios da aprendizaxe.
26. Cooperativa. (Atención á diversidade, escola inclusiva).
27. Principios fundamentais e ámbitos da aprendizaxe Cooperativa. (Atención á diversidade, escola inclusiva).
28. Necesidades educativas do alumnado con TXD, TDAH e discapacidade sensorial auditiva.
29. As novas tecnoloxías como recurso para o profesorado de apoio.
30. As TIC no desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado con NEAE.
31. I encontro de atención á diversidade desde os departamentos de orientación e o equipo de orientación específico.
32. Características e necesidades do alumnado con síndrome de Asperger e TDAH.
33. Detección de NEE e propostas curriculares para a atención ao dito alumnado.
34. Como darlles clase aos que non queren primeiros auxilios, situacións de urxencia e continxencias que poden ter lugar nun centro escolar
35. Primeiros auxilios, situacións de urxencia e continxencias que poden ter lugar nun centro escolar.
36. Hábitos posturais.
37. Atención na aula a alumnado con NEE. A diversidade na aula.
38. Aproximación ás aulas de estimulación multisensorial.
39. Trastornos da personalidade.
40. Introducción aos TXD.
41. Lectoescritura para alumnado con NEAE.
42. Psicomotricidade para alumnado con NEAE.
43. Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.
44. A educación emocional como estratexia metodolóxica de ensino-aprendizaxe.
45. A atención á diversidade desde a titoría de educación infantil e primaria.
46. II Xornadas de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade.
47. II Encontros de atención á diversidade desde os departamentos de orientación e o equipo de orientación específico.
48. Intervención educativa dirixida ao alumnado con cegueira.
49. Atención á diversidade.
50. Inclusión educativa do alumnado con trastorno do espectro autista.
51. Inclusión educativa do alumnado con trastorno do espectro autista.
52. A aprendizaxe cooperativa na aula para a atención á diversidade.
53. Curso de formación para coñecer as características básicas dos trastornos máis habituais que está a presentar algún alumnado do centro.
54. A lingua de signos, nivel II. Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas por discapacidade auditiva.
55. A lingua de signos. Nivel I. Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas por discapacidade auditiva.
56. A atención á diversidade desde a titoría de educación infantil e primaria.
57. Atención na aula a alumnado con NEE. A diversidade na aula.
58. Educación Iniciación á atención da diversidade inclusiva e dos coidados con enfoque de dereitos e de xénero.
59. Iniciación á atención á diversidade.

RESUMO:

- Segundo a información recollida e exposta no cadro anterior, na área 5 do plan rexistrouse actividade en 19 das 21 medidas programadas para 2013. Isto implica actividade no **90,48 %** das actuacións. As **actuacións sen actividade** son só dúas: a 5.2.4 e a 5.6.4
- Se se ten en conta o traslado das actuacións 5.3.4 e 5.3.5 tamén a 2013 e as de nova incorporación na anualidade anterior (5.5.5 e 5.5.6), entón estase a falar dunha porcentaxe de actividade do 92 % (é dicir, 23 medidas dun total de 25).

Gráfico 5. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 5



Fonte: Elaboración propia.



ÁREA 6. FORMACIÓN E EMPREGO

A área 6 –“Formación e emprego”– ten dous obxectivos xerais, que se centran nas dúas vertentes que figuran no nome da área: formación e emprego.

Respecto da formación, o obxectivo final é formar as persoas con discapacidade para a súa axeitada incorporación ao mercado laboral. Para iso, trabállase cara a:

1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.
2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria.



Respecto do emprego, o obxectivo é mellorar a empregabilidade e a calidade do emprego das persoas con discapacidade e combater activamente a súa discriminación. As actuacións que se pretenden desenvolver perseguirán os seguintes obxectivos específicos:

1. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.
2. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.
3. Apoiar o emprego protexido, especialmente dende a Administración pública.



Cun total de 47 actuacións, esta área de intervención contén o 15,6 % de medidas do plan considerado no seu conxunto (a segunda área en volume de actuacións, despois da área de accesibilidade). Destas, **33 medidas** estaban **programadas para 2013**. A estas engádense outras tres medidas non programadas inicialmente, pero que se sumaron ao plan con motivo do seguimento 2012 como actuacións de nova incorporación: a **6.3.11, 6.4.13 e 6.3.14**. Polo tanto realizouse o seguimento dun **total de 36 actuacións**.

Os departamentos directamente implicados durante esta anualidade son os seguintes: 1) Dirección Xeral de Formación e Colocación; 2) Dirección Xeral de Emprego e Formación; 3) Dirección Xeral de Traballo e Economía Social; 4) Secretaría Xeral de Política Social; 5) Escola Galega de Administración Pública-EGAP, 6) Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria-Fegas; 7) Dirección Xeral de Xustiza; 8) Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; 9) Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; 10) Dirección Xeral de Función Pública.

Aos departamentos citados hai que engadir o resto de departamentos da Xunta de Galicia (incluídas as secretarías xerais técnicas de todas as consellerías), dado que dúas das actuacións desta área lle afectan a toda a Administración galega:

- A actuación 6.4.6: incluír medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A actuación 6.5.5: reservar entre o 3 % e o 5 % dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

Estas son as dúas medidas transversais máis destacadas, en canto que todos os departamentos son responsables executores. No primeiro caso, a actuación responde ao acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010: Acordo polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. No segundo caso, apóiase na Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (publicada no DOG n.º 250 do 30 de decembro de 2010) en cuxo artigo 35 –“Reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral”– sinala que “os órganos de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e os demais entes do sector público dela dependentes lles poderán reservar a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, sempre que a súa finalidade ou a súa actividade, de acordo coas súas normas reguladoras, estatutos ou regras fundacionais, teña relación directa co obxecto do contrato”.

Sobre os resultados acadados nesta área, infórmase na seguinte táboa resumo elaborada a partir da información facilitada polos departamentos antes mencionados, respecto da súa actividade durante 2013, para o que se tomaron como referencia os indicadores de realización recollidos no plan de acción.

ÁREA 6. FORMACIÓN E EMPREGO

Obxectivo específico 1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>6.1.1. Darlles continuidade ás liñas de axudas para a formación de persoas con discapacidade desenvolvidas a través de convenios coas entidades do movemento asociativo de discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none">• Secretaría Xeral de Política Social	<p>N.º de convenios: 4</p> <p>Nome oficial completo e descrición dos convenios:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de COGAMI e das súas entidades.2. Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento de programas de formación profesional e formación ocupacional de persoas con discapacidade no 2013, con financiamento do Fondo Social Europeo (FSE).3. Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down.4. Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo



<p>Continuación...</p> <p>6.1.1. Darlles continuidade ás liñas de axudas para a formación de persoas con discapacidade desenvolvidas a través de convenios coas entidades do movemento asociativo de discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>e Benestar e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos mentais de Galicia (FEAFES GALICIA).</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade beneficiarias: 980 Mulleres: 442 Homes: 538</p> <p>N.º de persoas beneficiarias no convenio 1: 190 Mulleres: 78 Homes: 112</p> <p>N.º de persoas beneficiarias no convenio 2: 422 Mulleres: 196 Homes: 226</p> <p>N.º de persoas beneficiarias no convenio 3: 228 Mulleres: 93 Homes: 65</p> <p>N.º de persoas beneficiarias no convenio 4: 140 Mulleres: 75 Homes: 65</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 1.035.347,35 €</p>
<p>6.1.2. Fixar como un dos colectivos prioritarios en todas as ordes de subvención as persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>N.º (total) de ordes de subvencións: 2</p> <p>N.º de ordes de subvencións nas que as persoas con discapacidade son colectivo prioritario: 2</p> <p>1. Orde do 21 de decembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2013. DOG núm. 14, 21 de xaneiro de 2013.</p> <p>2. Orde do 13 de setembro de 2012 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento. DOG núm. 176, 14 de setembro de 2012.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 46.537.606,00 €</p>
<p>6.1.3. Dotar os centros propios de formación da Consellería de Traballo e Benestar de equipamento adaptado ás persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>Actuación non executada. Os centros foron adaptados no exercicio 2010.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>6.1.6. Manter a prioridade das persoas con discapacidade como participantes nos programas</p>	<p>N.º de persoas con discapacidade participantes: 71 Mulleres: 29 Homes: 42</p>



<p>mixtos de formación e emprego.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>Orzamento destinado: 350.000,00 euros</p>
<p>6.1.9. Levar a cabo o mantemento evolutivo da aplicación informática de orientación laboral e crear canles de comunicación entre profesionais de orientación do Servizo Público de Emprego de Galicia cara á inclusión de melloras relacionadas coa derivación de persoas usuarias entre entidades especializadas en atención a determinados colectivos, preferentemente con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais e os demais servizos existentes.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>N.º de novas funcionalidades desenvolvidas: sen dato</p> <p>N.º de melloras das funcionalidades existentes: 1</p> <p>Melloras no aplicativo de orientación para os efectos de axilizar a derivación de persoas con discapacidade das oficinas de emprego aos centros especiais.</p> <p>Orzamento destinado: non consta.</p>
<p>6.1.10. Asignar unha contía superior no caso da inserción laboral de persoas con discapacidade en situación de desemprego na orde de programas integrados para o emprego, como compensación ao esforzo engadido que supón a inserción.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>Incorporación nas ordes de axudas anuais dunha asignación superior en caso de inserción de persoas con discapacidade: si</p> <p>Describir o/s novo/s criterio/s incorporado/s: A inserción laboral das persoas con discapacidade considerouse, en virtude do funcionamento actual do mercado de traballo, a partir do 25% da xornada.</p> <p>Persoas con discapacidade participantes no programa: 317</p> <p>Mulleres: 151 Homes: 166</p> <p>Persoas con discapacidade inseridas no mercado laboral: ausencia de datos. Os datos de inserción aínda non están dispoñibles.</p> <p>Orzamento destinado: 368.130,00 €</p>
<p>6.1.11. Impulsar os programas de teleformación e a distancia nos plans de formación profesional ocupacional existentes para favorecer, sobre todo, as persoas con dificultades para acceder na modalidade presencial.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>N.º de cursos de teleformación e a distancia previstos: 408</p> <p>N.º de cursos de teleformación e a distancia realizados: 408</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade formadas nesta modalidade, por sexo: non dispoñibilidade de datos.</p> <p><i>Nota:</i> a formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente a persoas desempregadas competencia da comunidade autónoma é de carácter presencial. A teleformación é competencia do Servizo Público de Emprego Estatal.</p> <p>Os datos facilitados son das accións para persas ocupadas nas que participan unha porcentaxe de persoas desempregadas.</p> <p>Orzamento destinado: 6.506.783,00 €</p>
<p>6.1.12. Darlle continuidade ao programa de accións formativas para persoas desempregadas (AFD), de forma que se axusten á realidade das persoas con discapacidade para posibilitarles a súa realización efectiva.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>N.º de cursos de AFD nos que participan persoas con discapacidade (de grao igual ou superior ao 33 %): 394</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade inscritas: 392</p> <p>Mulleres: 177 Homes: 215</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade formadas: 310</p>



	<p>Mulleres: 140 Homes: 170</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 22.273.837,05 €</p>
<p>6.1.14. Reforzar a realización de cursos de formación con compromiso de contratación das persoas formadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ◆ Dirección Xeral de Emprego e Formación 	<p>N.º de accións formativas con compromiso de contratación: 65</p> <p>N.º de persoas con discapacidade formadas: 0</p> <p>Mulleres: Homes:</p> <p>N.º de persoas con discapacidade contratadas: 0</p> <p>Mulleres: Homes:</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 1.076.700,00 €</p>
<p>6.1.15. Potenciar a avaliación e a acreditación da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, como posibles fórmulas de integración no mercado laboral das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ◆ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ◆ Dirección Xeral de Emprego e Formación 	<p>D. X. de Emprego e Formación:</p> <p>N.º de prazas convocadas: 1.492</p> <p>N.º total de persoas acreditadas: 955</p> <p>Mulleres: 556 Homes: 393</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade acreditadas: sen dato</p> <p>Este procedemento vai dirixido á poboación en xeral e non se dispón dos datos das persoas con discapacidade acreditadas.</p> <p>D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p> <p>N.º de prazas convocadas: 9360</p> <p>N.º total de persoas acreditadas: sen dato</p> <p>Mulleres: sen dato Homes: sen dato</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade acreditadas: sen dato</p> <p>Nota: estes datos están aínda sen contabilizar no momento en que se facilita a información.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p> <p>D. X. de Formación e Colocación: 407.740,19 €</p> <p>D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa: sen custo engadido sobre a acción xeral.</p>
<p>6.1.16. Recoller, dentro do portal xeral de información e orientación profesional, toda a información específica para persoas con discapacidade (oferta formativa, condición de acceso...), adaptada na medida do posible ás distintas tipoloxías de discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ◆ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa 	<p>A información inxírese no portal xeral de FP.</p> <p>http://www.edu.xunta.es/fp/</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>



<p>6.1.17. Reforzar a adaptación da formación profesional ao mercado laboral do momento, e incidir naquelas profesións con máis saídas laborais e que se correspondan con perfís que poidan desempeñar as persoas con discapacidade, a través da actualización do anexo correspondente en cada convocatoria anual do programa de accións formativas para persoas desempregadas (AFD).</p> <p>✳ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>Actuación non executada</p> <p>A estratexia europea para o emprego establece que son áreas formativas prioritarias as dirixidas a anticipar as necesidades de cualificación do novo modelo produtivo e as orientadas ao desenvolvemento dos sectores máis innovadores. En todo caso, considéranse áreas prioritarias as relativas á internacionalización da empresa, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico dos procesos produtivos.</p> <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
---	--

Obxectivo específico 2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>6.2.1. Manter o compromiso de prácticas profesionais non laborais como criterio de valoración nas ordes de subvención de formación dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas.</p> <p>✳ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>N.º de accións formativas con compromiso de prácticas profesionais non laborais: 584</p> <p>N.º de persoas con discapacidade que realizaron prácticas profesionais: 284 Mulleres: 125 Homes: 159</p> <p>N.º de persoas con discapacidade contratadas: sen dato</p> <p>Orzamento destinado: 38.336.624,00 €</p>
<p>6.2.2. Reforzar os convenios coas organizacións empresariais para facilitar o acceso ás prácticas non laborais nos centros de traballo ordinario.</p> <p>✳ Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>Actuación non executada.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>6.2.3. Establecer convenios de colaboración para a realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT), de forma que se garanta a inclusión e o cumprimento das adaptacións necesarias no caso de alumnado con necesidades educativas especiais.</p> <p>✳ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>N.º de convenios previstos: 15.874</p> <p>N.º de convenios asinados: 12.873</p> <p>N.º total de alumnos e alumnas participantes: 15.069 Mulleres: 7234 Homes: 7835</p> <p>N.º de alumnos e de alumnas participantes con discapacidade: sen dato</p> <p>O número participantes con discapacidade é indeterminado xa que non é obrigatorio declarar a discapacidade.</p> <p>Orzamento destinado: sen custo engadido sobre a acción xeral.</p>

Obxectivo específico 3. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>6.3.1. Elaborar e publicar un decreto regulador do acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade no ámbito da Administración autonómica galega.</p> <p>✳ Dirección Xeral de Función Pública</p> <p>Actuación programada para 2012 e non executada. Informouse, con motivo do seguimento 2012, de que</p>	<p>Actuación non executada. En primeiro lugar, o artigo 23 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, mantén a prohibición de incorporación de novo persoal funcionario e laboral fixo –agás limitadas excepcións– que fora introducida no exercicio orzamentario 2012.</p> <p>Consonte co anterior, a oferta de emprego público para a Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2012 (Decreto</p>



<p>se pospoñía, por iso se inclúe novamente no seguimento de 2013.</p>	<p>262/2012, do 20 de decembro) foi extremadamente reducida e, aínda que ata a data non se publicou a oferta de emprego público para o ano 2013, non é previsible un incremento significativo.</p> <p>Doutra banda, a normativa vixente (disp. adicional 7.^a da Lei da función pública de Galicia) mellora notablemente a lexislación básica estatal de xeito que na comunidade está superado amplamente o obxectivo do 2% de traballadores/as con discapacidade.</p> <p>Finalmente, o avanzado estado de tramitación do anteproxecto de Lei do emprego público de Galicia (as alegacións das organizacións sindicais ao texto atópanse en estudo) aconsella esperar á súa aprobación; pois esta norma constituirá o marco de referencia que deberá desenvolver regulamentariamente o decreto regulador.</p> <p>Tendo en conta todo o anterior e á vista da urxencia doutros proxectos da Dirección Xeral da Función Pública pendentes de execución, pospúxose a elaboración do decreto.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>6.3.2. Elaborar un catálogo de tipos de postos de traballo, no que se describan as súas tarefas fundamentais e se estableza o perfil de esixencias e condicións mínimas de cada un tendo en conta as peculiaridades dos distintos grupos de discapacidade.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Función Pública</p>	<p>Actuación non executada.</p> <p>Co fin de elaborar un catálogo de postos onde se estableza o perfil de esixencias e condicións mínimas de cada posto, é necesario facer unha adaptación das relacións de postos de traballo aos anexos de persoal que figuran na Lei de orzamentos, co fin de darlle cumprimento ao déficit público no contexto económico no que se atopan as administracións públicas, unha vez que a Dirección Xeral da Función Pública realice estas modificacións, é intención abordar na segunda metade do ano este catálogo de postos.</p> <p>Así mesmo, hai que ter en conta o avanzado estado de tramitación do anteproxecto de Lei do emprego público de Galicia (as alegacións das organizacións sindicais ao texto atópanse en estudo) polo que se aconsella esperar á súa aprobación.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>6.3.4. Manter a cota do 5 % dos postos de cada lista para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 % para o nomeamento do persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de Xustiza.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Xustiza</p>	<p>N.º total de persoas contratadas: 152 Mulleres: 122 Homes: 30</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade contratadas: 12 Mulleres: 10 Homes: 2</p> <p>A reserva dunha cota do 5% das listas de interinos/as para persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% prodúcese no momento de acceso á lista, na súa convocatoria, non na posición que, unha vez incluído nesta, ocupa a persoa con discapacidade, que será a que determine o chamamento dentro do exercicio orzamentario. O artigo 6.2. da Orde do 10 de febreiro de 2009, sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios/as dos corpos xerais ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, con</p>



	<p>respecto á composición e vixencia das bolsas de traballo, dispón o seguinte: "Reservarase o 5% dos postos de cada lista para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%".</p> <p>Orzamento destinado: sinalar que estas se corresponden a actuacións incluídas do capítulo I do orzamento, sen que exista unha partida orzamentaria singularizada para "persoal interino cun grao de discapacidade".</p>
<p>6.3.8. Realizar un estudo da tipoloxía de postos de traballo no Servizo Galego de Saúde e establecer as súas tarefas fundamentais e as condicións mínimas para o seu desempeño. Tomarase como referencia nun primeiro momento un centro que se determine.</p> <p>✿ Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde</p>	<p>Estudo realizado: execución incompleta. Priorizáronse os procedementos que se ían elaborar en función das necesidades da dirección. Estase a traballar nos procedementos para a valoración da capacidade funcional dos e das profesionais no ámbito da selección fixa e temporal, así como para quen presenten unha discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida, contemplando a situación de adaptacións de posto por razón de saúde. A realización do estudo da tipoloxía dos postos de traballo estaba prevista como a acción coa que se darían por finalizadas as tarefas encomendadas a este grupo de traballo.</p> <p>En caso de non finalizar o estudo, describir as tarefas realizadas:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Constitución dun grupo de traballo para a xestión da capacidade funcional das persoas empregadas das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.2. Procedemento de valoración da capacidade funcional das persoas que desexen prolongar a súa actividade laboral despois dos 65 anos (incluído na Orde do 3 de xullo de 2012 pola que se regula o procedemento de autorización da prolongación da permanencia e prórroga no servizo activo do persoal estatutario e se modifica a Orde do 8 de maio de 2012 pola que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde.)3. Procedemento para a regulación da capacidade funcional das persoas que desexen participar nun concurso de traslados (texto incluído na normativa dos procesos de concursos de traslados). <p>Orzamento destinado:</p>
	<p>S. X. de Política Social: N.º de accións formativas realizadas: 3</p> <p>Nome e descrición das accións formativas realizadas:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Curso de formación para o persoal sanitario (orzamento do SERGAS).2. Curso de atención ao trastorno mental grave en réxime residencial.3. Sensibilización fronte ao sistema de xestión e control de suxeicións restritivas en centros de atención sociosanitaria. <p>N.º de persoas formadas: 290 Mulleres: 261 Homes: 29</p>



6.3.10. Impartir accións formativas para o persoal da Administración que, ou ben forme parte da contorna organizativa das persoas con discapacidade, ou ben teña responsabilidade sobre as persoas traballadoras con discapacidade.

- ✿ Secretaría Xeral de Política Social
- ✿ Fegas
- ✿ Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

FEGAS:

N.º de accións formativas realizadas: 53

Nome e descrición das accións formativas realizadas:

1. Obradoiro de cuidados a pacientes dependentes (3 horas).
2. Obradoiro para cuidadores/as de persoas con dano cerebral adquirido (4 horas).
3. Obradoiro do domicilio ao ámbito social no dano cerebral adquirido (4 horas).
4. Abordaxe sociosanitario en dano cerebral neurorehabilitación e dependencia (8 horas).
5. Abordaxe sociosanitaria do dano cerebral adquirido (8 horas).
6. Obradoiro de síndrome X-FRÁXIL (3 horas).
7. Obradoiro sobre a esclerose múltiple (4 horas).
8. Obradoiro de estimulación cognitiva (3 horas).
9. Obradoiro de axilidade mental e memoria (4 horas).
10. Aspectos éticos e legais específicos nos doentes de perfil sociosanitario (12 horas).
11. Obradoiro de técnicas de apoio para persoas con discapacidade (4 horas).
12. Obradoiro de terapia asistida con animais para persoas con discapacidade (4 horas).
13. Abordaxe sociosanitaria da discapacidade (8 horas).
14. Abordaxe sociosanitaria das enfermidades raras e metabólicas (8 horas).
15. Abordaxe sociosanitaria das grandes síndromes xerátricas dende atención primaria (12 horas).
16. Atención sociosanitaria: innovación e novas tecnoloxías (4 horas).
17. Proceso asistencial integrado de fibromialxia (12 horas).
18. Obradoiro sobre enfermidades raras (3 horas).
19. Obradoiro de fisioterapia respiratoria en parálise cerebral (3 horas).
20. Obradoiro de cuidados e rehabilitación en nenos/as con problemas neurolóxicos (3 horas).
21. Coñecendo as enfermidades raras (4 horas).
22. Formación de cuidadores/as de persoas dependentes (4 horas).

N.º de persoas formadas: 1025

Mulleres: 882

Homes: 143

EGAP:

N.º de accións formativas realizadas: 44

Nome e descrición das accións formativas realizadas:

A relación de actividades completa recóllese na actuación 2.1.1. Trátase dun total de 21 cursos diferentes dos que se desenvolveron unha ou máis edicións (o dato aparece recollido entre parénteses), de xeito que o computo total de actividades é de 44.

N.º de persoas formadas: 1178

	<p>Mulleres: 1002 Homes: 176</p> <p>Orzamento destinado: S. X. de Política Social: sen custo engadido para esta secretaría, xa que os dous primeiros se organizaron con medios do Servizo Galego de Saúde e o terceiro con cargo á EGAP (e xa se computa no orzamento deste departamento na 2.1.1) FEGAS: sen dato EGAP: o que figura na actuación 2.1.1</p>
<p>Actuación (de nova incorporación en 2012)</p> <p>6.3.11. Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito da colaboración con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Emprego e Formación 	<p>N.º de axudas concedidas: 241</p> <p>N.º total de persoas beneficiarias: 517</p> <p>Mulleres: sen dato Homes: sen dato</p> <p>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias: 382</p> <p>Mulleres: sen dato Homes: sen dato</p> <p>Orzamento destinado: 6.206.853,00 €</p>
<p>Obxectivo específico 4. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>6.4.1. Darlle continuidade ao programa de fomento da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria, mediante o que se incentivan as empresas pola contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade, coa finalidade de fomentar e de favorecer a súa integración no sistema ordinario de traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (antes D. X. Promoción do Emprego) 	<p>N.º de empresas beneficiarias: 180</p> <p>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias: 212</p> <p>Mulleres: 84 Homes: 128</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 756.959,54 euros</p>
<p>6.4.2. Darlle continuidade ao programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, a través do que se subvenciona a promotores de proxectos con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social das e dos preparadores laborais que se contraten para levar a cabo accións de apoio ás persoas con discapacidade severa con maiores dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (antes D. X. de Promoción do Emprego) 	<p>N.º de entidades beneficiarias do programa: 11</p> <p>N.º de preparadoras/es contratados subvencionados: 22</p> <p>N.º de empresas beneficiarias: 48</p> <p>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias: 64</p> <p>Mulleres: 26 Homes: 38</p> <p>As entidades beneficiarias do programa de emprego con apoio foron 11, ás que se lles subvencionou a contratación de 22 preparadores ou preparadoras laborais que prestaron apoio a 64 persoas con discapacidade en 48 empresas.</p> <p>Orzamento destinado: 106.325,18 euros</p>
<p>6.4.3. Considerar de maneira explícita as persoas con discapacidade como colectivo beneficiario en todas as accións informativas relativas a cooperativas e incidir nas vantaxes das cooperativas de integración social.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (antes D. X. de Relacións Laborais) 	<p>Actuación non executada.</p> <p>Aínda que se realizaron diversas accións informativas sobre cooperativas e se consideraron as vantaxes das cooperativas de integración social, non se tiveron en conta de forma explícita as persoas con discapacidade como colectivo destinatario e, independentemente de que houbo algunha persoa destinataria nesa situación, descoñécese esa referencia.</p>



<p>6.4.4. Potenciar os contratos para a formación como vía de incorporación ao mercado de traballo das persoas con discapacidade sen experiencia laboral previa.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (antes D. X. de Promoción do Emprego)</p>	<p>Orzamento destinado:</p> <p>N.º total de contratos para a formación realizados: 1</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade que se acollen a esta modalidade: 1</p> <p>A orde do ano 2013 para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria subvenciona a contratación temporal de persoas con discapacidade, sempre que a duración do contrato sexa de polo menos 12 meses. Os resultados xa están computados na actuación 6.4.1 e foron os seguintes:</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade contratadas con contrato temporal: 83 (consta 1 contrato temporal coa modalidade de contrato de formación, que é dunha muller).</p> <p>Orzamento destinado: 3100 € (refírese ao orzamento do contrato de formación mencionado).</p>
<p>6.4.5. Levar a cabo o mantemento evolutivo do Portal virtual de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).</p> <p>✱ Dirección Xeral de Emprego e Formación (antes D. X. de Formación e Colocación)</p>	<p>Novos servizos implantados: 2</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O Portal de emprego da Consellería de Traballo e Benestar incrementou o seu nivel de accesibilidade. Actualmente, ten unha accesibilidade AAA-WAI 1.0. 2. Ademais, levouse a cabo un estudo e novo deseño no Portal de Emprego de cara a mellorar a súa funcionalidade para: demandantes, empresariado e orientadores/as. <p>Orzamento destinado: 60.000 €</p>
<p>6.4.6. Incluír medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p><i>Nota: A esta actuación responde o Acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010, polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.</i></p> <p>✱ Interveñen todos os organismos/departamentos/entidades implicadas no desenvolvemento do plan</p>	<p>N.º de expedientes de contratación que inclúen medidas deste tipo:</p> <p>Área de Cultura (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): 14</p> <p>Fundación Cidade da Cultura de Galicia (Área de Cultura, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): 1</p> <p>Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos: 3</p> <p>UDC: non hai constancia de que se incluíse en ningún prego. Ata o de agora facíase no contrato de transporte adaptado pero en 2013 non se licitou.</p> <p>Consellería de Economía e Industria: 2</p> <p>No ano 2013 nesta consellería tramitáronse dous expedientes de contratación en cuxos pregos de cláusulas administrativas particulares recóllese o seguinte: segundo o reflectido no Acordo do Consello da Xunta de 8 de abril de 2010, no caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%. No caso de que varias empresas se encontren nas circunstancias expresadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.</p> <p>CESGA (Consellería de Economía e Industria): leváronse a</p>

Continuación...

6.4.6. Incluir medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nota: A esta actuación responde o Acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010, polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Intervenien todos os organismos/departamentos/entidades implicadas no desenvolvemento do plan**

cabo 4 expedientes de contratación de persoal para proxectos de I+D+i, cumprindo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación.

Consellería do Medio Rural e do Mar: 51

No n.º de expedientes que inclúen medidas tense en conta o total de expedientes de contratación tramitados no ano 2013, polos procedementos aberto ou negociado sen publicidade, que chegaron a licitarse (tendo en conta que en dous casos quedaron desiertos, e varios deles continúan en trámite).

Todos os expedientes de contratación tramitados no ano 2013 inclúen nos pregos a previsión de ter en conta a porcentaxe de persoas con discapacidade, para dirimir desempates, no caso de producirse empates na valoración de proposicións.

A actuación executouse, mais non tivo incidencia para os efectos de mellora da situación laboral das persoas con discapacidade.

Consellería de Sanidade: a Orde do 29 de Abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para as entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario (DOG núm. 87 do 7 de maio de 2013), inclúe un baremo favorable para as entidades beneficiarias con maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade en caso de empate entre dúas ou máis asociacións.

EGAP: 2

AXEGA: 3

Dirección Xeral de Administración Local: non se realizaron expedientes de contratación que requirisen a aprobación de pregos de cláusulas administrativas.

Dirección Xeral de Xustiza: 13

Esta dirección xeral non ten competencias para a tramitación deses expedientes de contratación, o órgano competente para isto é a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A Dirección Xeral de Xustiza trasládalle as súas necesidades e propostas á secretaria. Matizado o anterior, a iniciativa deste centro directivo, a secretaria xeral tramitou 13 expedientes de contratación recollendo todos eles a cláusula acorde á lexislación de contratos para o fomento da contratación de persoas con discapacidade.

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 14

Secretaría Xeral da Igualdade: 2

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: 1

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 5

1 contrato tramitado en 2013 (iniciado como anticipado no 2012) para 46 prazas de protección de menores (6 centros).

4 contratos dos Puntos de Encontro Familiares.

As “medidas de fomento da inserción laboral de persoas con discapacidade” que se aplican consisten en darlles preferencia na adxudicación, en caso de empate, ás empresas que teñan máis dun 2% do seu cadro de persoal traballadores/as fixos/as con discapacidade.



Continuación...

6.4.6. Incluir medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nota: A esta actuación responde o Acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010, polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Interveñen todos os organismos/departamentos/entidades implicadas no desenvolvemento do plan**

Secretaría Xeral de Política Social: 24 (inclúe 13 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar).

Consellería de Traballo e Benestar (SXT): 35

IGVS: 1

Dirección Xeral de Mobilidade: 3

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: 154

Axencia Turismo de Galicia: só se inclúen medidas de fomento do emprego nos pregos para aplicar no caso de desempate. Nunca se aplicaron porque nunca houbo empate.

AMTEGA: 48

Secretaría Xeral de Medios: non foi posible levar esta actuación a cabo debido ás peculiaridades dos contratos realizados por este departamento no exercicio 2013, tal e como se describe na actuación 3.3.12.

CRTVG: a contratación de persoal na CRTVG e as súas sociedades faise a través dunhas listaxes de contratación, onde cada aspirante ten unha posición e unha puntuación en función da cualificación obtida no Proceso Selectivo Extraordinario de Consolidación de Emprego finalizado en 2012, en que se reservou o 7% das prazas a persoas con discapacidade.

Secretaría Xeral de Emigración: o criterio é aplicable en caso de empate nas ofertas e non se utilizou en ningún proceso de contratación.

Orzamento destinado:

Fundación Cidade da Cultura de Galicia (Área de Cultura, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): 150.000,00 €

Consellería de Economía e Industria: 4.082.390,51 €

A primeira contratación, o desenvolvemento dunha campaña publicitaria, adxudicouse por 520.000 euros.

O prezo da segunda contratación, a subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia, é de 40.337.337,53 € para as anualidades 2013, 2014 e 2015.

Consellería do Medio Rural e do Mar: 40.609.774,00 €

EGAP: 175.196,00 €

AXEGA: con cargo aos medios propios da AXEGA.

Dirección Xeral de Xustiza: 1.012.978,88 €

Secretaría Xeral da Igualdade: 118.917,21 €

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 14.216.138,00 €

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: a medida non ten orzamento específico. Medida: 1.º criterio de desempate entre ofertas: empresas que contén entre o seu persoal un número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%.

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 1.152.085,82 €

Respecto do contrato para 46 prazas de protección de menores (tramitado en 2013 e iniciado como anticipado no 2012): 662.986 €.

Respecto dos contratos dos Puntos de Encontro Familiares. Importe de adxudicación: 489.099,82 €.



	<p>Secretaría Xeral de Política Social: 21.999.718,75 € (inclúe 7.315.300,18 € do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar).</p> <p>Consellería de Traballo e Benestar (SXT): 7.738.263,40 € Desta actuación non se executou unha parte debido a distintas razóns:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Un dos contratos adjudicados foi resolto por incumprimento dos prazos do contrato. • Debéronse reaxustar as anualidades previstas doutros contratos debido a que os prazos de execución non encaixaban na anualidade nun caso, e noutro contrato non se puideron iniciar as obras no exercicio. <p>En consecuencia, a parte inicialmente prevista na adjudicación que non se executou no 2013 foron un total de: 239.571,16 €</p> <p>IGVS: 368.000,00 €</p> <p>Dirección Xeral de Mobilidade: 6.487.502,64 €</p> <p>Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: 84.520.804,63 €</p> <p>AMTEGA: 14.776.298,07 €</p>
<p>6.4.7. Promover que nas entidades beneficiarias de axudas para a contratación de 50 ou máis traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, ao abeiro das diferentes ordes de convocatoria dos programas de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar, cando menos, o 5 % das persoas seleccionadas sexan persoas con discapacidade.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Emprego e Formación (antes D. X. de Promoción do Emprego)</p>	<p>Actuación non executada. O número máximo de contratacións autorizadas por entidade, segundo a orde de convocatoria, son 15. Este límite máximo poderá exceptuarse no suposto de entidades de atención a persoas con discapacidade, pero dado o orzamento e tendo en conta que son subvencións en réxime de concorrencia competitiva, en ningún caso se podería chegar á cifra de 50 persoas traballadoras.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>6.4.8. Fomentar a participación das persoas demandantes de emprego nas políticas activas de emprego e considerar as circunstancias de quen ten algunha discapacidade.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Emprego e Formación (antes D. X. de Formación e Colocación)</p>	<p>N.º total de orientacións laborais realizadas: 62.739</p> <p>Nº total de persoas beneficiarias: 34.469</p> <p>Mulleres: 17.513</p> <p>Homes: 16.956</p> <p>N.º de orientacións laborais dirixidas a persoas con discapacidade: 10.011</p> <p>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias: 3343</p> <p>Mulleres: 1426</p> <p>Homes: 1917</p> <p>% de persoas con discapacidade beneficiarias sobre to total de persoas beneficiarias: 9,7%</p> <p>Taxa de inactividade na poboación xeral en 2013: sen dato</p> <p>Taxa de inactividade da poboación con discapacidade, en 2013: sen dato</p> <hr/> <p>Orzamento anual destinado aos centros específicos que atenden este colectivo: 1.087.895,94 €</p>



<p>6.4.9. Visibilizar a través das accións de fomento da responsabilidade social empresarial (RSE) da Xunta de Galicia (xornadas, encontros, informacións dixitais...) a capacidade das persoas con discapacidade e concienciar sobre a súa contratación, ao tempo que se facilita información sobre as axudas técnicas e persoais e sobre o cumprimento voluntario da cota do 2 % no cadro de persoal de traballadores ou traballadoras que teñen algunha discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (antes D. X. de Relacións Laborais) 	<p>Actuación non executada</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>6.4.12. Establecer, normativamente, vías de comunicación entre persoal técnico de servizos sociais e de formación e colocación, cara á optimización de recursos no ámbito da inserción laboral das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Familia e Inclusión • Dirección Xeral de Emprego e Formación (antes D. X. de Formación e Colocación) 	<p>Publicación da normativa que regule a coordinación. Vías de comunicación establecidas. Sen resposta</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>Actuación (de nova incorporación en 2012)</p> <p>6.4.13. Promover a incorporación das persoas con discapacidade ao emprego por conta propia a través do Programa de promoción do emprego autónomo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (antes D. X. de Promoción do Emprego) 	<p>Dirixida a persoas con discapacidade desempregadas que se constitúan como traballadoras autónomas por conta propia.</p> <p>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias: 40 Mulleres: 18 Homes: 22</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 466.400 euros</p>
<p>Actuación (de nova incorporación en 2012)</p> <p>6.4.14. Convocar axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito da colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a prórroga da subvención para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Emprego e Formación (antes D. X. de Promoción do Emprego) 	<p>N.º de axentes de emprego para a atención de persoas con discapacidade contratadas: 27 Mulleres: sen dato Homes: sen dato</p> <p>Para o exercicio das súas funcións e actividades, os axentes de emprego poden contar coa axuda e asistencia de unidades de apoio de carácter administrativo, que serán coordinadas por aqueles.</p> <p>N.º de unidades de apoio contratadas: 5</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 813.183,00 €</p>
<p>Obxectivo específico 5. Apoiar o emprego protexido, especialmente dende a Administración pública.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>6.5.1. Darlle continuidade ao programa de apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección Xeral de Emprego e Formación 	<p>N.º de centros especiais de emprego beneficiarios: 115 N.º de persoas con discapacidade beneficiarias: 1834 Mulleres: 703 Homes: 1131</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 7.195.840,24 euros</p>
<p>6.5.2. Darlle continuidade ao programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional dos</p>	<p>N.º de centros especiais de emprego beneficiarios: 12 N.º de persoas con discapacidade beneficiarias: 255</p>

<p>centros especiais de emprego.</p> <p>• Dirección Xeral de Emprego e Formación</p>	<p>Mulleres: 99 Homes: 156</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 224.956,77 €</p>
<p>6.5.5. Reservar entre o 3 % e o 5 % dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.</p> <p>• Interveñen todos os organismos/departamentos/entidades implicadas no desenvolvemento do plan</p>	<p>N.º de contratos con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro:</p> <p>Área de Cultura (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): pendente da elaboración das instrucións e da súa correspondente aplicación.</p> <p>CESGA (Consellería de Economía e Industria): leváronse a cabo 4 expedientes de contratación de persoal para proxectos de I+D+i, cumprindo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación. No ano só se contratou unha persoa.</p> <p>Consellería do Medio Rural e do Mar: 3</p> <p>Os tres contratos reservados foron asinados con ASPAS Emprego, SL, un deles é un servizo adxudicado por procedemento negociado sen publicidade "servizo para a conservación, mantemento e xestión do centro de razas equinas autóctonas de Galicia en Sergude-Boqueixón (A Coruña)", cofinanciado con fondos FEADER nun 75%, eixe prioritario 2, subeixe 2.1, submedia 2.1.4.2.1, e os outros son contratos menores de subministración a ese centro.</p> <p>AXEGA: a AXEGA comprométese, como non pode ser doutra forma, a telo en conta en futuras contratacións, pero a data de hoxe e dende o ano 2009, non se levou a cabo ningún proceso de contratación de persoal.</p> <p>Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: dadas as características dos contratos tramitados pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, principalmente contratos de servizos comúns da Xunta de Galicia cun orzamento elevado, resulta difícil reservalo a centros especiais de emprego.</p> <p>Non obstante, a adquisición de material de oficina para o Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (sobres...) faise a través de centros especiais de emprego.</p> <p>Dirección Xeral de Mobilidade: o volume de licitación promovida pola Dirección Xeral de Mobilidade no ano 2013, xunto coa especialidade técnica desta (centrada en asistencias técnicas especializadas en materia de transporte e execución de obras de carácter loxístico), non permitiu nin que se acadase un volume de contratos que se situase nesas porcentaxes, nin tampouco que algún dos que foron obxecto de licitación entrase no ámbito de actuación de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.</p> <p>Axencia Turismo de Galicia: 3</p> <p>AMTEGA: a adxudicación dos contratos regúlase polo TRLCSP cumprindo co principio de igualdade e transparencia que se establece no artigo 139 "Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia".</p>




<p>Continuación...</p> <p>6.5.5. Reservar entre o 3 % e o 5 % dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.</p> <ul style="list-style-type: none"> Interveñen todos os organismos/departamentos/entidades implicadas no desenvolvemento do plan 	<p>Secretaría Xeral de Medios: non foi posible levar esta actuación a cabo debido ás peculiaridades dos contratos realizados por este departamento no exercicio 2013, tal e como se describe na actuación 3.3.12.</p> <p>CRTVG: 2</p> <p>IGVS: 0. Os contratos que se realizan son de construción e informática.</p> <p>Secretaría Xeral da Emigración: 0</p> <hr/> <p>Importe total contratado con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro:</p> <p>Consellería do Medio Rural e do Mar: 77.036,00 €</p> <p>Axencia Turismo de Galicia: 42.841,26 €</p> <p>CRTVG: 55.728,00 €</p>
<p>Actuación de nova incorporación en 2013</p> <p>6.5.6. Financiamento de centros especiais de emprego</p> <ul style="list-style-type: none"> Xesgalicia (Consellería de Economía e Industria) 	<p>Dentro do cometido de Xesgalicia Sociedad Gestora de Entidades de Capital Riesgo, SA, que consiste en xestionar fondos de capital risco que outorgan financiamento a Pemes para que leven a cabo os seus plans de inversión, o Consello de administración do 23/12/2013 aprobou que o Emprande FCR, outorgue financiamento a Galega de Economía Social, SL, grupo empresarial catalogado como Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro, mediante o desembolso de 200.001 €, en capital social e a concesión dun préstamo ordinario de 300.000 €</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 500.001 €</p>

RESUMO:

- Segundo a información exposta no cadro anterior, non se dispón de datos nunha das medidas: a 6.4.12, que non computa para calcular os graos de actividade, polo que se estaría a falar de 25 actuacións con actividade dun total de 32 medidas (non as 33 previstas), é dicir, 78.13%.
- Non obstante, inclúese tamén no seguimento a actuación 6.3.1., programada para 2012, así como as actuacións 6.3.11, 6.4.13 e 6.4.14 que foron de nova incorporación en 2012 e se manteñen neste seguimento e, por último a actuación 6.5.6, de nova incorporación en 2013. Deste xeito, estase a falar de que se registrou actividade en 29 medidas, dun total de 37 (non de 38, porque non se contabiliza a que non presenta datos), o que supón unha porcentaxe de actividade de 78.37 %
- As **actuacións sen actividade** son oito: a 6.1.3, a 6.1.17, a 6.2.2, a 6.3.1, a 6.3.2, a 6.4.3, a 6.4.7, e a 6.4.9.

Gráfico 6. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 6³



Fonte: Elaboración propia.

³ Non se están contabilizando para os cálculos do grao de actividade as dúas actuacións sinaladas no cadro resumo como sen datos e/ou resposta do organismos responsables.



ÁREA 7. RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

A área de recursos no ámbito dos servizos sociais ten como obxectivo mellorar o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións para as persoas con discapacidade e as súas familias.

Para iso deseñáronse un total de 30 medidas, que constitúen o 9,8 % do conxunto de actuacións do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.

As actuacións ideáronse sobre a necesidade de consecución de tres obxectivos específicos:



1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións, programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.



2. Deseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.

3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.

A continuación, descríbese a información relativa a esta área durante o exercicio 2013, anualidade na que se programaron **15** das actuacións de área, a cargo da Secretaría Xeral de Política Social (con competencia nunha delas tamén da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e coa colaboración de Cermi Galicia noutra das actuacións), da Dirección Xeral de Familia e Inclusión e da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar.

Ás 15 actuacións programadas súmanse outras dúas: a 7.3.1 que se programou inicialmente para 2010 e 2011, pero continuou en 2012 e en 2013; e a 7.3.15, actuación de nova incorporación durante o seguimento 2012. Polo tanto, en 2013 realízase o seguimento dun **total de 17 actuacións** nesta área de intervención.

Como se verá no seguinte cadro de resultados, con motivo do seguimento 2013 entra a formar parte do plan outra nova actuación que se suma ás anteriores, a cargo da S. X. da Emigración.

ÁREA 7. RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

Obxectivo específico 2. Diseñar procesos que garantan unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>7.2.2. Mellorar as vías de coordinación entre os equipos con funcións de valoración e intervención social da Consellería de Traballo e Benestar e os equipos de orientación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✦ Secretaría Xeral de Política Social ✦ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa 	<p>Actuación non executada</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>7.2.3. Diseñar e poñer en marcha un sistema informático integrado de referencia no ámbito dos servizos sociais, que facilite a xestión e a coordinación entre os distintos departamentos administrativos implicados na atención ás persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✦ Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar 	<p>Actuación non executada</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>7.2.6. Crear e poñer en marcha grupos de traballo para instrumentalizar os criterios de calidade e das condicións que garantan unha intervención efectiva e especializada: soporte documental, formación especializada, perfís profesionais, cadros de persoal recomendables etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✦ Secretaría Xeral de Política Social 	<p>Actuación rematada en 2012</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>7.2.7. Potenciar a través das ordes de subvencións o desenvolvemento de programas que favorezan a intervención coa persoa con discapacidade no seu contorno habitual persoal (programas de atención ambulatoria, titorías, escolas de pais e nais etc.), cara a mellorar a súa autonomía.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✦ Secretaría Xeral de Política Social ✦ Dirección Xeral de Familia e Inclusión 	<p>Actuación non executada por canto non existiron en 2013 ordes de subvencións.</p> <p>NON OBSTANTE, financiáronse programas de intervención coas persoas con discapacidade no seu contorno habitual a través dos convenios asinados coas entidades de iniciativa social que traballan no ámbito da discapacidade.</p> <p>Así mesmo, nas corporacións locais, e con financiamento do Plan Concertado, aténdese as demandas das persoas con discapacidade que acoden aos servizos sociais comunitarios básicos.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>7.2.10. Identificar e promover boas prácticas innovadoras e excelentes sobre procesos de intervención no ámbito da discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✦ Secretaría Xeral de Política Social ✦ Cermi Galicia 	<p>N.º de boas prácticas identificadas e descrición:</p> <p>CERMI GALICIA: 12</p> <p>Feafes: 1</p> <p>Servizos da experiencia piloto de acompañamento a persoas con enfermidade mental mediante aplicación de novas técnicas de rehabilitación (Programa MENTORAZGO) e segundo o prego do Exp. PN 31/201.</p> <p>Down Galicia: 11</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprendizaxe cooperativa: como metodoloxía prioritaria no desenvolvemento das sesións grupais dos programas que forman parte do Servizo de Promoción da Autonomía



Continuación...

7.2.10. Identificar e promover boas prácticas innovadoras e excelentes sobre procesos de intervención no ámbito da discapacidade.

- ✿ [Secretaría Xeral de Política Social](#)
- ✿ [Cermi Galicia](#)

- Persoal das entidades membro, e con dobre finalidade, a autoavaliación do traballo feito e a potenciación da axuda mutua.
2. Apoio na aula: apoio por parte de profesionais da entidade Down tanto a mestres e mestras, ao alumnado e ao alumnado coa síndrome de Down dentro da aula e centro educativo. Así, téntase coñecer a realidade escolar dos alumnos e alumnas con SD e/ou discapacidade intelectual para poder darlles resposta ás necesidades e demandadas que xurdan e que favorezan a inclusión educativa das persoas usuarias.
 3. Coordinación con centros educativos: formación e información ao persoal docente e aos centros educativos aos que asisten as persoas usuarias da entidade.
 4. Formación con apoio: programa inclusivo e baseado nas ofertas comunitarias normalizadas que facilita a preparación para o mundo do traballo a mozos e mozas coa sD.
 5. Emprego con apoio: metodoloxía eficaz para lograr a inserción laboral de persoas en risco de exclusión en xeral en empresas ordinarias.
 6. Programa de Autonomía: onde a autonomía urbana e os desprazamentos pola cidade e concellos limítrofes faise a través do uso do transporte público e o adestramento nestes itinerarios a mozos e mozas e persoas adultas coa sD. Igualmente trátase de que as persoas coa sD melloren no seu nivel de inclusión social a través do uso dos recursos normalizados da comunidade.
 7. Programa de Autoxestión: onde todos e todas as persoas adultas coa sD teñen a oportunidade de medrar no proceso de autoxestionar cada vez máis aspectos da súa vida. Medrar na autoxestión é un dereito e polo tanto debe ser accesible a todos e todas.
 8. Vida independente: na que se facilitan os recursos e apoios necesarios para que as persoas coa síndrome de Down leven unha vida o máis independente posible dentro das súas posibilidades.
 9. Lectura fácil: proxectos de lectura fácil como medida de accesibilidade á información do colectivo.
 10. Guía académica e profesional para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, como unha ferramenta que axude tanto ás persoas usuarias, como ás súas familias e profesionais implicados nos procesos de orientación do colectivo, a encamiñar o itinerario académico e profesional da persoa con discapacidade.
 11. Envellecemento activo: para favorecer procesos de envellecemento activos e saudables das persoas usuarias de maior idade.

Cómpre destacar tamén outras iniciativas levadas a cabo no ano 2013 e que se poderían considerar medidas de boas prácticas: inclusión das novas tecnoloxías/tablet, encerado dixital como recurso no desenvolvemento de programas, elaboración do manual de prospectores laborais, formación do



	profesorado homologada pola Xunta de Galicia...
	Orzamento destinado:
<p>7.2.12. Revisar os procesos de traballo e as ferramentas tecnolóxicas de apoio no proceso de tramitación dos equipos de valoración.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Variación no tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración da situación de dependencia: -22%</p> <p>Tempo medio de tramitación anual en 2012: 74 días</p> <p>Tempo medio de tramitación anual en 2013: 57 días</p> <p>Variación no tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración de discapacidades: -65%</p> <p>Tempo medio de tramitación anual en 2012: 157 días</p> <p>Tempo medio de tramitación anual en 2013: 55 días</p> <p>Orzamento destinado: 646.699,08 euros</p>
Obxectivo específico 3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>7.3.1. Poñer en marcha novos centros de atención e unidades especializadas en centros de servizos sociais autorizados preexistentes.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p> <p><i>Actuación programada e executada en 2011; non foi programada nin en 2012 nin en 2013, pero déuselle continuidade.</i></p>	<p>N.º de centros postos en marcha: 1</p> <p>N.º de unidades especializadas creadas: 1 (Centro ocupacional do CAPD Coruña).</p> <p>N.º de prazas creadas: 30</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>7.3.2. Darlles continuidade ás axudas dirixidas ás persoas con discapacidade no marco das subvencións para o cofinanciamento das prestacións básicas de servizos sociais ás corporacións locais.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Familia e Inclusión</p>	<p>N.º de axudas concedidas: 7, consistentes no financiamento de equipos municipais de atención temperá.</p> <p>N.º de equipos de atención temperá financiados: 7</p> <p>N.º de profesionais implicados: 16</p> <p>Relación de equipos financiados: Noia, Mancomunidade de Ordes, As Pontes, Burela, Mancomunidade do Carballiño Mancomunidade de Verín, Pontearreas</p> <p>Orzamento destinado: 236.447,00 €</p> <p>Porcentaxe destinada no ámbito da discapacidade: sen dato</p>
<p>7.3.3. Procurar unha maior cobertura do programa de axuda no fogar para as persoas con discapacidade e complementalo con outros servizos de proximidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p> <p>✿ Dirección Xeral de Familia e Inclusión</p>	<p>N.º de persoas con discapacidade usuarias: 1181</p> <p>Mulleres: 665</p> <p>Homes: 516</p> <p>N.º de persoas en situación de dependencia usuarias: 8468</p> <p>Mulleres: 5804</p> <p>Homes: 2664</p> <p>Orzamento destinado:</p> <p>SAF dependencia:</p> <p>Orzamento destinado en 2012: 32.251.374 €</p> <p>Orzamento destinado en 2013: 37.750.244 €</p>



	<p>Porcentaxe do incremento: 17%</p> <p>SAF básica: Orzamento destinado en 2012: 828.605,11 € Orzamento destinado en 2013: 828.605,11 € Porcentaxe do incremento: 0%</p>
<p>7.3.5. Manter e, se é o caso, ampliar o volume de prazas residenciais de carácter público para persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de prazas: 2.092</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade beneficiarias: 1829 Mulleres: 806 Homes: 1023</p> <p>N.º de prazas vacantes: 263</p> <p>Orzamento destinado: 27.979.501,00 €</p>
<p>7.3.6. Incrementar o número de prazas do Programa de respiro familiar, a través do que se lles oferta ás familias un período de descanso con actividades de ocio socializador e integrador das persoas usuarias do programa.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de prazas en 2012: 72 N.º de prazas en 2013: 65</p> <p>N.º total de persoas con discapacidade usuarias: 2009 Mulleres: 761 Homes: 1248</p> <p>Variación anual de prazas: -9 % A maioría das prazas son xestionadas pola Subdirección Xeral Recursos Residenciais e de Atención Diúrna. A diminución de prazas respecto a 2012 é debido a que algunhas destas prazas transformáronse en prazas de internado.</p> <p>Orzamento destinado: 481.042 €</p>
<p>7.3.7. Aumentar o número de prazas de estancias temporais en centros que lles dan cobertura a certas situacións de emerxencia social ou descanso familiar, que poden ser paliadas cun ingreso temporal.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de prazas: 27</p> <p>Incremento anual de prazas: 0%</p> <p>N.º de persoas con discapacidade usuarias: 83 Mulleres: 27 Homes: 56</p> <p>Orzamento destinado: 425.107,00 €</p>
<p>7.3.8. Promover o desenvolvemento de medidas/programas orientados a atender as necesidades en ámbitos da discapacidade con maior escaseza de recursos.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de medidas/programas implantados en 2013: 1</p> <p>Descrición das medidas/programas con indicación dos centros ou entidades: Incrementáronse 25 novas prazas para persoas con discapacidade no centro de Bóveda (Lugo).</p> <p>N.º de persoas usuarias: 25 Mulleres: 7 Homes: 18</p> <p>Orzamento destinado: 624.750,00 €</p>
<p>7.3.9. Ampliar os recursos tecnolóxicos dirixidos á poboación de persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>N.º de persoas con discapacidade usuarias: 160 Mulleres: 115 Homes: 45</p> <p>Orzamento destinado: 50.133 €.</p>



<p>7.3.13. Diseñar e executar un programa anual de cursos de formación, en resposta ás necesidades detectadas no estudo previsto na actuación anterior (refírese á actuación 7.3.12. do plan: Estudiar as necesidades de formación dos e das profesionais que traballan no ámbito dos centros/servizos de atención ás persoas con discapacidade).</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Por parte da Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna</p> <p>N.º de cursos de formación previstos: 4 N.º de cursos de formación realizados: 2 Nome/título dos cursos realizados:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Sensibilización fronte ao sistema de xestión e control de suxeicións restritivas en centros de atención sociosanitaria.2. Curso de atención ao trastorno mental grave en réxime residencial. <p>N.º de participantes: 199</p> <p>Por parte da Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da discapacidade</p> <p>N.º de cursos de formación previstos: 2 N.º de cursos de formación realizados: 2 Nome/título dos cursos realizados: valoración da situación de dependencia en persoas con enfermidade mental.</p> <p>N.º de participantes: 21 Mulleres: 16 Homes: 5</p> <p>Tamén se levaron a cabo cursos de formación dirixidos a persoas coidadoras:</p> <p>N.º de cursos de formación previstos: 76 N.º de cursos de formación realizados: 75 Nome/título dos cursos realizados:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Módulo básico de cuidados no contorno familiar.2. Cuidados no contorno familiar de persoas con enfermidades crónicas.3. Cuidados no contorno familiar de persoas con demencias.4. Cuidados no contorno familiar de persoas con Alzheimer. <p>N.º de participantes: 1222 Mulleres: 931 Homes: 291</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 1200 euros (Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e de Atención diúrna). 2400 euros (formación dirixida a profesionais); en total 75.506 euros (Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da discapacidade).</p>
<p>7.3.14. Crear e manter un espazo web sobre a discapacidade que garanta información actualizada.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>O espazo web foi creado na anterior anualidade, e mantívose activo en 2013.</p> <p>Enderezo completo do espazo web: http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade</p> <p>N.º de visitas a este espazo web en 2013: 21.141</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: sen custo engadido.</p>
<p>Actuación (de nova incorporación en 2012)</p>	<p>N.º de consultas atendidas en materia de discapacidade:</p>



<p>7.3.15. Prestar información, orientación, recepción e derivación de queixas e presuntas situacións de maltrato dende o teléfono social 900 333 666</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>240</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Motivo da chamada</th> <th>N.º</th> <th>%</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Grao de discapacidade</td> <td>8</td> <td>4 %</td> </tr> <tr> <td>Dependencia</td> <td>13</td> <td>5 %</td> </tr> <tr> <td>Prestación socioeconómica</td> <td>55</td> <td>22 %</td> </tr> <tr> <td>Programas específicos</td> <td>63</td> <td>25 %</td> </tr> <tr> <td>Vivenda/centros</td> <td>0</td> <td>0 %</td> </tr> <tr> <td>Accesibilidade</td> <td>20</td> <td>8 %</td> </tr> <tr> <td>Información</td> <td>15</td> <td>6 %</td> </tr> <tr> <td>Denuncia</td> <td>2</td> <td>1 %</td> </tr> <tr> <td>Outros</td> <td>64</td> <td>26 %</td> </tr> <tr> <td>TOTAL</td> <td>240</td> <td>97 %</td> </tr> </tbody> </table> <p>Orzamento destinado: 41.728,20 € (o orzamento destinado inclúe a prestación do servizo para persoas maiores, con discapacidade e dependencia).</p>	Motivo da chamada	N.º	%	Grao de discapacidade	8	4 %	Dependencia	13	5 %	Prestación socioeconómica	55	22 %	Programas específicos	63	25 %	Vivenda/centros	0	0 %	Accesibilidade	20	8 %	Información	15	6 %	Denuncia	2	1 %	Outros	64	26 %	TOTAL	240	97 %
Motivo da chamada	N.º	%																																
Grao de discapacidade	8	4 %																																
Dependencia	13	5 %																																
Prestación socioeconómica	55	22 %																																
Programas específicos	63	25 %																																
Vivenda/centros	0	0 %																																
Accesibilidade	20	8 %																																
Información	15	6 %																																
Denuncia	2	1 %																																
Outros	64	26 %																																
TOTAL	240	97 %																																
<p>Actuación de nova incorporación en 2013</p> <p>7.3.16. Manter un programa de axudas económicas para persoas galegas residentes no exterior (en situación de dependencia, discapacidade ou invalidez permanente...) e emigrantes galegos/as retornados/as.</p> <p>✿ Secretaría Xeral da Emigración</p>	<p>1) Axudas económicas individuais para emigrantes en situación de dependencia ou invalidez permanente e con precariedade económica.</p> <p>- N.º de persoas beneficiarias: 2804. Residentes en Argentina, Brasil, Chile, Cuba, México, Uruguai e Venezuela Mulleres: 1831 Homes: 973</p> <p>2) Axudas emerxencia social e para a realización de viaxes por interese social, asistencial ou humanitario Emigrantes galegos en situación de emerxencia social sobrevida e que presentan unha discapacidade ou dependencia.</p> <p>- N.º de persoas beneficiarias: 2 (residentes en Uruguai) Mulleres: 1 Homes: 1</p> <p>3) Axudas extraordinarias a emigrantes galegos e retornados á Comunidade Autónoma de Galicia e/ou membros unidade familiar que presenten discapacidade: 1 Mulleres: 0 Homes: 1</p> <hr/> <p>Axudas económicas individuais para emigrantes en situación de dependencia ou invalidez permanente e con precariedade económica: 823.925,00 €</p> <p>Axudas emerxencia social e para a realización de viaxes por interese social, asistencial ou humanitario: 2700 €</p> <p>Axudas extraordinarias a emigrantes galegos e retornados: 1250 €</p>																																	

RESUMO:

- Durante 2013, a área 7 do plan de acción cursou con actividade en 12 das 15 actuacións programadas, o que supón actividade no **80 %** das actuacións. As actuacións sen actividade son tres: a 7.2.2, a 7.2.3 e a 7.2.7.
- Cómpre sinalar a incorporación da actuación 7.3.15, non recollida no plan, pero que se incorporou con motivo do seguimento 2012, e a actuación 7.3.1, programada e executada en 2011 e á que se lle deu continuidade en 2012 e en 2013, e, por último, a actuación 7.3.16 que se incorpora por primeira vez neste seguimento 2013. Deste xeito, estaríase a falar de actividade en 15 medidas dun total de 18; polo tanto, cun nivel de execución/actividade do **83.3 %**.

Gráfico 7. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 7

Fonte: Elaboración propia.



ÁREA 8. SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

Co obxectivo xeral de garantir unha prevención, rehabilitación e asistencia sociosanitaria das persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación, configúrouse a área de actuación 8, “Saúde e atención sociosanitaria”.

Conta cun total de 22 actuacións na súa versión actual (fronte ás 19 na súa versión orixinal, de 2010), o que implica un 7,2 % (antes 6,3 %) do conxunto do plan. Con estas medidas preténdense alcanzar os seguintes obxectivos:

1. Regular o espazo sociosanitario.
2. Deseñar procesos que garanten unha efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e servizos sociais.
3. Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios dende unha perspectiva de atención integral.

Para a anualidade 2013, estaba prevista a execución de **12 das 22 actuacións** programadas para o período 2010-2013. Non obstante, realizouse o **seguimento de 13 actuacións**, xa que se incorporou unha nova actuación en 2012 que continuou en 2013, a **8.3.8**.

Os **departamentos responsables** destas medidas son: 1) Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria; 2) Secretaría Xeral de Política Social; 3) Xerencia do Servizo Galego de Saúde; 4) Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade; 5) Fegas.

O resultado da intervención en 2013 é o que se reflicte no seguinte cadro.



ÁREA 8. SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	
Obxectivo específico 1. Regular o espazo sociosanitario.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>8.1.1. Consolidar e darlle continuidade ao departamento administrativo con competencia específica no ámbito sociosanitario.</p> <p>✳ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria</p>	<p>Permanencia deste departamento: si</p> <p>N.º de persoas que o integran: 4</p> <p>Mulleres: 2</p> <p>Homes: 2</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: non asignación orzamento específico</p>

<p>8.1.2. Darlle continuidade á Comisión Interdepartamental de Coordinación de Atención Sociosanitaria de Galicia, regulada pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria ✿ Secretaría Xeral de Política Social 	<p>N.º de xuntanzas da Comisión durante 2013: 1</p> <p>N.º de persoas participantes de forma activa: 9</p> <p>Mulleres: 5</p> <p>Homes: 4</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: sen custo</p>
<p>8.1.4. Revisar e, se procede, actualizar a normativa que regula os centros e dispositivos de atención comunitaria en materia de saúde mental.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria 	<p>Actuación non executada. Non se considerou actualizar a normativa.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>Obxectivo específico 2. Diseñar procesos que garantan unha efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e servizos sociais.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>8.2.2. Establecer mecanismos para a coordinación dos servizos prestados por Sanidade e Benestar no proceso de atención e nas accións de rehabilitación das persoas usuarias de ambos os sistemas, coa finalidade de establecer a continuidade necesaria entre estes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria ✿ Secretaría Xeral de Política Social 	<p>Nota: Información facilitada pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria</p> <p>Mecanismos de coordinación deseñados e postos en marcha: si</p> <p>Descrición detallada dos mecanismos de coordinación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comité de planificación de atención sociosanitaria de Galicia. 2. Grupo de traballo de seguimento do "Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Traballo e Benestar, polo que se establecen liñas de traballo conxuntas de apoio a atención sociosanitaria, a pacientes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, estabilizados dende o punto de vista sanitario". 3. Programa de atención en saúde mental a recursos sociosanitarios da área de Santiago de Compostela. 4. Proxecto MiAvizor da C. de Benestar en colaboración co 061. 5. Modificación do decreto de acceso á historia clínica electrónica que permite o acceso e rexistro a médicos de centros sociosanitarios públicos. 6. Orde de 2013 para programas de incorporación social en vivendas en pacientes con trastornos aditivos (en colaboración co Servizo de Inclusión e Acción Social da C. de Traballo e Benestar). <hr/> <p>Orzamento destinado: non se dispón de todos os datos (a orde enumerada n.º 6 conta cun orzamento de 256.000 €). Sen custo para a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria nos demais apartados.</p>
<p>8.2.3. Avanzar na recollida da información máis relevante dos aspectos e actuacións de carácter social do/a paciente na historia clínica informatizada de Sanidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria 	<p>Modificación/ampliación do aplicativo IANUS e implantación: si</p> <p>Descrición da modificación/ampliación realizada: recóllese no Decreto 164/13, do 24 de outubro, polo que se modifica o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica (DOG n.º 213 do 7 de novembro de 2013).</p>



	<p>Orzamento destinado: sen custo engadido</p>
<p>8.2.4. Elaborar un protocolo marco para simplificar os procedementos de autorización de servizos sanitarios en centros públicos de servizos sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade–Inspección Sanitaria 	<p>A elaboración e sinatura do protocolo tivo lugar na anualidade 2011, polo que en 2013 correspondía recoller datos respecto do indicador relativo ao número de servizos autorizados.</p> <p>N.º de servizos autorizados: 14</p> <p>O número sinalado correspóndese co número de centros que acadaron esta autorización:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Residencia Asistida de Maiores de Oleiros - Residencia de Maiores da Pobra do Caramiñal - Residencia Mixta de Maiores de Ferrol - Residencia de Maiores de Monforte de Lemos - Residencia de Maiores "Torrente Ballester" - Residencia de Maiores do Meixoeiro - Residencia de Maiores de "As Gándaras" - Residencia de Maiores "Volta do Castro" - CAPD de A Coruña - CAPD de Redondela - Residencia de Maiores da Estrada - Residencia de Maiores de Marín - Residencia de Maiores de Carballo - Residencia de Maiores Fundación José Otero-Carmela Martínez <p>Nota: Información facilitada pola Secretaría Xeral de Política Social. Todos os centros son de xestión propia, a excepción do último que é de xestión externa.</p> <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
<p>8.2.5. Poñer en marcha un acordo de colaboración con carácter xeral cara a mellorar a coordinación da atención a persoas con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria ✿ Secretaría Xeral de Política Social 	<p><u>D. X. de Asistencia Sanitaria:</u></p> <p>N.º de persoas atendidas con trastorno mental: 5</p> <p>Mulleres: 3</p> <p>Homes: 2</p> <p><u>S. X. de Política Social:</u></p> <p>N.º de persoas atendidas con trastorno mental: 73</p> <p>Mulleres: 30</p> <p>Homes: 43</p> <p>Orzamento destinado:</p> <p>D. X. de Asistencia Sanitaria: sen asignación específica</p> <p>S. X. de Política Social: sen dato</p>
<p>8.2.6. Incluír no plan formativo da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) formación específica e transversal en materia de discapacidade, en función das diferentes tipoloxías.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Fegas ✿ Xerencia do Servizo Galego de Saúde 	<p>N.º total de cursos/módulos incluídos e impartidos en materia de discapacidade: 53</p> <ul style="list-style-type: none"> - N.º de cursos/módulos impartidos en materia de discapacidade física: 39 - N.º de cursos/módulos impartidos en materia de discapacidade intelectual: 27 - N.º de cursos/módulos impartidos en materia de discapacidade sensorial: 18 - N.º de cursos/módulos impartidos en materia de enfermidade mental: 15 <p>N.º previsto de persoas participantes: 942</p> <p>Mulleres: 812</p> <p>Homes: 130</p>

	<p>N.º de persoas formadas: 751 Mulleres: 643 Homes: 108</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 27.280,00 €</p>
<p>8.2.8. Incorporar o persoal sanitario ás accións formativas promovidas pola Consellería de Traballo e Benestar (na área de Benestar) a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social 	<p>Actuación non executada.</p> <p>A través da EGAP non se pode desenvolver esta actuación porque non ten competencias en materia de formación do persoal sanitario, así o establece a súa lei de creación (Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública. Artigo 3.1.b: Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, subseguintes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario).</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
<p>Obxectivo específico 3. Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios dende unha perspectiva de atención integral.</p>	
<p>Actuación</p>	<p>Resultados segundo indicadores</p>
<p>8.3.2. Desenvolver a información dentro dos cursos de preparación ao parto e de coidados de fillos/as, en formatos adecuados, de maneira que resulten accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria ✿ Secretaría Xeral de Política Social 	<p>Actuación non executada (información facilitada pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria).</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>8.3.6. Darlle continuidade ao Programa de formación na atención integral bucodental a pacientes con discapacidade, no marco do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela sobre a realización de programas de atención odontolóxica no módulo asistencial II.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria 	<p>N.º total de persoas atendidas: 883 Mulleres: 375 Homes: 508</p> <p>Convén subliñar que no marco deste convenio tamén se asiste a persoas con discapacidade severa no módulo asistencial III. En 2013 asistíronse 601 pacientes: 318 homes e 193 mulleres.</p> <p>Os datos totais serían os seguintes: N.º total de persoas atendidas: 1484 Mulleres: 693 Homes: 826</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 45.000,00 €</p>
<p>8.3.7. Crear unha tarxeta sanitaria especial para nenos e nenas con trastornos do espectro autista.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Xerencia do Servizo Galego de Saúde 	<p>Como xa se informou en informes anteriores, creada en 2011 mediante a Instrución 8/2011, de tarxeta sanitaria o protocolo de acollida de pacientes diagnosticados de trastornos xeneralizados do desenvolvemento espectro autista.</p> <p>N.º de tarxetas outorgadas en 2013: 133 Mulleres: 38 Homes: 95</p> <p>N.º acumulado de tarxetas outorgadas (total desde a súa creación ata o 31/12/2013): 902 Mulleres: 253 Homes: 649</p>



	Orzamento destinado:
<p>Actuación (de nova incorporación en 2012)</p> <p>8.3.8. Crear unha tarxeta sanitaria especial para persoas con Alzheimer.</p> <ul style="list-style-type: none"> Xerencia do Servizo Galego de Saúde 	<p>Como xa se informou en informes anteriores, creada en 2012 mediante a Instrución 13/2012, de tarxeta sanitaria o protocolo de acollida de pacientes diagnosticados de Alzheimer.</p> <p>N.º de tarxetas outorgadas en 2013: 340</p> <p>Mulleres: 239</p> <p>Homes: 101</p> <p>N.º acumulado de tarxetas outorgadas (total desde a súa creación ata o 31/12/2013): 749</p> <p>Mulleres: 505</p> <p>Homes: 244</p> <p>Orzamento destinado: sen dato.</p>

IMPORTANTE:

O Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia (obxecto da actuación 8.1.3 programada para 2011 e da que se deu conta no Informe de seguimento 2011) aprobouse na Comisión Interdepartamental de Coordinación da Atención Sociosanitaria de Galicia o 19 de marzo de 2013.

Está publicado na páxina web do Servizo Galego de Saúde con data de outubro de 2013: <http://www.sergas.es/cas/Publicaciones/Docs/SocioSanitario/PDF-2288-es.pdf>

O plan prevé a estratificación da poboación subsidiaria de atención sociosanitaria en 5 perfís de pacientes sociosanitarios nos que se inclúen o perfil de discapacidade física, psíquica e intelectual cos criterios médicos, funcionais e sociais concretos.


Non obstante, non se dispón de datos específicos e concretos de cada un dos perfís.

RESUMO:

- Segundo a información dispoñible, en 2012 rexistrouse actividade en 9 das 12 medidas programadas para 2013 na área 8 –“Saúde e atención sociosanitaria”–, o que implica unha execución do 75 %.
- As **actuacións non executadas** son a 8.1.4, a 8.2.8 e a 8.3.2.
- Non obstante, a porcentaxe de actividade varía lixeiramente ao considerar a actuación de nova incorporación en 2012, a 8.3.8, que continuou en 2013. Deste xeito, estase a falar de actividade en 10 actuacións dun total de 13, o que supón un nivel de actividade do 76,92 %.



Gráfico 8. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 8



Fonte: Elaboración propia.



ÁREA 9. ATENCIÓN TEMPERÁ

A atención temperá constitúe a materia obxecto da área 9 do plan, que se deseñou co obxectivo xeral de universalizar a atención temperá, mellorando a súa calidade e capacidade de atención, e máis concretamente para:

1. Desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá.
2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente.
3. Desenvolver unha rede de recursos de atención temperá.



No conxunto do plan, esta área é a de menor peso porcentual se se ten en conta o número de medidas: un total de 16 (5,3 % do conxunto). Non obstante, adquire unha grande importancia por ser unha materia na

que era preciso incidir xa que se trataba dunha demanda do movemento asociativo dende había anos e conseguiuase que tivese un espazo propio neste plan de acción, cunha área específica.



Neste terceiro ano de vixencia, o número de **actuacións programadas** foi de **sete**. A estas

hai que lles sumar **tres** actuacións previstas só para 2011 (a **9.1.2**, **9.2.3**, **9.2.5**), pero que non se executaron na súa anualidade, nin na seguinte, parte delas por depender da aprobación do decreto regulador da atención temperá (actuación 9.1.2), e cuxo borrador se elaborou en 2011, continuou a súa tramitación en 2012 e estaba pendente de aprobación no momento en que se redactou o informe de 2012. Tamén se engade a actuación **9.2.6** e a **actuación 9.2.8**, programadas para 2012, pero non se levaron a cabo. En definitiva, levouse a cabo o seguimento de **12 actuacións** nesta área de intervención.

Estes son os **organismos responsables** da execución das actuacións desta área: Secretaría Xeral de Política Social, Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

No cadro que se expón a continuación sinálanse os resultados acadados nesta área no exercicio 2013.

ÁREA 9. ATENCIÓN TEMPERÁ

Obxectivo específico 1. Desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>9.1.2. Elaborar e publicar o decreto regulador da atención temperá en Galicia, que regule todos os aspectos que a conforman de maneira que constitúa o marco a partir do que conseguir unha atención temperá efectiva e de calidade.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Publicación do decreto regulador: si</p> <p>Indicar nome completo e a referencia DOG de publicación: Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá. DOG n.º 244, do 23 de decembro de 2013.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>9.1.3. Desenvolver a Lei orgánica de educación (LOE) no relativo á normativa sobre atención á diversidade, na que se inclúan disposicións específicas sobre a atención temperá na etapa de educación infantil, especialmente no referido ao alumnado de 0-3 anos, primeiro ciclo da atención educativa de educación infantil.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p>Inclusión de contidos específicos de atención temperá e educación infantil na normativa e publicación desta: si</p> <p>A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non ten publicada a normativa específica referida á atención temperá, pero esta atención inclúese na normativa de educación infantil, Decreto 330/2009, do 4 de xuño (DOG 23/06/2009) e Orde do 25 de xuño de 2009 (DOG 10/06/2009); así como no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 21/12/2011).</p> <p>É competencia da dita consellería a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil, que comprende desde os tres aos seis anos de idade. A atención aos nenos e nenas de cero aos tres anos de idade é competencia da Consellería de Traballo e Benestar.</p> <p>Entre as citadas consellerías está establecida unha coordinación interinstitucional, especialmente dirixida para aos nenos e nenas que por diversas circunstancias, xeralmente ligadas a necesidades derivadas de discapacidade, teñen que permanecer máis tempo na oferta de centros e servizos do primeiro ciclo de EI e se incorporan un ano máis tarde aos do segundo ciclo de EI, segundo se establecen os requisitos para ser adxudicatario/a no art. 2 da Orde do 14 de febreiro de 2013 que regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2013-2014 (DOG 20/02/2013).</p> <p>Normativa sobre atención á diversidade na que se inclúan disposicións específicas dobre atención temperá na etapa de educación infantil (segundo ciclo e idades de 3-6 anos).</p> <p>Decreto 299/2011, en relación coa prevención, detección e atención temperá do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, exprésanse as seguintes disposicións:</p> <p>Artigo 4. Principios xerais de actuación, do Decreto 229/2011 establece no apartado 4) que “As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros</p>



Continuación...

9.1.3. Desenvolver a Lei orgánica de educación (LOE) no relativo á normativa sobre atención á diversidade, na que se inclúan disposicións específicas sobre a atención temperá na etapa de educación infantil, especialmente no referido ao alumnado de 0-3 anos, primeiro ciclo da atención educativa de educación infantil.

- ✳ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro”.

Igualmente no artigo 6 establécense entre as actuacións dos centros docentes deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, e garantir un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10-07-2009).

Capítulo IV Atención á diversidade.

Artigo 15.2. Todo o persoal do centro educativo considerará no seu labor a diversidade do alumnado, adaptando todas as súas actuacións e a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo das nenas e dos nenos, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

3. Os centros deseñarán, a través do departamento de orientación, accións e recursos encamiñados á atención temperá e prevención de dificultades de aprendizaxe. Así mesmo, facilitarase a coordinación de cantos axentes interveñan na atención deste alumnado.

Consellería de Traballo e Benestar:

Orde do 14 de febreiro de 2013, pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 anos dependentes desta consellería para o curso 2013-2014.

Artigo 2 establece que “Poderán eximirse do límite dos 3 anos as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente, por petición dos pais ou representantes legais e a través do centro onde soliciten a praza”.

Orzamento destinado:

Obxectivo específico 2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>9.2.3. Avaliar e reorganizar a actividade asistencial dende unha perspectiva de áreas sanitarias con xestión integrada, e centrar toda a actividade sobre as necesidades das persoas usuarias, en función da regulación dos principios e dos marcos de actuación que estableza a publicación do novo decreto regulador da atención temperá en Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✳ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria 	<p>Deseño e posta en marcha do proceso integrado de atención temperá en Galicia: si</p> <p>Describir cambios/reorganizacions, en caso de que se levase a cabo: en fase de elaboración e tramitación da orde que regula o decreto de atención temperá.</p> <p>Orzamento destinado: fondos propios</p>



<p>9.2.5. Crear un equipo técnico de asesoramento, coordinación e seguimento das actuacións relacionadas coa atención temperá unha vez que se aprobe o decreto regulador.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria ✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa 	<p>Actuación non executada porque a norma reguladora se publicou a finais de decembro.</p> <p>Non obstante, está en fase de execución no momento en que se recolle a información relativa ao seguimento 2013 (febreiro de 2014).⁴</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>9.2.6. Deseñar un sistema de soportes común a partir de estándares internacionais para integrar as actuacións dos distintos departamentos administrativos implicados en atención temperá.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria ✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa 	<p>Actuación non executada: en fase de elaboración a orde que regula o decreto de atención temperá, así como do seu proceso asistencial integrado (información facilitada pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria).</p> <p>Segundo información da Secretaría Xeral de Política Social, actuación tamén non executada pendente da posta en marcha do Decreto 183/2013, do 5 de decembro.</p> <p>Prevista a elaboración dun protocolo de actuación conxunto entre os departamentos competentes en materia de educación, sanidade e servizos sociais.⁵</p> <hr/> <p>Orzamento destinado</p>
<p>9.2.7. Deseñar sistemas “interface” entre o Sistema Integrado Galego de Atención á Dependencia–SIGAD e o aplicativo informático do Servizo Galego de Saúde, IANUS, para integrar os diversos sistemas de información.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria 	<p>Actuación non executada.</p> <p>Non obstante, mantivéronse diversas reunións de coordinación entre os dous departamentos administrativos implicados. E nalgún centro hospitalario e centros de atención primaria os/as traballadores/as sociais xa teñen acceso ao SIGAD.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>9.2.8. Informar a sociedade sobre os recursos destinados á atención temperá existentes en Galicia: localización, horario de atención ao público, servizos que prestan, programas que desenvolven, profesionais...</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria ✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa 	<p>Actuación non executada</p> <p>Pendente da posta en marcha do Decreto 183/2013 do 5 de decembro, xa que nesa información están implicadas as 3 consellerías: Sanidade, Educación e Traballo e Benestar, polo que a partir da constitución do Consello Autonómico de A. T. se podería adoptar esta actuación, de forma coordinada entre os 3 departamentos da Xunta de Galicia.</p> <p>(Información facilitada pola Secretaría Xeral de Política Social).</p> <p>Dirección de Asistencia Sanitaria: execución incompleta: en proceso de elaboración do Proceso Asistencial Integrado de atención temperá para uniformar a asistencia e garantir a equidade e a calidade.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>

⁴ No momento en que se edita este informe de resultados, están constituídos os órganos colexiados creados polo Decreto 183/2013 do 5 de decembro: o Consello Autonómico de Atención Temperá, creado o 10 de marzo de 2014, e a Comisión Técnica da Atención Temperá, creada o 24 de marzo de 2014.

⁵ No momento en que se edita este informe de resultados, están constituídos os órganos colexiados creados polo Decreto 183/2013 do 5 de decembro: o Consello Autonómico de Atención Temperá, creado o 10 de marzo de 2014, e a Comisión Técnica da Atención Temperá, creada o 24 de marzo de 2014.



Obxectivo específico 3. Desenvolver unha rede de recursos de atención temperá.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>9.3.1. Consolidar e reforzar a rede de unidades de desenvolvemento infantil e apoio á familia (UDIAF), coa creación de novas unidades para procurar unha atención temperá integral e de calidade, e poderanse desenvolver concertos/convenios coas entidades de iniciativa social provedoras de servizos sociosanitarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral de Política Social 	<p>N.º previsto de unidades ao inicio de 2013: 2</p> <p>N.º de unidades reais en funcionamento: 2</p> <p>N.º de persoas atendidas na anualidade de referencia: 257</p> <p>Mulleres: 81</p> <p>Homes: 176</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 200.000,00 €</p>
<p>9.3.2. Consolidar e reforzar os dispositivos existentes no sistema sanitario para procurar unha atención temperá integral e de calidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria 	<p>Medidas de consolidación e reforzamento: si</p> <p>Os centros están consolidados e mantéñense todos os programas asistenciais na actualidade.</p> <p>Descrición dos programas asistenciais en activo: sen dato</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: recursos propios</p>
<p>9.3.3. Consolidar e reforzar os dispositivos existentes no sistema educativo para procurar unha atención temperá integral e de calidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa 	<p>A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na procura dunha atención educativa desde a prevención e atención temperá, sigue reforzando e consolidando os servizos educativos complementarios nos centros de ensinanza.</p> <p>Como recursos persoais conta cos seguintes (que se ocupan das principais atencións de prevención e atención temperá a todo o alumnado que o necesite):</p> <ul style="list-style-type: none"> - docentes con atención directa ao alumnado, - profesionais que integran os 390 departamentos de orientación dos centros de ensinanza de educación infantil e primaria de Galicia, - 4 equipos de orientación específicos provinciais. <hr/> <p>Orzamento destinado: incluído na partida orzamentaria xeral para os gastos de funcionamento dos centros de ensinanza, capítulos I e II.</p>
<p>9.3.4. Planificar e desenvolver un programa de accións formativas específicas por colectivos e/ou integrais, relacionadas co desenvolvemento infantil, coa prevención de necesidades e coa atención temperá.</p> <ul style="list-style-type: none"> Secretaría Xeral de Política Social Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa 	<p>Datos facilitados pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa:</p> <p>Por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a través dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado, desenvólense a través de distintas modalidades de formación accións formativas recollidas no Plan Anual de Formación do profesorado, dirixidas a todo o profesorado da Comunidade Autónoma.</p> <p>Na maioría das accións formativas inclúense módulos de formación, que, con carácter xeral, tratan temas de prevención e atención temperá de necesidades en materia de desenvolvemento infantil, discapacidade e para dar as atencións educativas específicas que se necesiten, desde o momento no que se detecten as necesidades no alumnado. Non obstante, ata o momento, non se desenvolveron accións formativas específicas sobre atención temperá.</p> <p>A continuación infórmase das accións formativas específicas sobre atención á diversidade do alumnado, atención do</p>



	<p>alumnado con necesidades educativas especiais e escola inclusiva, relacionadas todas elas coa prevención e atención temperá de necesidades específicas que requiren de apoio educativo.</p> <p>Dirección de asistencia Sanitaria: non execución, por non contemplarse en 2013</p> <p>N.º Actividades formativas: 79</p> <p>Congresos e xornadas. 3</p> <p>Cursos: 21</p> <p>Grupos de Traballo: 28</p> <p>Seminarios: 21</p> <p>Plan formación permanente do profesorado: 6</p> <p>O nome completo das actividades formativas realizadas en 2013 figura ao final da táboa.**</p> <p>Orzamento destinado: D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa: 99.096,14 €</p>
<p>9.3.5. Promover accións formativas no ámbito universitario e proxectos de fin de grao sobre materias específicas relacionadas co desenvolvemento infantil, a prevención de necesidades e a atención temperá.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p>N.º de acción formativas (desenvolvemento infantil, a prevención de necesidades e a atención temperá):</p> <p>UDC: 1</p> <p>USC: 1 (Máster en Avaliación e Atención Temperá)</p> <p>N.º de persoas formadas: 24 mulleres.</p> <p>N.º de proxectos de fin de grao:</p> <p>UDC: 1</p> <p>USC: sen dato</p> <p>Uvigo: a normativa de plans de estudo é pechada e non permite inxerencia dende o exterior nestes.</p> <p>Orzamento destinado:</p>

**** Continuación da actuación 9.3.4 (nome completo das actividades formativas realizadas en 2013)**

1. Xornada: II Xornada de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade. Centro Autonómico Formación e Innovación (CAFI)
2. Encontro: I Encontro de atención á diversidade desde os departamentos de orientación e o equipo de orientación específico (CFR-LU)
3. Congreso: II Encontros de atención á diversidade desde os departamentos de orientación e os equipos de orientación específicos (CFR-CO)
4. Curso: A aprendizaxe cooperativa na aula para a atención á diversidade (CAFI)
5. Curso: A posta en práctica da acción tutorial (CAFI)
6. Curso: Creación e adaptación de xogos, xoguetes e materiais multisensoriais para persoas con necesidades específicas de apoio educativo(Centro de Formación e Recursos, Coruña–CFR-CO)
7. Curso: Aproximación ás salas de estimulación multisensorial. (CEE María Mariño–CFR-CO)
8. Curso: A atención á diversidade desde a titoría de educación infantil e primaria (CFR-CO)
9. Curso: A tecnoloxía e a atención á diversidade (CFR-CO)
10. Curso: Adaptación do currículo, do grao elemental en música, para o alumnado con necesidades educativas especiais (CFR-CO)
11. Curso: As novas tecnoloxías como recurso para o profesorado de apoio (CFR-LU)




12. Curso: As TIC no desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo-NEAE (CFR-LU)
13. Curso: O centro e a biblioteca como factor de desenvolvemento da diversidade (CFR-OU)
14. Curso: A diversidade e o éxito escolar (CFR-OU)
15. Curso: Habilidades comunicativas para o docente con programación neurolingüística-PNL (CFR-OU)
16. Curso: A mediación escolar e o servizo de mediación no centro educativo (CFR-OU)
17. Curso: A aprendizaxe cooperativa na aula para a atención á diversidade (CFR-PO)
18. Curso: A lingua de signos, nivel I. Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas por discapacidade auditiva (CFR-PO)
19. Curso: A lingua de signos, nivel II. Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas por discapacidade auditiva (CFR-PO)
20. Curso: Atención na aula ao alumnado con NEE. A diversidade na aula (CFR Vigo, PO)
21. Curso: Sensibilización, fundamentos e principios da aprendizaxe cooperativa. Atención á diversidade, escola inclusiva (CFR Vigo, PO)
22. Curso: Sensibilización, fundamentos e principios da aprendizaxe cooperativa. Atención á diversidade, escola inclusiva (CFR Vigo, PO)
23. Curso: Principios fundamentais e principios da aprendizaxe cooperativa. Atención á diversidade, escola inclusiva (CFR Vigo, PO)
24. Curso: Necesidades educativas do alumnado con TXD, TDAH e discapacidade sensorial auditiva (CFR Vigo, PO)
25. Seminario: A música, a danza, o gravado e o teatro como sistemas de comunicación. Colexio de Educación Especial María Mariño da Coruña (CFR-CO)
26. Seminario: Estratexias de intervención para o alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade-TDAH (CFR-CO)
27. Seminario: Recursos para a integración do alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento (CFR-CO)
28. Seminario: Traballo por competencias e intelixencias múltiples (CFR-CO)
29. Seminario: Ler para comprender. Educación infantil e primeiro ciclo de primaria (CFR-CO)
30. Seminario: Estratexias de intervención para o alumnado con TDAH (CFR-CO)
31. Seminario: Elaboración de material en lingua de signos española (CFR-LU)
32. Seminario: Alumnado con condutas disruptivas: Estratexias de intervención (CFR-OU)
33. Seminario: Aplicación da lingua de signos-CEE Príncipe Felipe (CFR-PO)
34. Seminario: Do verbal ao xestual. Lingua de Signos Española-LSE (CEE de Vilagarcía CFR-PO)
35. Seminario: Os sistemas alternativos de comunicación-SAC na educación infantil (EEI Vagalume – CFR-PO)
36. Seminario: Recursos para favorecer a atención á diversidade (CFR-Vigo, PO)
37. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: consolidación da aprendizaxe cooperativa (CEIP Chano Piñeiro. CFR-Vigo, PO)
38. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: consolidación da aprendizaxe cooperativa (CEIP Neira Vilas. CFR-Vigo, PO)
39. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: xeneralización da aprendizaxe cooperativa (CEIP Alexandre Bóveda CFR-Vigo, PO)
40. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: introdución da aprendizaxe cooperativa (CEIP Humberto Juanes CFR-Vigo, PO)
41. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: consolidación da aprendizaxe cooperativa (CEIP Pino Manso CFR-Vigo, PO)
42. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: introdución da aprendizaxe cooperativa (CEIP Plurilingüe Ría de Vigo CFR-Vigo, PO)
43. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: xeneralización da aprendizaxe cooperativa (CEIP de Laredo CFR-Vigo, PO)
44. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: xeneralización da aprendizaxe cooperativa (IES de Tomiño CFR-Vigo, PO)
45. Seminario: Atención á diversidade, escola inclusiva: a linguaxe de signos (CFR-Vigo, PO)
46. Grupo de Traballo: Material manipulable e tecnoloxías da información e comunicación (TIC) para alumnado con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento TXD (CAFI)



47. Grupo de Traballo: Mellora da atención á diversidade. Plan de atención á diversidade (CAFI)
 48. Grupo de Traballo: Dinamización da páxina web do centro desde o punto de vista organizativo e curricular (Colexio de Educación Especial Nosa Sra. do Rosario da Coruña (Xordos) CFR-CO)
 49. Grupo de Traballo: Tecnoloxías para a estimulación sensoriomotriz (Colexio de Educación Especial Ntra. Sra. de Lourdes ASPRONAGA CFR-CO)
 50. Grupo de Traballo: Uso de recursos tecnolóxicos que facilitan a atención á diversidade (CFR-CO)
 51. Grupo de Traballo: Materiais para alumnado con necesidades educativas especiais (CFR-CO)
 52. Grupos de Traballo: Distintas metodoloxías de traballo en E. I. para atender á diversidade (CFR-CO)
 53. Grupo de Traballo: Materiais para alumnado con necesidades educativas especiais (CFR-FE)
 54. Grupo de Traballo: Actividades en formato LIM (CFR-CO)
 55. Grupo de Traballo: Aplicación do EDI e o seu software nas NEE (CFR-CO)
 56. Grupo de Traballo: Traballando por proxectos: o universo (CFR-CO9)
 57. Grupo de Traballo: Uso das TIC no departamento de orientación (CFR-CO9)
 58. Grupo de Traballo: Uso de recursos tecnolóxicos que faciliten a atención á diversidade (CFR-CO9)
 59. Grupo de Traballo: Elaboración de recursos educativos para o encerado dixital interactivo (CFR-CO9)
 60. Grupo de Traballo: Educación Comprensiva. Xogos Comprensivos (CFR-CO)
 61. Grupo de Traballo: Aproximación ás TIC a través da web BLOGUE en E. I. 8CFR-CO)
 62. Grupo de Traballo: Mellorando as adaptacións curriculares individualizadas. E para comezar Lugo (CFR-LU)
 63. Grupo de Traballo: Recursos educativos para a atención á diversidade (CFR-LU)
 64. Grupo de Traballo: Aprendizaxe cooperativa como metodoloxía de aula (CFR-PO)
 65. Grupo de Traballo: Cara a unha nova metodoloxía de aprendizaxe cooperativa na aula e no centro (CFR-PO)
 66. Grupo de Traballo: Atención á diversidade, escola inclusiva: introdución na aprendizaxe cooperativa (IES Terra de Turonio CFR-Vigo, PO)
 67. Grupo de Traballo: Traballando a inclusión na aula (CFR-Vigo PO)
 68. Grupo de Traballo: Atención á diversidade, escola inclusiva: introdución á aprendizaxe cooperativa (CEIP A Paz Tintureira CFR-Vigo, PO)
 69. Grupo de Traballo: Atención á diversidade, escola inclusiva: consolidación da aprendizaxe cooperativa (CEIP de Sobrada (CFR-Vigo, PO)
 70. Grupo de Traballo: Atención á diversidade, escola inclusiva: introdución na aprendizaxe cooperativa (CEIP A Guía. CFR-Vigo, PO)
 71. Grupo de Traballo: Unha proposta de modelo organizativo de centro no contexto do século XXI: multiculturalidade e atención á diversidade (CFR-Vigo, PO)
 72. Plan de formación permanente para o profesorado CEE María Mariño 2012/2013 CFR-CO
 73. Plan de formación permanente para o profesorado (PFPP): Curso de formación para coñecer as características básicas dos trastornos máis habituais que está a presentar algún alumnado do CEIP de Lourido (CFR-PO)
 74. Plan de formación permanente para o profesorado (PFPP): Ferramentas e estratexias que permitan ao profesorado o traballo dentro da aula dunha maneira efectiva e integradora (CEIP de Lourido. CFR-PO)
 75. Plan de formación permanente para o profesorado (PFPP): Introdución da aprendizaxe cooperativa na aula e no centro (IES de Ponte Candelas PO, CFR-PO)
 76. Plan de formación permanente para o profesorado (PFPP): Xeneralización e consolidación do programa CA/AC (CPI O Toural PO, CFR-PO)
- Plan de formación permanente para o profesorado (PFPP): Continuación coa xeneralización e consolidación do programa CA/AC (CEIP Manuel Cordo Boullosa PO, CFR-PO)

**RESUMO:**

- Segundo a información dispoñible, en 2013 rexistrouse actividade en seis das sete medidas programadas para a dita anualidade na área 9 –“Atención temperá”–, o que supón o **85,71%** de actividade. A actuación non executada foi a 9.2.7
- Se se considera o resto de actuacións reincorporadas ao seguimento da anualidade 2013 (actuacións 9.1.2, 9.2.3, 9.2.5, 9.2.6 e 9.2.8) por non executarse en anualidades anteriores, dirase que se rexistrou actividade en oito actuacións dun total de 12 sobre as que se levou a cabo o seguimento 2013 (**66,67%**), xa que non tiveron tampouco actividade as actuacións 9.2.5, a 9.2.6 e a 9.2.8.

Gráfico 9. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 9

Fonte: Elaboración propia.

ÁREA 10. CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER

A área de Cultura, Deporte e Tempo de lecer conta cun total de 31 actuacións (10,2 % do conxunto) no período 2010-2013, co que se sitúa entre as cinco áreas do plan con maior número de medidas.

A finalidade das súas actuacións é promover a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como o seu adestramento, formación e recursos en igualdade de condicións que as demais persoas.



De maneira máis concreta, coas actuacións programadas para o período 2010-2013 búscase darlles consecución a tres obxectivos:

1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.
2. Fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer normalizadas.
3. Impulsar a práctica deportiva por parte das persoas con discapacidade.

En 2013, estaba previsto o desenvolvemento de **22 actuacións**.

Os departamentos responsables das actuacións desta segunda anualidade son: 1) Secretaría Xeral de Cultura (antes Dirección Xeral de Libro, Bibliotecas e Arquivos); 2) Secretaría Xeral de Política Social; 3) Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; 4) Secretaría Xeral para o Turismo; 5) Secretaría Xeral para o Deporte.



Na táboa que segue infórmase dos resultados das actuacións desta área.



ÁREA 10. CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER

Obxectivo específico 1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e tempo de lecer.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>10.1.2. Avaliar as necesidades de adaptación das instalacións destinadas a actividades culturais, deportivas e de tempo libre titularidade da Xunta de Galicia para proceder á eliminación das barreiras arquitectónicas e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ✿ Secretaría Xeral de Cultura ✿ Secretaría Xeral para o Deporte 	<p>Actuación non executada</p> <p>D. X. de Xuventude e Voluntariado: non se realizou unha avaliación neste ámbito por falta de orzamento. Non se prevén, a curto prazo, proxectos de obras de adaptación nesta materia.</p> <p>Secretaría Xeral de Cultura: todas as bibliotecas públicas son accesibles desde hai anos. Non é necesario adaptar ningún edificio ou espazo, xa que no seu día foron deseñados cumprindo as demandas que ao respecto (acceso de persoas con mobilidade reducida) existían naquel momento (2004).</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>10.1.4. Promover a incorporación de criterios de accesibilidade nas ordes de axudas tanto para obras e instalacións coma para as actividades culturais e de tempo de lecer.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Cultura ✿ Secretaría Xeral para o Deporte ✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado 	<p>N.º de ordes de axudas que conteñen criterios de accesibilidade: 5 (2 da Secretaría Xeral de Cultura, 1 da D. X. de Xuventude e Voluntariado e 2 da S. X. para o Deporte).</p> <p>Convocatorias e criterios de accesibilidade que inclúen:</p> <p>Secretaría Xeral de Cultura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Convocatoria 1. Orde 20-05-2013, pola que se establecen las bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo FEDER, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG n.º 103 do 31-05-2013). - Convocatoria 2. Orde do 14 de xuño 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro, para o equipamento e mellora dos seus locais, cofinanciadas polo FEDER, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG n.º 121 do 27-06-2013). <p>En ambas as dúas convocatorias, no criterio “finalidade do investimento”, aqueles investimentos relacionados coa supresión de barreiras arquitectónicas teñen a máxima puntuación (5 puntos)</p> <p>D. X. de Xuventude e Voluntariado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Orde do 11 de abril de 2013 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria. (DOG n.º 75, do 18 de abril de 2013). <p>S. X. para o Deporte:</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de condicións de acceso ás axudas DGAN dos deportistas olímpicos e paralímpicos. - Na convocatoria 2014 das axudas por Patrocinio Grupo I para a tempada 13/14, introdúcese un criterio que valora positivamente a participación en competicións para as persoas con discapacidade. - Na convocatoria de axudas a entidades deportivas 2013, establécese un número mínimo de 3 puntos para obter a axuda aos clubs de deportistas con discapacidade en lugar dos 5 puntos mínimos que deben obter o resto de clubs. <p>Orzamento destinado: 650.000,00 € (S. X. de Cultura). 727.900,00 € (D. X. de Xuventude e Voluntariado). Sen dato da S. X. para o Deporte</p>
<p>10.1.5. Informar, sensibilizar e concienciar os axentes culturais, deportivos e de lecer para facilitar o acceso das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e/ou recreativas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Cultura ✿ Secretaría Xeral para o Deporte ✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado 	<p>D. X. de Xuventude e Voluntariado: N.º de programas en radio (sensibilización e concienciación): 3</p> <p>Contratación de 10 monitores/as de integración para axudar ás persoas participantes con discapacidade nos campamentos de integración da Campaña de Verán.</p> <p>Secretaría Xeral de Cultura: non hai campañas divulgativas da programación cultural que estean orientadas á sensibilización e/ou concienciación.</p> <p>S. X. para o Deporte: implantación, na plataforma de recursos para unha vida activa e saudable Galicia Activa (https://galiciactiva.xunta.es) dun criterio de selección de instalacións e recursos adaptados.</p> <p>Inclusión, no deseño da Plataforma de Eventos de Galicia Saudable (implantada no 2014 pero deseñada no 2013), dun criterio de “actividade inclusiva”, para coñecer a realidade dos eventos deportivos realizados en Galicia neste sentido e poder actuar en consecuencia.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>10.1.7. Incluír nas probas de aptitude de guía de turismo contidos en materia de discapacidade, en termos de accesibilidade, características e necesidades das persoas con discapacidade, en función da tipoloxía desta.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Axencia Turismo de Galicia 	<p>Actuación non executada Falta de orzamento e á espera da publicación do novo Decreto de guías de turismo.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>10.1.8. Incluír un módulo básico de deporte adaptado nos cursos de formación de profesionais técnicos do deporte.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral para o Deporte 	<p>N.º horas de formación sobre deporte adaptado, por curso: sen dato</p> <p>N.º total de cursos de formación na anualidade de referencia con módulo básico de deporte adaptado:</p> <p>N.º total de persoas formadas: sen dato</p> <p>Mulleres:</p> <p>Homes:</p> <p>Contidos do módulo de deporte adaptado (título dos</p>



	<p>temas): sen dato</p> <p>Nota da S. X. do Deporte: o bloque común correspondente a esta formación é competencia da Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Orde EDU/3186/2010 do 7 de decembro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva, aos que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007 do 24 de outubro).</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>10.1.9. Convocar un premio que propoña solucións para a mellora da accesibilidade en turismo.</p> <p>✿ Axencia Turismo de Galicia</p>	<p>Actuación non executada debido a insuficiencia orzamentaria.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>10.1.12. Incluír nas subvencións orientadas ao sector empresarial turístico as melloras na accesibilidade dos establecementos turísticos: apoio ao investimento de mellora das condicións de supresión das barreiras á discapacidade física, visual, auditiva, intelectual e orgánica.</p> <p>✿ Axencia Turismo de Galicia</p>	<p>N.º total de proxectos subvencionados: 81</p> <p>N.º de proxectos de accesibilidade subvencionados: 24</p> <p>Indicar o nome dos proxectos de accesibilidade subvencionados:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Accesibilidade con rampla exterior e aseo de persoas con discapacidade, Casa do Queixo de Grixalba, SL (Sobrado) 2. Accesibilidade o xardín con sendeiros, José Fajardo, SI (Boiro) 3. Accesibilidade xardín e aparcadoiro, Casa Barreiro, SL (Ordes) 4. Rampla acceso persoas con discapacidade, Restaurante Parrillada Torres, CB (Burela) 5. Ramplas de acceso, Fonte Saúde II (Baralla) 6. Adaptación 4 dormitorios para que sexan accesibles, Ponte Ribeira, SL (Sarria) 7. Substitución bañeiras por duchas, Hotel Mogay (Chantada) 8. Aseo adaptado na zona de comedor e rampla acceso ao local, Burixes, SL (Lourenza) 9. Accesibilidade entrada principal, Cehosga inversiones y servicios, SL (Ourense) 10. Substitución de bañeiras por duchas, Hosteleros Herves Blanco, SL (Pontevedra) 11. Accesibilidade para persoas con mobilidade reducida baños, Bodegas Terras Gauda, SA (O Rosal) 12. Mellora accesibilidade baños, Hotel Silken América (Vigo) 13. Melloras Accesibilidade, Os Barcos (Poio) 14. Actividades dirixidas a grupos e colectivos con discapacidade, Amare Turismo Náutico, SL (Illa de Arousa) 15. Vestiarios adaptados para persoas con discapacidades, Club Náutico de Portonovo (Sanxenxo) 16. Equipamento para permitir a practica do xogo a persoas

Continuación...

10.1.12. Incluir nas subvencións orientadas ao sector empresarial turístico as melloras na accesibilidade dos establecementos turísticos: apoio ao investimento de mellora das condicións de supresión das barreiras á discapacidade física, visual, auditiva, intelectual e orgánica.

✿ Axencia Turismo de Galicia

- con discapacidade, Real Aero Club de Santiago, SA (Ames)
- 17. Grúa adaptadas a visitantes discapacitados, Club náutico deportivo de Riveira (Ribeira)
- 18. Rutas interpretativas no Parque Nacional das Illas Atlánticas para público en xeral e persoas con discapacidade, Oftefor, CB (Vilagarcía de Arousa)
- 19. Campionato vela clase paralímpica (embarcacións adaptadas), Monte Real Club de Yates (Baiona)
- 20. Paquetes turísticos pensados para ofertar a calquera persoa e colectivo con discapacidade en condicións de igualdade, Viaxes Zonda, SL (Vigo)
- 21. Promoción e comercialización do destino Galicia, produto Viatlántica, dirixido a colectivos con certa discapacidade, Buján y Alvarez, SL (Cambados)
- 22. Promoción e comercialización destino Galicia , os paquetes presentan ofertas accesibles a persoas e colectivos con discapacidade, Tee Travel, SL (Vilagarcía).
- 23. Ruta en barco polo río Miño no catamarán Estelas, accesible para persoas con mobilidade reducida, Viajes Mundo Galaico (Lugo).
- 24. Promoción e comercialización do destino Galicia, os aloxamentos elixidos nos paquetes cumpren os requisitos de accesibilidade, as actividades son accesibles tamén a persoas con mobilidade reducida agás ruta Bike Park e vehículo de traslado tamén adaptado, Viajes Luamar, SA (Vigo).

Ver nota ao final da táboa *

Orzamento destinado especificamente a proxectos de accesibilidade: 206.139,23 €

As subvencións de infraestruturas (TU983M) e Axencias (TU983J) están concedidas provisionalmente (Resolución provisional) falta a resolución definitiva de concesión.

Obxectivo específico 2. Fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer normalizadas.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>10.2.1. Continuar co deseño e desenvolvemento de proxectos de turismo accesible, de espazos libres de barreiras e obstáculos aberto a todas as persoas.</p> <p>✿ Axencia Turismo de Galicia</p> <p>Actuación programada no plan para 2010; executada no seu momento e retomada neste informe 2013, por información adicional do departamento en cuestión no apartado de "actuacións de nova incorporación".</p>	<p>Medida leva a cabo: convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora da accesibilidade dos recursos turísticos da provincia de Pontevedra</p> <p>Persoas destinatarias: persoas con calquera tipo de discapacidade</p> <p>Resultados: a mellora foi levada a cabo nos concellos do Grove, Ribadumia, Meis, Meaño, Vilagarcía, Illa de Arousa e Sanxenxo.</p> <p>Orzamento destinado: 145.000,00 €</p>
	<p>N.º de convenios coas entidades: 7</p> <p>Nome e descrición dos convenios e entidades</p>



<p>10.2.2. Darlles continuidade e, se é o caso, mellorar ou ampliar as actuacións deportivas e de tempo de lecer levadas a cabo polas entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade mediante convenios coa Consellería de Traballo e Benestar.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social 	<p>implicadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 4.4.4 Convenio de colaboración da Consellería de Traballo e Benestar con Autismo Galicia (1 convenio). • Convenio de colaboración da Consellería de Traballo e Benestar con Cogami (1 convenio). • Convenio de colaboración da Consellería de Traballo e Benestar con Fegadace (1 convenio). • Convenio de colaboración da Consellería de Traballo e Benestar con Fademga (1 convenio; inclúe Special Olympics). <p>N.º de actividades financiadas: 73 N.º total de persoas con discapacidade participantes: 5417* Mulleres: 2438 Homes: 2979 *Por non dispoñibilidade do dato desagregado por sexo, neste número non se contemplaron as 510 persoas beneficiarias do Programa de atención a persoas con discapacidade e as súas familias (Cogami). N.º de persoas beneficiarias total: 5927</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 290.749,29 €</p>
<p>10.2.3. Manter as prazas dirixidas a persoas con discapacidade nos programas de campamentos de verán e de turismo social.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado 	<p>N.º total de prazas de <u>campamentos</u> convocadas:</p> <p><u>Da S. X. de Política Social:</u> 166* Integración: 36 Específicas: 130 N.º total de persoas con discapacidade participantes: 135 Mulleres: 48 Homes: 87</p> <p><u>Da D. X. de Xuventude e Voluntariado:</u> 8192 N.º de prazas convocadas por modalidade: N.º total de persoas participantes nos campamentos: 7037 N.º de prazas vacantes: 1155 N.º total de persoas con discapacidade participantes: 299</p> <p>N.º de prazas de <u>turismo social</u> convocadas: 603 (só persoas maiores de 60 anos). N.º total de persoas con discapacidade participantes: 0 (en 2013 non se convocaron prazas para persoas con discapacidade).</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: S. X. de Política Social: 41.800 € (campamentos específicos, os de integración son a cargo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado) D. X. de Xuventude e Voluntariado: 78.290,00 €</p>

<p>10.2.4. Establecer como concepto subvencionable nas convocatorias de axudas e subvencións dirixidas a actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer a mellora e a adaptación de equipamentos e axudas técnicas das instalacións culturais, deportivas e de lecer que posibiliten a participación activa das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none">• Secretaría Xeral de Política Social• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado• Secretaría Xeral de Cultura• Secretaría Xeral para o Deporte	<p>N.º de convocatorias nas que se inclúe este concepto subvencionable: 2</p> <p>Porcentaxe do total de axudas e subvencións destinado á mellora da accesibilidade: 15 %</p> <ul style="list-style-type: none">• Convocatoria 1. A indicada no punto 10.1.4• Convocatoria 2. A indicada no punto 10.1.4 <p>LIBRO: nos expedientes de contratación para a asistencia ás feiras do libro as instalacións están predeterminadas e cumpren todos os requisitos de adaptación establecidos.</p> <p>BIBLIOTECAS: nos expedientes de contratación de equipamentos de bibliotecas non se inclúen ningunha cláusula ou condición dese tipo, pola natureza do equipamento. En canto ao cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, as bibliotecas públicas de Galicia como tales edificios públicos cumpren coa normativa establecida.</p> <p>Nota: datos facilitados pola S. X. de Cultura.</p> <p>Orzamento destinado: orzamento total das convocatorias: 650.000,00 € Orzamento destinado á adaptación de equipamentos e axudas técnicas: 95.000,00 €</p>
<p>10.2.5. Garantir unha cota de participación dun 7 % para persoas con discapacidade nas actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, das entidades públicas ou das entidades privadas subvencionadas con fondos públicos, que faga posible o acceso a actividades comunitarias e específicas, e promover a autonomía e a elección das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none">• Secretaría Xeral de Política Social• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado• Secretaría Xeral de Cultura• Secretaría Xeral para o Deporte.	<p>D. X. de Xuventude e Voluntariado: a reserva de cotas para persoas con discapacidade implica a dotación de persoal específico de apoio en todas as actividades abertas a este colectivo. As prazas reservadas na campaña 2013 (recollidas na actuación 10.2.3) non acadou o 7% por falta de orzamento.</p> <p>Para a campaña 2014 prevese abrir todos os campamentos da campaña de verán a persoas con discapacidade, de xeito que poderán optar por participar no procedemento xeral, como calquera outro solicitante, ou por un procedemento específico de prazas reservadas para inclusión.</p> <p>S. X. de Cultura: non se contempla este campo nas estatísticas.</p> <p>S. X. para o Deporte: o programa XOGADE é un programa con participación aberta de forma que se garante a participación do 100% de persoas con discapacidade que así o desexen.</p> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>10.2.6. Permitir, de maneira progresiva, o acceso gratuíto do/a acompañante (coidador/a, monitor/a, familiar...) da persoa con discapacidade, que precise do dito apoio, ás instalacións e actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.</p> <ul style="list-style-type: none">• Secretaría Xeral de Cultura• Secretaría Xeral para o Deporte	<p>S. X. de Cultura: non existe ningunha limitación no acceso ás bibliotecas públicas de acompañantes de persoas con discapacidade.</p> <p>S. X. para o Deporte: consideración de “grupo con entrada gratuíta con participantes e acompañantes” para colectivos con marcado fin social nas instalacións acuáticas recreativas de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense).</p> <p>Os colectivos que accederon de forma gratuíta (participantes e acompañantes) durante a tempada de verán 2013 foron:</p> <ul style="list-style-type: none">• Asociación autismo Ourense• Asociación autismo Vigo• Special Olympics



<p>10.2.7. Incluir aspectos sobre accesibilidade/ discapacidade na programación cultural.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Cultura 	<p>Orzamento destinado: sen dato</p> <p>Programas nos que se considera a accesibilidade para facilitar a participación das persoas con discapacidade:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Pel de Galiña 2. Tac 3. Magosto no Gaiás <p>N.º de persoas con discapacidade participantes, por sexo: sen dato</p> <p>A venda de entradas non indica se se trata ou non dunha persoa con discapacidade, pero resérvanse os espazos en función do que marca a normativa e o aforo, sinalizando debidamente cada zona.</p> <ol style="list-style-type: none"> 4. Servizo de Biblioteca Accesible: <p>Obxectivo: conseguir que toda persoa con calquera tipo de discapacidade poida acceder á biblioteca e á información que esta ofrece sen dificultades ou obstáculos. Cúmrese deste xeito coa obriga sinalada no Manifesto da UNESCO sobre as bibliotecas públicas:</p> <p>A biblioteca pública presta os seus servizos sobre a base da igualdade de acceso de todas as persoas, independentemente da súa idade, raza, sexo, relixión, nacionalidade, idioma ou condición social. Debe contar ademais con servizos específicos para quen, por unha ou outra razón, non poida valerse dos servizos e materiais ordinarios; por exemplo, minorías lingüísticas, deficientes físicos e mentais, enfermos ou reclusos.</p> <p>O obxecto deste servizo é poñer en valor as bibliotecas como centros que atenden as necesidades da comunidade.</p> <p>**</p> <p>N.º de persoas con discapacidade participantes, por sexo: sen dato.</p> <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
<p>10.2.8. Apoiar a organización e o desenvolvemento de programas e actividades culturais e recreativas que promovan a participación activa das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✿ Secretaría Xeral de Política Social ✿ Secretaría Xeral de Cultura 	<p>Secretaría Xeral de Política Social:</p> <p>“Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Igual Arte, para desenvolver o programa de difusión e celebración dos dez anos da fundación, dirixido a persoas con discapacidade”.</p> <p>Actividades: gravación dun disco de música infantil, realización dunha curtametraxe e actuacións na rúa: un concerto e <i>performance</i> de danza.</p> <p>Número de persoas con discapacidade participantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - realización da curtametraxe: 60 - gravación do disco: 17 - concertos na rúa: 20 persoas do centro ocupacional participaron nas diferentes actuacións. <p>Secretaría Xeral de Cultura: dentro do Servizo de Biblioteca Accesible, ofrécense as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Animación cultural. <p>Contacontos en linguaxe de signos en colaboración coa Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia</p>



	<p>interpretanse contos na linguaxe de signos para persoas que non poden ouvir e en voz alta para o resto de persoas. Deste xeito, tanto ouvintes como non ouvintes se familiarizan con esta linguaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ocio. <p>Xadrez para persoas cegas. Dispónse dun xadrez especialmente deseñado para integrar ás persoas cegas no xogo.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: 6000 €</p>
<p>10.2.9. Facilitar o uso das instalacións propias da Consellería de Traballo e Benestar (albergues xuvenís, campamentos e residencias) fóra da tempada estival para a súa ocupación por parte das entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade, sempre supeditado ás condicións que estableza a Administración (asunción de custos por parte das entidades, póliza para responder de posibles danos que poidan derivarse, non existencia de actividades propias da citada dirección xeral, tramitación administrativa e autorización de Patrimonio...).</p> <p>✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</p>	<p>N.º de solicitudes recibidas: 2</p> <p>N.º de cesións realizadas: 2</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Asociación Galega de Enfermidades Neuromusculares (ASEM) 2. Amencer Aspas <p>N.º de eventos realizados: 1</p> <p>N.º de persoas con discapacidade participantes: 17</p> <p>Mulleres: 5</p> <p>Homes: 12</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: sen custo engadido</p>
<p>10.2.10. Promover a formación de profesionais especializados/as no ámbito cultural, deportivo e do tempo de lecer, a través de ciclos de formación teórico-prácticos, de materias relacionadas co desenvolvemento cultural e artístico, coa práctica deportiva e co tempo de lecer das persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Universidades</p>	<p>UDC:</p> <p>N.º de accións formativas (sobre desenvolvemento cultural e artístico/práctica deportiva/tempo de lecer das persoas con discapacidade): 3</p> <p>N.º de persoas formadas, por sexo: sen dato</p> <p>NOTA: engádese como dato de interese relacionado coa materia obxecto desta actuación os traballos de fin de grao:</p> <p>Nº de traballos de fin de grao: 7</p> <p>Mulleres: 3</p> <p>Homes: 4</p> <p>USC:</p> <p>N.º de accións formativas (sobre desenvolvemento cultural e artístico/práctica deportiva/tempo de lecer das persoas con discapacidade): 1</p> <p>N.º de persoas formadas, por sexo: sen dato</p> <p>Existe a materia de Psicoloxía da Actividade Física e do Deporte, pero non se conseguiron os datos da matrícula.</p> <p>Uvigo: ausencia datos.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>

Obxectivo específico 3. Impulsar a práctica deportiva por parte das persoas con discapacidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p>10.3.2. Xerar unha rede de actores profesionais para o desenvolvemento do Plan para o fomento da actividade física.</p> <p>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</p>	<p>Rede creada: si</p> <p>Entidades adheridas do ámbito da discapacidade:</p> <p>Dentro da rede de actores do Plan Galicia saudable están adheridas as seguintes entidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • ASOCIACION AIXIÑA • SPECIAL OLYMPICS



	<ul style="list-style-type: none"> • FADEMGA FEAPS GALICIA • CLUB DEPORTIVO FADEMGA • Fundación FEDYS • LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA <p>Actividades realizadas en relación coa discapacidade a través da rede: sen dato</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: sen dato</p>
<p>10.3.3. Incluir os e as deportistas con discapacidade nas federacións unideportivas olímpicas e non olímpicas.</p> <p>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</p>	<p>Na maioría dos casos os/as deportistas con discapacidade posúen dúas licenzas, unha da federación de persoas con discapacidade na que se inclúe a súa modalidade e outra da federación unideportiva correspondente.</p> <p>Non se realizaron accións de inclusión nas federacións unideportivas; aínda que se trata dun tema decidido, non se abordou aínda.</p> <p>Non obstante, facilitanse os seguintes datos obtidos das federacións deportivas de persoas con discapacidade física, discapacidade psíquica, e discapacidade auditiva.</p> <p>N.º total de deportistas con discapacidade que se integraron na anualidade de referencia nas federacións unideportivas olímpicas e non olímpicas: 689</p> <p>Mulleres: 227</p> <p>Homes: 462</p> <p>Porcentaxe de deportistas con discapacidade federados sobre o número total de deportistas federados: 0,25%</p> <p>Bolsas a deportistas galegos/as de alto nivel (Degan) en modalidades de deporte discapacidade outorgadas no ano 2013 (correspondentes a resultados de 2012): 11 (de 9 modalidades deportivas).</p> <p>Mulleres: 0</p> <p>Homes: 11</p> <p>Porcentaxe de bolsas outorgadas a deportistas con discapacidade: 6,15%</p> <p>Porcentaxe importe bolsas a deportistas con discapacidade sobre o total concedido: 14,67%</p> <p>Orzamento destinado:</p> <p>Total bolsas DEGAN: 300.000 €</p> <p>A persoas con discapacidade: 44.000 €</p>
<p>10.3.5. Incluir na campaña de comunicación, información e sensibilización sobre a práctica deportiva contidos sobre os beneficios desta para as persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</p>	<p>Actuación non executada</p> <p>En proceso de inclusión no momento en que se elabora este informe.</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>10.3.6. Considerar criterios de accesibilidade/participación para as persoas con discapacidade nas convocatorias de axudas en materia de equipamentos deportivos a concellos, federacións e clubs deportivos.</p> <p>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</p>	<p>N.º de convocatorias de axudas nas que se recollen criterios de accesibilidade: 0</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>



<p>10.3.7. Apoiar as entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de promoción da actividade física saudable a través dunha convocatoria de axudas.</p> <p>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</p>	<p>N.º total de entidades subvencionadas: sen dato Incluíronse os clubs de deporte para persoas con discapacidade de alto nivel de Galicia na convocatoria de patrocinio da Fundación Deporte Galego. Redución de 5 a 3 nos puntos mínimos que estas entidades tiveron que acadar para obter axuda na convocatoria de axudas a entidades deportivas 2013.</p> <p>N.º de entidades subvencionadas que realizan actividades para persoas con discapacidade: 2 CLUB AMFIV CLUB BASKETMI FERROL</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: CLUB AMFIV: 207.727,72 € CLUB BASKETMI FERROL: 11.475,54 €</p>
<p>10.3.8. Incluir na formación dos axentes que interveñen directamente coa poboación escolar no programa Xogade contidos específicos sobre as circunstancias especiais dos nenos e das nenas con algunha discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</p>	<p>N.º de accións formativas previstas nas que se vaian incluír eses contidos: N.º de accións formativas efectivamente realizadas nas que se incluíron eses contidos: Descrición das accións formativas realizadas con estes contidos: N.º de persoas formadas: Mulleres: homes: O bloque común correspondente a esta formación é competencia da Consellería de Educación (Orde EDU/3186/2010, do 7 de decembro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva, aos que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007 do 24 de outubro).</p> <hr/> <p>Orzamento destinado:</p>
<p>10.3.9. Desenvolver o programa Deporte sen barreiras en centros educativos de Galicia.</p> <p>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</p>	<p>A Secretaría Xeral para o Deporte desenvolve nos centros educativos os seguintes programas deportivos sen barreiras incluídos no Plan proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:</p> <ul style="list-style-type: none">- XOGADE- Máis e mellor actividade física- Proxecto deportivo de centro <p>N.º de centros nos que se desenvolveu o programa Deporte sen barreiras: sen dato N.º total de alumnos e de alumnas que participan: sen dato Mulleres/Homes: sen dato N.º de alumnos e alumnas con discapacidade que participa: sen dato Mulleres/Homes: sen dato</p> <hr/> <p>Orzamento destinado: Actividade Xogade: 885.150 € Seguro Accidente Deportivo 6-16: 880.000 € Transporte: 355.640€ Plan Proxecta (Galicia Saudable): 5000 € Total: 2.125.790 €</p>



* Continuación da actuación 10.1.12

As subvencións orientadas ao sector empresarial turístico que inclúen como actuacións subvencionables as melloras na accesibilidade dos establecementos turísticos son as seguintes:

- Resolución do 29 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades privadas para incentivar o turismo mediante a mellora de infraestruturas de establecementos hoteleiros do grupo I, albergues turísticos, empresas de servizos turísticos complementarios e restaurantes na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 88 do 8 de maio de 2013). Actuación subvencionable: **actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (art. 1.3 das bases reguladoras).**

Á parte das actuacións subvencionables existen uns criterios de valoración que serviran de base para a determinación da preferencia na concesión da subvencións:

1) Resolución do 29 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades privadas para incentivar o turismo mediante a mellora de infraestruturas de establecementos hoteleiros do grupo I, albergues turísticos, empresas de servizos turísticos complementarios e restaurantes na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 88 do 8 de maio de 2013): **que o proxecto incida especialmente nas condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (15 puntos) (art. 9.4 das bases reguladoras).**

2) Resolución do 2 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a axencias de viaxe para a promoción e comercialización do destino Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (DOG n.º 90 13/5/2013): **que o paquete turístico presente unha oferta accesible a persoas e colectivos con discapacidade (20 puntos). (art. 9.5 das bases reguladoras).**

3) Resolución do 2 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades privadas para incentivar o turismo mediante a dotación de equipamento para empresas de servizos turísticos complementarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2013 (DOG n.º 90 13/5/2013): **que o investimento comprenda actuacións que fomenten a accesibilidade para persoas e colectivos con discapacidade (25 puntos) (art. 9.1.4.º das bases reguladoras).**

** Continuación da actuación 10.2.7.

Medios ofertados no Servizo de Biblioteca Accesible:

A accesibilidade debe comezar polas infraestruturas: o edificio da biblioteca non ten barreiras arquitectónicas, está dotado con ascensores, e os baños, os mostradores e os espazos están adaptados para permitirilles o acceso ás persoas en cadeiras de rodas.

Ademais, a biblioteca ofrece unha serie de produtos de apoio para posibilitar que as persoas con discapacidade poidan acceder á información sen dificultade:

1. Informáticos.

Ordenadores de sobremesa que contan con periféricos e programas especialmente adaptados a persoas con problemas físicos ou cognitivos. Os periféricos consisten en: 1 rato de bóla xigante, 1 rato de bóla pequena, 1 conmutador tipo botón, 1 rato tipo joystick, 1 rato para queixo con brazo, 1 teclado simplificado de letras grandes e 1 teclado Braille.

Portátiles Netbook.

Todos os aparatos dispoñibles teñen os programas accesibles especiais para persoas con discapacidade.

2. Formación de usuarios.

Dentro do Programa de formación de usuarios incluírase a formación aos grupos interesados no uso do hardware e software accesible.

-Informativos. Colección accesible.

Consiste nunha pequena colección de libros, audiovisuais e documentos electrónicos para colectivos que precisan unha atención diferenciada. Inclúe tamén unha sección infantil.

*Libros de lectura fácil.

Características: libros elaborados para poderen ser lidos e comprendidos por persoas que teñen dificultades lectoras e/ou de comprensión. Empregan unha linguaxe sinxela e concreta, frases breves (evitan o uso de subordinadas, oracións pasivas...), unha orde cronolóxica na narración, un único fío e un desenvolvemento lóxico. En ocasións, o texto acompáñase de breves anotacións para explicar o significado dalgúns vocábulos. Xeralmente trátase de adaptacións de obras famosas. Público ao que se dirixen: persoas xordas de nacemento ou con xordeira precoz, persoas con discapacidade psíquica, inmigrantes recentes.

Persoas con outras doenzas: disléxicas, autistas, afásicas...

*Libros en letra grande.

Características: presentan unha letra máis grande do habitual, con tipografía de 17 puntos (o corpo habitual é o 12). Público ao que se dirixen: persoas maiores, persoas con dificultade de visión.

*Lectura para invidentes.

Características: considéranse tanto os que están escritos en Braille coma os que se editan en formato Daisy (Dixital Accessible Information System), para a conversión de texto a voz. Os dispoñibles agora están en soporte CD e requiren a lectura mediante o programa Daisy que permite, ademais da conversión a audio, a visualización de iconas e textos nun tamaño moito maior. Público ao que se dirixen: invidentes, persoas con dificultades menores de visión.

*Libros temáticos para persoas con discapacidade ou sobre discapacidade. Características: son libros informativos relativos a lexislación sobre persoas con discapacidade, formación laboral, inserción, organizacións, dicionarios en linguaxe de signos etc. Público ao que se dirixen: persoas con discapacidade, familias de persoas con discapacidade, persoas que desenvolven a súa actividade laboral con outras que teñen unha discapacidade.

*Audiolibros.

Características: libros en formato CD ou DVD, non requiren de ningún programa para a súa audición. Público ao que se dirixen: persoas con dificultades de visión, persoas maiores, inmigrantes, persoas sen hábito de lectura, doenzas como afasia, dislexia...

*DVD e vídeos.

Na maioría dos casos obtidos a través da Confederación Nacional de Xordos Españois (CNXE)

*Recursos electrónicos.

Características: CD-ROM multimedia con xogos para persoas con algunha discapacidade cognitiva. Público ao que se dirixen: persoas con discapacidade psíquica, persoas con outras doenzas: autistas, afásicas, asperger...


RESUMO:

- En primeiro lugar, cómpre sinalar que nesta área **non se conta con datos en dúas das actuacións: a 10.1.8 e a 10.3.8**, ambas competencia da Secretaría Xeral para o Deporte. Elimínanse do cómputo global por non dispoñer de datos. Así, en vez de partir das 22 medidas programadas para 2013 na área 10 –“Cultura, deporte e tempo de lecer”– pártese dun total de 20.



- Deste xeito e a partir da información dispoñible, en 2013 rexistrouse actividade en 14 desas actuacións, o que implica un nivel de actividade do **70%**. As **actuacións non executadas** son a: 10.1.2, 10.1.7, 10.1.9, 10.2.5, 10.3.5 e 10.3.6.
- Non obstante, hai que sumarlle á listaxe de actuacións, a 10.2.1, que se retomou en 2013, de forma que o nivel de actividade pasaría a ser do **71,42%**, ao rexistrarse actividade en 15 dun total de 21 actuacións.

Gráfico 10. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 10⁶



Fonte: Elaboración propia.

⁶ Non se contabilizan para o cálculo do grao de actividade as actuacións das que non se dispón de datos, un total de nove, que se refiren no cadro resumo anterior.

5. RESUMO ESTADÍSTICO

GRAO DE ACTIVIDADE POR ÁREA

Esta epígrafe ten como obxectivo resumir os resultados do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia durante o exercicio 2013, en termos de grao de actividade para cada área e para o conxunto do plan. Para iso, diferenciarase entre o “balance programado 2013” e o “balance global 2013”.

Considéranse como actuacións executadas/con actividade todas aquelas que tiveron actividade durante a anualidade de referencia en maior ou menor medida, aínda que non se finalizase e/ou continúen en 2014.

Na táboa 2 inclúese, o **balance programado** que dá conta do número de actuacións desenvolvidas en relación coas que estaban programadas para 2013 no documento público do plan. Neste caso, dun total de 192 actuacións previstas realizáronse, en todo ou en parte, ata 149 actuacións, o que supón unha porcentaxe de execución/actividade do 80,11 %⁷.

Táboa 2. ÁREAS DE INTERVENCIÓN DO PLAN: ACTUACIÓNS PROGRAMADAS, ACTUACIÓNS EXECUTADAS/CON ACTIVIDADE EN 2012 E NIVEL DE ACTIVIDADE. BALANCE PROGRAMADO 2013

ÁREA	N.º actuacións programadas 2013	N.º actuacións sen datos 2013	N.º actuacións con actividade 2013	Nivel actividade 2013 (%)
1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS	7	1	6	100,00 %
2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE	13	1	9	75,00 %
3 ACCESIBILIDADE	33	1	22	68,75 %
4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	29		27	93,10 %
5 EDUCACIÓN	21		19	90,48 %
6 FORMACIÓN E EMPREGO	33	1	25	78,13 %
7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	15		12	80,00 %
8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	12		9	75,00 %
9 ATENCIÓN TEMPERÁ	7		6	85,71 %
10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	22	2	14	70,00 %
TOTAL	192	6	149	80,11 %

⁷ Quedan fóra deste cálculo as 6 actuacións sobre as que non referiron datos os departamentos responsables. É dicir, a porcentaxe da última columna calcúlase sobre a cifra que resulta de restarlle á primeira columna, a segunda.



O **balance global** 2013 (táboa 3) realízase a partir da consideración non só das actuacións programadas, senón tamén doutras actuacións: por un lado, aquelas que estaban programadas para 2011 e/ou para 2012 pero que non se realizaron nesas anualidades, e se incorporaron ao seguimento 2013; e, por outro lado, actuacións non previstas no plan que se levaron a cabo por parte dalgúns departamentos durante 2012 (actuacións de nova incorporación nesa anualidade e que se mantiveron no seguimento 2013) e durante 2013 en beneficio, sobre todo, das persoas con discapacidade; estas tamén se denominaron ao longo do documento “de nova incorporación”). Deste xeito, o número total de actuacións sobre as que se levou a cabo o seguimento sería de 216 (en vez de 192), das que se rexistrou actividade en 169; polo tanto, **20 actuacións máis** ca na situación anterior, sendo o nivel de actividade lixeiramente superior (**80,48 %**)⁸.


Táboa 3. ÁREAS DE INTERVENCIÓN DO PLAN: ACTUACIÓNS PROGRAMADAS, ACTUACIÓNS EXECUTADAS/CON ACTIVIDADE EN 2012 E NIVEL DE ACTIVIDADE. BALANCE GLOBAL 2013

ÁREA	N.º total actuacións 2013	N.º actuacións sen datos 2013	N.º total actuacións con actividade 2013	Nivel de actividade total 2013 (%)
1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS	7	1	6	100,00 %
2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE	13	1	9	75,00 %
3 ACCESIBILIDADE	38	1	27	72,97 %
4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	29		27	93,10 %
5 EDUCACIÓN	25		23	92,00 %
6 FORMACIÓN E EMPREGO	38	1	29	78,38 %
7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	18		15	83,33 %
8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	13		10	76,92 %
9 ATENCIÓN TEMPERÁ	12		8	66,67 %
10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	23	2	15	71,43 %
TOTAL	216	6	169	80,48 %

⁸ Quedan fóra deste cálculo as 6 actuacións sobre as que non referiron datos os departamentos responsables.

Os gráficos 11 e 12 permiten observar con máis claridade os niveis de actividade acadados nos dous supostos antes descritos (balance programado e balance global).


Gráfico 11. PORCENTAXE DE ACTUACIÓNS CON ACTIVIDADE EN 2013 EN CADA ÁREA E PARA O CONXUNTO DO PLAN



Fonte: Elaboración propia.



Gráfico 12. PORCENTAXE DE ACTUACIÓNS CON ACTIVIDADE EN 2013 EN CADA ÁREA E PARA O CONXUNTO DO PLAN, POR ORDE DECRECENTE DO SEU VALOR PORCENTUAL



Fonte: Elaboración propia.

PERSOAS BENEFICIARIAS. DISTRIBUCIÓN POR SEXO

O Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 cursou en 2013 con actividade nun total de 169 actuacións. Destas, unha parte incluía como indicador de resultados o número de persoas beneficiarias/usuarias/participantes por sexo, pero outra parte importante non recolle este indicador, debido á súa propia natureza e obxectivo, e á necesidade de priorizar outros indicadores.

Con base nese grupo de actuacións e na información facilitada polos departamentos implicados na súa execución, extráese unha **estimación** das persoas beneficiarias e da súa distribución por sexo; por un lado, das persoas con discapacidade e, por outro lado, do resto de colectivos beneficiarios, como son os e as profesionais do sector, o alumnado das universidades, familiares e persoas titoras, as persoas cuidadoras etc.

Entre o colectivo de persoas con discapacidade directamente beneficiarias das actuacións, obtense que foron mulleres nun 54,27% dos casos, malia que sería interesante unha análise segundo a tipoloxía ou a natureza da actuación para detectar diferenzas por sexo, de forma que non sempre se atopa o predominio do sexo feminino. En relación co resto de persoas beneficiarias, a porcentaxe de mulleres é aínda maior, arredor dun 58,73%.

Táboa 4. ESTIMACIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS BENEFICIARIAS PARA O TOTAL DAS ÁREAS (SEGUNDO CATEGORÍA)

PERSOAS BENEFICIARIAS	TOTAL	Mulleres	Homes
		%*	%*
